Resolución da Presidencia, do 16 de outubro de 2024, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Consello relativo á expedición e as normas técnicas das credenciais de viaxe dixitais baseadas en documentos de identidade [COM (2024) 671 final] [2024/0248 (CNS)] {SWD (2024) 670 final} {SWD (2024) 671 final}

-12/UECS-000018 (13394)
Consulta do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Consello relativo á expedición e as normas técnicas das credenciais de viaxe dixitais baseadas en documentos de identidade [COM (2024) 671 final] [2024/0248 (CNS)] {SWD (2024) 670 final} {SWD (2024) 671 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 13394, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa a Proposta de regulamento do Consello relativo á expedición e as normas técnicas das credenciais de viaxe dixitais baseadas en documentos de identidade [COM (2024) 671 final] [2024/0248 (CNS)] {SWD (2024) 670 final} {SWD (2024) 671 final}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010 e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, aos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPG-pNhkBlW7X-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043
Data 11/10/2024 16:21

OFICIO

Asunto: remisión de documentación

Remítolle **"proxecto da Estratexia Galega de Acción Exterior 2024-2028"**, solicitando que se remita aos grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia, aos efectos de que dispoñan do mesmo antes da comparecencia que realizará o director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea o próximo día 16 de outubro ante a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

Santiago de Compostela,

O Secretario Xeral Técnico,

(Documento asinado dixitalmente)

Francisco Javier Abad Pardo

Sr/Sra. Presidente/a da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

CSV: BOPSDBCQ-pdWK-BTAGFX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 11/10/2024 16:21:01

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

XUNTA DE GALICIA

MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO, CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dous de setembro de dous mil vinte e catro adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"De acordo co establecido no do artigo 9 da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, acordase a modificación do título do proxecto da Estratexia galega de acción exterior 2024-2028, na que se realizan as necesarias adaptacións temporais e lingüísticas do texto e se incorpora un anexo cos datos estatísticos actualizados, e a continuación da súa tramitación.

Así mesmo, de conformidade co artigo 12 da citada lei, acórdase volver remitir o proxecto da Estratexia galega de acción exterior 2024-2028 ao Parlamento de Galicia para o seu pronunciamento consonte o artigo 142 do Regulamento do Parlamento de Galicia."

E para que conste asino a presente, co visto e prace do Sr. presidente, en Santiago de Compostela, o dous de setembro de dous mil vinte e catro.

Vº. e Prace
O Presidente

CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA * XUNTA DE GALICIA

CSV: BOPARLDOC-n0WAKJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

XUNTA DE GALICIA

Estratexia galega de acción exterior (EGAEX) [2024-2028]

CSV: BOPRSDBOG-h0AHkJ7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

CONSELLERIA DE HACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
XUNTA DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

XUNTA DE GALICIA

Contenido

0. Limiar 4

1. Un novo marco: A Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia (LACEX) 6

2. Balance da acción exterior galega 9

3. A Estrategia española de acción exterior (EÑAEX), Estratexia europea, ODS e Galicia 12

4. Unha acción exterior reticular a prol da eficiencia 26

5. Axentes e actores galegos da acción exterior: coordinación, cooperación, colaboración perfeccionada (C^3+) 30

6. Ámbitos sectoriais da acción exterior 38

6.1 Reactivación económica e enfoque *Next Generation* 52

6.1.A. Estratexia macroeconómica exterior 52

6.1.B. Estratexia microeconómica exterior: exportacións e expedicións de bens e servizos, investimentos no exterior e captación de investimentos 55

6.1.C. Turismo e acción exterior 70

6.1.D. Sector primario 83

6.1.E. Selo-País no exterior 101

6.2 Cultura, educación e universidades 105

6.3 Galeguidade e poboación 108

7. Cooperación para o desenvolvemento 116

7.1. Ámbitos estratéxicos 120

7.2. Prioridades xeográficas 121

7.3. Prioridades transversais 122

7.4. Colectivos prioritarios 125

7.5. Capacidades e axentes galegos de cooperación 126

7.6. Marco de resultados de xestión do V PD 127

7.7. Marco orzamentario 134

8. Ámbitos xeográficos e institucionais 134

8.1 Portugal e países da lusofonía 135

8.2 Unión Europea e Estados da UE 151

8.3 Europa extra-UE 166

8.3.A Reino Unido 166

CSV: BOPRSDBOG-b0WKBTDCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

XUNTA DE GALICIA

8.3.B Restantes Estados europeos fóra da UE 169
8.4 Iberoamérica: Brasil e Hispanoamérica. 170
8.4.A. Brasil 170
8.4.B. Hispanoamérica 181
8.5 Norteamérica 185
8.6 Norte de África e bacía sur do Mediterráneo 186
8.7 África subsahariana: África lusófona e Guinea Ecuatorial 186
8.8 Oriente Medio, Asia-Pacífico e outras áreas xeográficas 187
9. Intersección de prioridades sectoriais e xeográficas: prevalenza e concentración.....189

CSV: BOPRSUBBCnbWAHJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
HACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

0. Limiar

Galicia ten personalidade de seu e como tal debe presentarse no mundo. Presentarse dun xeito proactivo, amosando o que somos e o que podemos ofertar como pobo e como cultura.

Somos un pobo aberto, cunha economía non autárquica e cunha sociedade disposta a acoller novas achegas. Formamos parte dun proxecto dinámico e en permanente andaina, como é o proceso de construción europea, xunto co resto de España e máis de Portugal dende o 1 de xaneiro de 1986.

Grazas a ese fito histórico do ingreso nas Comunidades Europeas, as relacións entre Portugal e Galicia mudaron de xeito radical. Logo de vivir de costas mesmo dende antes da proclamación da República Portuguesa en 1910 e durante a trasfega das ditaduras ibéricas, a incorporación ás Comunidades Europeas posibilitou a consecución dun novo fito, como foi a constitución da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal en 1991.

Habería que se remontar aos tempos previos a D. Afonso Henriques durante o século XII para atopar tanta sintonía no espazo herdeiro da vella Gallaecia romana. Nin sequera durante a Unión das coroas ibéricas, comprendida entre 1580 e 1640 baixo os Austrias, a sintonía entre os pobos daquela orixinaria Gallaecia foi tan fértil como o é hoxe. Nada disto sería posible sen a cobertura democrática de Europa e do seu bo facer no camiño de convivencia entre os pobos do vello continente.

Somos unha cultura perfectamente definida pola nosa lingua xenuína, herdeira do latín, polo noso dereito civil e polas nosas institucións consuetudinarias, entre outros diversos trazos identitarios. Somos fillos da historia, mais tamén podemos superar o seu presunto determinismo. Esta segunda Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX) pretende afianzar o vieiro iniciado en 2018 coa primeira EGAEX. Hoxe, contamos por fortuna con sólidos alicerces legais, chantados sobre a *Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia*.

CSV: BOPGIS0BOG-pwWkF7fCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Esta Lei de Acción Exterior (*LACEX*, no que segue) é plenamente constitucional e posúe un amplo eido de aplicación, que nos habilita mesmo para participar en negociacións internacionais tendentes á sinatura de tratados. Tal avance e outros que se incorporan nese texto legal, son dunha natureza cuasi estatutaria e permítennos compaxinar a lealdade constitucional coa lexítima ambición internacional a prol de Galicia.

Nada está escrito no porvir. O peto da COVID nas nosas portas así o acreditou. A primeira EGAEX bateu con ela e coas súas réplicas, trastocando por completo os escenarios previstos, tanto para nós como para os actores foráneos cos que pensabamos concertar máis intensas canles de cooperación. Despois, a invasión da Ucraína por orde do Presidente ruso, vén xerar toda unha sucesión de fenómenos que impactan na nosa realidade, mutando os plans e programas previos e obrigándonos a improvisar outros para minorar os perniciosos efectos da guerra.

O fenómeno pandémico amosoulle a todos que a mundialización non é un recurso retórico. A mundialización forma parte xa da nosa cotiá existencia a todos os niveis. As cadeas de subministración tronzaron de súpeto. Os Estados amosaron as súas feblezas e limitacións, o que reforzou a convicción de que cumpría mellorar a cooperación e a coordinación, singularmente dentro da Unión Europea. O chamado "intre hamiltoniano", que alumeou o xurdimento do plan *Next Generation* de recuperación da economía e a emisión internacional de débeda europea mancomunada para financialo, foi se cadra a máis nidia expresión deste xigantesco avance integrador en Europa. Logo, vista a despiadada invasión rusa da Ucraína, hai un amplo consenso europeo sobre a necesidade de intensificar os esforzos a prol dunha política europea de defensa, que mesmo empurrou a países fondamente neutrais como Suecia ou Finlandia a se integrar na Organización do Tratado do Atlántico Norte. Paradoxos da historia, xa que os nacionalistas galos tronzaron en 1954 o nacemento da Comunidade Europea de Defensa coa inestimable axuda do PCF a instancia de Stalin.

Porén, a EGAEX (2024-2028) ten que se adaptar a este novo entorno mundial e europeo. Trátase dunha Estratexia de país, non só da Administración autonómica, e nin sequera do conxunto das Administracións Públicas galegas. O plural e diverso corpo social galego

CSV: BOPRSDBOG-b0AWkJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

tamén posúe o seu protagonismo nela. O Consello galego de Acción Exterior (CAEX) ten por iso a súa importancia na definición da mesma. Un CAEX integrado polos axentes sociais, polo sistema universitario de Galicia (SUG), polo Consello da Cultura Galega (CCG), por entidades da sociedade civil, entre outros membros, que contribúe en conxunto a realizar un mellor diagnóstico e fixar un axeitado abano de obxectivos para o lustro por diante.

Gallaecia fulget, como axeitadamente salientou o cincocentos aniversario da creación da nosa primeira universidade, e Galicia debe proseguir refulxindo de hoxe en diante. Estamos en disposición para amosarlle ao mundo que aquí, onde conflúen as culturas lusitana e hispánica, proxectadas en América e noutros continentes, hai no seu cerne unha cultura de seu, un pobo e un espírito colectivo que teñen moito que ofertar e que demandan en troques máis cooperación en todos os eidos humanos.

1. Un novo marco: A Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia (LACEX)

A LACEX naceu da visión consubstancial a unha oportunidade. A oportunidade que se abriu co reprantexamento da acción exterior española grazas ás novas leis de Acción Exterior[1] e de Tratados[2].

Con esas leis consúmase e positivízase a evolución na esexese do artigo 149.1.3ª da Constitución, que ten sido espectacular: "*El Estado tiene competencia exclusiva sobre las siguientes materias: ... Relaciones internacionales.*" Non é só que o Tribunal Constitucional fose mudando paseniñamente a interpretación sobre que entender por "*relaciones internacionales*", senón sobre todo que se foi asumindo que o Estado non é simplemente a Administración Xeral -ou Central- do Estado (AXE), porque as Comunidades Autónomas (CC.AA) son Estado tamén e configúrano dun novo xeito. Superouse definitivamente daquela a interpretación rigorista marcada inicialmente pola Sentencia 154/1985, de 12 de novembro (BOE nº 283, de 26 de novembro de 1985), contra o Decreto 120/1982, de 5 de outubro, da Xunta de Galicia (DOG nº 22, de 23.X.1982, polo que se crea o Instituto Galego

1 *Ley 2/2014, de 25 de marzo, de la Acción y del Servicio Exterior del Estado.*

2 *Ley 25/2014, de 27 de noviembre, de Tratados y otros Acuerdos Internacionales.*

CSV: BOPRSDBOG-pA4kB7DCZx-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

de Bacharelato a Distancia –INGABAD), e mesmo a interpretación máis flexible ofertada pola Sentencia 165/1994, do 26 de maio (BOE nº 151, de 25.VI.1994), sobre a representación autonómica en Bruxelas.

Esta concepción do Estado só pode funcionar se hai unha lealdade recíproca, das CC.AA. cara á AXE e desta cara aquelas. Na esfera internacional, esa lealdade debe ser máis forte e directa que noutros planos, porque os restantes Estados e Organizacións Internacionais (OO.II.) son lexítimos acredores dunha interlocución non condicionada por eivas domésticas na formación da vontade estatal, igual que nós a esiximos dos restantes actores internacionais públicos, tal como sinala a Convención de Viena sobre o Dereito dos Tratados.

Galicia quixo aproveitar esa oportunidade e facelo sen dobreces nin con intencións espurias. Así llo fixeron saber e entender os responsables galegos aos representantes das relacións internacionais españolas. Como consecuencia deste leal proceder e da leal cooperación entre as dúas partes, foi posible a aprobación da *Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia* (*LACEX*), e o seu inmediato despregue sen ter acudido ao Tribunal Constitucional. Desta maneira, a nosa Comunidade Autónoma pode xa artellar a súa acción exterior coas máximas garantías xurídicas e institucionais.

O Capítulo I do Título II da LACEX preceptúa como cómpre materializarse a EGAEX. Nos seis artigos do devandito Capítulo detállase a natureza da mesma e o procedemento a seguir.

O artigo 9 da LACEX establece que "*A acción exterior galega programarase periodicamente por lustros nun documento estratéxico denominado Estratexia galega de acción exterior (Egaex), que prelacione os obxectivos a longo prazo, tanto materiais coma xeográficos, e ordene e rexa as diversas iniciativas sectoriais na materia, dotándoas de congruencia e coherencia, aproveitando as súas complementariedades e velando pola eficiencia no uso dos recursos públicos, co obxecto de maximizar os retornos socioeconómicos, demográficos e culturais para a comunidade autónoma.*"

Esta programación ten logo un horizonte temporal superior ao dunha lexislatura ordinaria, precisamente porque a política pública da acción exterior debe estar por riba dos naturais

CSV: BOPARG-h4WAkJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

vaivéns electorais e concitar o maior respaldo social e político posible, pero sobre todo porque a imaxe e valoración dun país no exterior sempre transcende das cotiás diverxencias domésticas. Os países serios, solventes e fiables adoitan ser mellor acollidos por potenciais socios foráneos que os que mudan cada pouco de orientacións básicas, porque as relacións de confianza mutua custan moito esforzo en fraguar, e pola contra poden estragarse axiña sen remisión.

O lexislador tamén nos esixe facer prelación dos obxectivos exteriores a longo prazo porque onde todo é prioritario realmente nada é prioritario. O tempo e os recursos son limitados, e impiden atender todo aquelo que podemos querer ou soñar. Por iso hai que acudir aos ordinais antes que aos cardinais á hora de fixar verdadeiras prioridades.

Dalgún xeito o lexislador xa nos axuda a priorizar, por canto ao se pronunciar sobre ámbitos xeográficos comeza aludindo á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e á lusofonía -Título IV da LACEX-, e posteriormente á UE e ao resto da Europa -Título V-, ficando daquela despois os restantes ámbitos. A elección do lexislador ten toda a súa lóxica, tanto social e cultural como económica. Así as cousas, por dar unha referencia ben gráfica, durante o que vai de século XXI, Galicia está vendendo bastante máis a Portugal que a todo o continente americano. Consonte co IGE, abonden como mostra estes datos de expedicións a Portugal –cuns dez millóns de habitantes- e de exportacións a Arxentina e ao Brasil –con máis de 250 millóns de habitantes entre ambos países- (datos en miles de euros):

Ano	Portugal	Arxentina	Brasil
2000	1.419.182,6	39.616,1	27.763,3
2001	1.677.522,1	34.957,7	49.280,7
2002	1.674.929,0	37.481,2	53.026,2
(...)			
2018	3.133.993,1	166.033,7	174.657,9
2019	3.260.953,5	62.886,1	125.631,5
2020	2.729.242,1	62.323,8	78.589,4

Nin que dicir ten que a acción exterior de calquera país non debe estar exclusivamente predeterminada polo comercio nin por outros parámetros económicos illados, pero estes

CSV: BOPRSDBOG-b4WkB7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

tampouco deben ser ignorados por canto son esenciais para a bonanza e o desenvolvemento de mellores indicadores socio-culturais.

A LACEX obríganos pois a mellorar na priorización entre as iniciativas da acción exterior. Esta priorización debe servir como guía ou faro para todos os suxeitos da acción exterior previstos no seu artigo 7, e subsidiariamente para aqueles do sector privado previstos no artigo 8. A razón deste proceder resulta obvia: só deste xeito podemos obter un meirande impacto e unha maior eficiencia no exterior, considerando a escala de Galicia como actor internacional. Negar esta evidencia só serviría para consumo interno e sería estéril cara fóra. Un bo exemplo a considerar podería ser a promoción das nosas universidades públicas se non se aliñan e coordinan, indo cada unha pola súa conta e competindo entre elas para captar talento e financiación de fóra. Financiación vía iniciativas da UE ou doutros fornecedores de recursos, tanto públicos como privados, caso de grupos empresariais que contraten proxectos de investigación.

2. Balance da acción exterior galega

Cómpre salientar que dende o arranque deste século, e acelerándose durante os últimos anos, Galicia triplicou as súas exportacións anuais, pasando de pouco máis de 8.000 millóns de euros a superar os 27.000 millóns e gozando xa dunha taxa de cobertura superior ao 100% dende 2007, e mesmo tendo atinxindo preto do 130%. Sirva de referente máis achegado no tempo que até durante o terceiro trimestre de 2022, a taxa de crecemento das exportacións galegas superou á do conxunto de España (30% para Galicia fronte ao 24,6% para toda España). Daquela precisamos do exterior para compensar as limitacións do mercado doméstico, constrinxido polo estancamento e avellentamento da nosa poboación, e para desta maneira acelerar o retorno en mellores condicións dos nosos concidadáns e intensificar a atracción de alóctonos que nos axuden a transformar a nosa economía consonte cos obxectivos do Plan de Recuperación para Europa, logo do impacto da COVID-19 e do instrumento *NextGenerationEU*.

Dende 2017 superamos xa o listón dos 20.000 millóns de euros anuais en exportacións, acadando un reto absoluto polo de agora, superando outro outeiro máximo con 25.269

CSV: BOPARLAMENTO-DG-PARLAMENTO-DE-GALICIA-2024-10-11-13:30:00
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

millóns de euros durante 2021 e ademais cun saldo positivo na balanza comercial galega de 5.154 millóns de euros. Isto implica que en pouco máis de quince anos duplicamos as nosas vendas fóra de España, principalmente de produtos industriais. Asemade o turismo vén gañando protagonismo económico durante este século, transformando o noso tecido sociolaboral, á par que outros servizos que ocupan profesional e laboralmente á meirande parte do noso pobo.

Isto demostra que a colaboración público-privada no exterior dá vizosos froitos. Plans de longo percorrido como o *FOEXGA* -Fomento da Exportación Galega- e ferramentas como a *Estratexia 21-25 de internacionalización de Galicia* perseveran neste vieiro e fan moi verosímil o obxectivo de acadar antes de finais de 2025 as 8.000 empresas exportadoras e superar os 25.000 M€ anuais en exportacións.

Tamén resulta estratéxica a promoción dos produtos amparados por Denominación de Orixe e Indicacións Xeográficas Protexidas. En relación a esta materia, no ano 2023 efectuouse unha actividade de promoción exterior en Zúrich e México co fin de dar a coñecer os produtos de calidade diferenciada, onde Galicia conta con 36 selos que representan a mais de 27.000 produtores e de 1.000 industrias. Para iso cóntase cunha previsión orzamentaria de 500.000 euros e cun impacto previsto de máis de 100 expositores, cun concepto multisectorial que pretende dar a coñecer as posibilidades produtivas do sector primario galego.

Ademais no eido do turismo, e sempre considerando os datos recompilados polo IGE, a evolución ate o estoupido da pandemia en 2020, mantivo unha relevante medra até 2019 incluído, considerando as estadías en establecementos hoteleiros, aloxamentos rurais, apartamentos turísticos e campamentos como parámetros principais de avaliación.

No turismo, a complicidade estratéxica entre actores públicos e privados demostra igualmente que esta resulta indispensable para mellorar en todas as ordes, en especial considerando que Galicia posúe un modelo de atracción de viaxeiros radicalmente diferenciado do predominante no resto de España, fortemente chantado historicamente no modelo *desarrollista* de sol e praia.

CSV: BOPGIS0BOC-p0AWkJ7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

CONSELLERIA DE HACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA * XUNTA DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Outro indicador a considerar para ponderar a acción exterior galega pode ser o relativo aos movementos migratorios. Aquí, contra o acontecido nos pasados séculos, agora experimentamos un saldo migratorio positivo, a prol de Galicia, dado que consonte co IGE, respecto aos movementos poboacionais cara e dende fóra de España[3] os resultados foron dende 2010 (número de persoas):

2010: 4.708
2011: 4.530
2012: 432
2013: -2.471
2014: 85
2015: 1.380
2016: 4.949
2017: 7.209
2018: 13.015
2019: 17.857
2020: 8.408
2021: 11.197

Isto implica que se non fose pola capacidade que xa temos para atraer poboación e para integrala axeitadamente, padeceríamos máis perda natural de poboación a causa do

3 E o saldo poboacional co resto de España foi consonte co IGE:

Ano	Saldo
2010	1.939
2011	278
2012	814
2013	-362
2014	-2.364
2015	-2.154
2016	-1.924
2017	-526
2018	-624
2019	-110
2020	6.208
2021	3.251

CSV: BOPGDSBOG-p0AWkJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

comportamento do noso propio saldo vexetativo, dado que morren máis galegos residentes cás crianzas nadas na nosa Terra e que esa brecha vai medrando dende hai décadas. Eis, Galicia precisa abrirse á inmigración e xerar máis e mellores oportunidades económicas para os que han ser algún día novos concidadáns e para gañar xente nova, precisamente grazas aos mellores datos do noso comercio exterior. Nesta dinámica positiva a prol da inmigración ten un rol relevante a *Estratexia Retorna*, que desenvolveu o previsto no punto 264 da EGAEX de 2018.

Porén, considerando estes eidos -taxa de cobertura positiva e crecente do comercio exterior, bo comportamento do turismo dende que o IGE posúe datos de seu, e por riba máis inmigración que emigración, moita daquela de orixe galega-, entre outros que cabería citar, podemos afirmar sen dúbida alguna que a relación de Galicia co exterior resulta nidiamente positiva. Onde hai cifras sobran os adxectivos. Un país autárquico ou pechado nunca logrará avanzar asentado nun entorno aberto ao mundo como é o da Unión Europea. Doutra maneira poderíase dicir que non se pode ser xenuinamente galego sen ser europeo e, por conseguinte, cunha mentalidade a prol da internacionalización e da mundialización.

3. A Estrategia española de acción exterior (EÑAEX), Estratexia europea, ODS e Galicia

Tanto na EÑAEX'2015 como na vixente EÑAEX (2021-2024) existe un núcleo fundamental de converxencia merecente de ser salientado, maiormente por ser análogo baixo o pulo de dous gobernos de distinta cor, baixo a dirección no Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación (MAEUEC) do ministro García-Margallo e da ministra González Laya.

O devandito núcleo salienta a aposta de España por ser membro activo do proceso de construción europea cun obxectivo estratéxico de país:

EÑAEX'2015	EÑAEX (2021-2024)
La Unión Europea es nuestra vocación natural, la mejor manera de hacer a España más próspera y segura. Por eso,	*España impulsará una Unión Europea más federal. Para ello serán fundamentales en primer lugar la implementación activa*

CSV: BOPARLDIGCHAWAKBTDCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

España debe contribuir activamente a la construcción de una unión cada vez más estrecha, entre los pueblos de Europa. (...) *El destino final del proceso de construcción europea es la unión política, una Europa federal – los Estados Unidos de Europa -, y no simplemente una unión de estados soberanos. Este proceso debe hacerse por fases o por etapas, pero el objetivo final debe definirse con claridad cuanto antes.* (páx. 61)	*del Plan de Recuperación para Europa y el nuevo presupuesto de la Unión, así como la culminación de la unión económica y monetaria, el impulso de la Europa social y el Pacto Verde Europeo y la gestión coordinada de las fronteras. Pero España aspira a ir más allá.* *A nivel instrumental, España impulsará el reforzamiento de las competencias de la Unión y el paso de la unanimidad a la mayoría cualificada en un mayor número de ámbitos a través de las cláusulas pasarela, como manifestación concreta del objetivo de alcanzar una Unión cada vez más estrecha.* (páx. 66)

Xa non só por obriga, senón por vocación e devezo, Galicia comparte este destino común, sabendo que nin sequera nos documentos de carácter estratéxico da UE esa orientación figura dun xeito tan nidio e taxativo. Neste senso, Galicia está indefectiblemente e sen ningún tipo de condicionante co Goberno de España nesta liña directriz.

A opción estratéxica por unha Europa plenamente integrada resulta básica para Galicia. Todos os matices que se queiran apostillar son consubstanciais ao Estado de Dereito e ao xogo democrático que só nel se pode desenvolver, pero apreciamos que a corrente maioritaria do pobo galego rexeita o illamento de España e da propia Galicia no concerto europeo, e ademais desexa que a integración atinxa máis eidos, dende o social ata o fiscal e dende o da defensa ata a acción exterior europea, entre outros igualmente salientables.

Esta arela e degoiro pola unidade de Europa foi consolidándose en Galicia dende 1986, superando escasos episodios de eurofobia moi delimitados. Lembremos que o proxecto de Constitución europea acadou entre os votantes galegos un respaldo superior ao 85% no referéndum celebrado en 2005. Logo da pandemia fica claro que os obstáculos e continxencias que se nos poidan presentar no porvir son máis levadeiros ficando unidos,

CSV: BOPGI-DOC-hqWAKJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

mesmo porque a UE tamén ten e terá que encarar competidores sistémicos máis fortes e compactos que, por riba, non comparten os nosos valores democráticos e sociais. Asemade, a invasión da Ucraína por orde de Vladimir Putin, demostra outra volta que o lema da UE, "*Unida na diversidade*", ten que reafirmase a diario e refrendarse de maneira cotiá pola nosa cidadanía.

Pero é que, ademais, a congruencia e compatibilidade entre as EÑAEX'2015 e de 2021-2024, teñen moitos máis puntos de engarce, que a nosa EGAEX debe respectar e tamén complementar dende unha perspectiva nidiamente galega:

EÑAEX'2015	EÑAEX (2021-2024)
El fomento de instituciones multilaterales fuertes y legítimas. *El multilateralismo no es un fin de la política exterior. Es un medio para conseguir objetivos superiores de esa política como son un mundo en paz, próspero, en el que se protejan los derechos básicos del ser humano y se fomente un desarrollo compatible con la cohesión social y la preservación del medio ambiente.* (pág. 47-48)	*Impulso de un "Mejor Multilateralismo" que explote el carácter nodal y vertebrador de nuestro país como facilitador de una mejor gobernanza global y gestión de la interdependencia;* ... *Ser catalizadores de un multilateralismo más integrado, eficaz y reforzado, que reforme y adapte sus instrumentos a las necesidades de nuestra época y centre su acción en la consecución de la Agenda 2030.* (pág. 8) *Más allá de la acción individual de la ciudadanía y de los gobiernos, se necesita una gestión colegiada y responsable de los bienes públicos globales a través de un multilateralismo reforzado y renovado, máxime cuando asistimos a una nueva carrera por la colonización nacional de los últimos espacios vírgenes: los polos, los océanos, el aire; incluso el espacio exterior.* (pág. 22)

CSV: BOPRSDBOG-p04ATB7GZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
HACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

EÑAEX'2015	EÑAEX (2021-2024)
La promoción, en la Comunidad Internacional, de sistemas políticos democráticos basados en el Estado de Derecho, es un reflejo, casi natural, en la política exterior de nuestro modelo constitucional. (pág. 51)	*La promoción de los derechos humanos, la democracia, la seguridad, el feminismo y la diversidad como referentes de la acción de España en el mundo.* (pág. 38)

EÑAEX'2015	EÑAEX (2021-2024)
La pobreza afecta a más de 2.200 millones de seres humanos. Es el principal problema del mundo y de él derivan gran parte de los problemas que enfrenta la humanidad. Por poner sólo un ejemplo, la inmigración irregular se alimenta fundamentalmente de personas que huyen de la pobreza en sus países de origen. (pág. 52)	*España impulsará la construcción en el plano global de un nuevo contrato social e intergeneracional, sobre la base de la Agenda 2030 y el pleno desarrollo de los derechos políticos, sociales, económicos y medioambientales. El crecimiento de las desigualdades y de la precariedad laboral y la reducción de las oportunidades están alimentando el populismo y el proteccionismo. Además de abordar las desigualdades ex post, a través de la redistribución, hay que hacerlo ex ante, en los sistemas educativos, en los mercados laborales, en los sistemas de salud, en la infraestructura y en la exposición a riesgos medioambientales. Este nuevo contrato social pondrá especial énfasis en la erradicación de la pobreza en todas sus dimensiones (ODS 1), la promoción de los derechos sociales y económicos (ODS 2-7), educativos (ODS 4), laborales (ODS 8), la reducción de las*

CSV: BOPGIS0BOG-p0AWkJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

	desigualdades (ODS 10) y la responsabilidad medioambiental (ODS 11-15), así como en el fomento de la paz, la justicia y la solidez institucional (ODS 16). (pág. 50)
EÑAEX'2015	EÑAEX (2021-2024)
La defensa del medio ambiente, la protección de la biodiversidad y la lucha contra el cambio climático. Los retos medioambientales son, además, esenciales para alcanzar un desarrollo social y económico sostenible. *La política exterior debe tener entre sus objetivos la defensa del medio ambiente y la lucha contra el cambio climático, para contribuir así a la consecución de bienes públicos globales que, por su propia naturaleza, competen a toda la Comunidad Internacional. Son retos globales y sólo pueden encontrar una respuesta adecuada en ese ámbito.* (pág. 56)	*La defensa de un planeta más sostenible, habitable, resiliente y verde, en el que aspiramos a estar a la vanguardia en materia de diplomacia climática, gestión del medio ambiente, transición energética, preservación y restauración de la biodiversidad, lucha contra la desertificación y promoción de la salud global.* (pág. 8) *Se impulsará un diálogo reforzado sobre acción climática, medioambiente, conservación de la biodiversidad y desarrollo sostenible, a través de la interlocución bilateral y sectorial (empresarial, económica) y mediante el impulso a políticas verdes. La cooperación al desarrollo dará una mayor cabida a la dimensión de sostenibilidad, para garantizar que el progreso económico y social es respetuoso con la preservación de la riqueza medioambiental de América Latina. También se hará especial hincapié en el fortalecimiento institucional, con atención a las necesidades y posibles mejoras de los sistemas de administración local.* (pág. 47)

CSV: BOPRSDBOG-pdWkBTDCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

EÑAEX'2015	EÑAEX (2021-2024)
Preservar la paz y la seguridad internacionales debe ser el primer objetivo de la comunidad internacional. Nada puede lograrse sin ese bien supremo, por lo que debe ser la preocupación permanente del sistema multilateral, y de todos los actores internacionales, sean o no estatales. (pág. 47)	*El mantenimiento de la paz y la seguridad internacionales es un requisito fundamental sin el cual ningún desarrollo y progreso son posibles. Como tal, nuestra acción exterior prestará especial atención a las cuestiones de paz, seguridad y defensa, desde una concepción holística e integral de la seguridad humana y la dignidad de las personas.* (pág. 40) *Se fomentará la participación de las militares en operaciones de paz, y se trabajará para reconocer el papel de las mujeres, promoviendo su efectiva mediación en los procesos de paz y protegiéndolas frente a la violencia sexual que afecta fundamentalmente a mujeres y niñas en escenarios bélicos, en línea con la resolución 1325 (2000) del Consejo de Seguridad de las Naciones Unidas.* (pág.44)

EÑAEX'2015	EÑAEX (2021-2024)
La Estrategia de Seguridad Nacional señala la política exterior como uno de los campos prioritarios de actuación para preservar la seguridad de España y sus ciudadanos. Ello deriva de un doble	*Impulsar la Política Exterior y de Seguridad Común (CFSP) y la Política Común de Seguridad y Defensa (CSDP)* (pág. 71) *El espacio de libertad, seguridad y justicia es un pilar esencial del proyecto europeo.*

CSV: BOPARG-b0WAKJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

convencimiento: los límites entre seguridad interior y exterior se han difuminado hasta hacerse casi irreconocibles, y la seguridad de los españoles empieza en ocasiones muy lejos de nuestras fronteras. (pág. 71)	*España invertirá todos los esfuerzos para reforzar la eficacia de los mecanismos de cooperación policial y judicial para garantizar la libre circulación de personas recogida en el acervo Schengen, que es uno de los principales logros del proceso de construcción europea. Se impulsará una reforma del Sistema Europeo de Migración y de Asilo bajo el principio de solidaridad y reparto equitativo de la responsabilidad, que tenga en cuenta las problemáticas de los Estados miembros con frontera exterior de la Unión. Por último, España pondrá un mayor énfasis en la cuestión del reto demográfico y la despoblación rural a nivel europeo.* (pág.69)

EÑAEX'2015	EÑAEX (2021-2024)
La promoción y defensa de los intereses de los españoles en el exterior es un objetivo fundamental de la política exterior. Más de dos millones de españoles residen fuera de nuestras fronteras y alrededor de diez millones se desplazan al exterior cada año. (pág. 72)	*La labor consular se erige como uno de los pilares fundamentales tanto de la acción exterior como de la política exterior de España. Nuestro país debe garantizar una protección y asistencia consular de calidad a su ciudadanía cuando se encuentra fuera del país, y corresponde a la red de Misiones Diplomáticas y Oficinas Consulares de España la coordinación de las actuaciones en este ámbito.* (pág.84)

CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CSV: BOPRSDBOG-pdf/AAHJ7/0CZX-7

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

EÑAEX'2015	EÑAEX (2021-2024)
La realidad americana no puede comprenderse sin la presencia española, y la identidad española no se puede entender sin su bagaje iberoamericano. Esa relación históricamente estratégica constituye un activo extraordinariamente importante para España y para todos los países de la Comunidad Iberoamericana de Naciones. (pág. 67)	*Es imprescindible apostar por la Conferencia Iberoamericana y el sistema de Cumbres, reforzando mediante acciones y compromisos el sentimiento de pertenencia a una misma comunidad que comparte valores y principios (identidad cultural y lengua).* (pág.47)

Como se pode apreciar, o cerne estratéxico básico de España cara ao exterior mantense con independencia dos cambios de Goberno e dos matices que se desexen salientar dentro da lexítima e indispensable diferencia partidaria. É nese cerne no que a acción exterior autonómica ha ter un referente que non deberá transgredir, pero fóra del a autonomía -compatible coa lealdade constitucional- poderá desenvolver as particularidades discrecionais que decidan no noso caso as institucións públicas galegas e, nomeadamente, a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia previa consulta ao noso Parlamento e aos actores da nosa sociedade civil á hora de planificar e programar.

Marco europeo da acción exterior

O marco estrutural europeo no que encadrar a EGAEX ven delimitado inicialmente polos preceptos determinantes para a acción exterior no Dereito primario da Unión:

Artículo 2 TUE

La Unión se fundamenta en los valores de respeto de la dignidad humana, libertad, democracia, igualdad, Estado de Derecho y respeto de los derechos humanos, incluidos los derechos de las personas pertenecientes a minorías. Estos valores son comunes a los Estados miembros en una sociedad caracterizada por el pluralismo, la no discriminación, la tolerancia, la justicia, la solidaridad y la igualdad entre mujeres y hombres.

CSV: BOPRSDBOCnpWAKBTWCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Artículo 3 (antiguo artículo 2 TUE)

1. *La Unión tiene como finalidad promover la paz, sus valores y el bienestar de sus pueblos. (...)*

5. *En sus relaciones con el resto del mundo, la Unión afirmará y promoverá sus valores e intereses y contribuirá a la protección de sus ciudadanos. Contribuirá a la paz, la seguridad, el desarrollo sostenible del planeta, la solidaridad y el respeto mutuo entre los pueblos, el comercio libre y justo, la erradicación de la pobreza y la protección de los derechos humanos, especialmente los derechos del niño, así como al estricto respeto y al desarrollo del Derecho internacional, en particular el respeto de los principios de la Carta de las Naciones Unidas.*

Artículo 8 TUE

1. La Unión desarrollará con los países vecinos relaciones preferentes, con el objetivo de establecer un espacio de prosperidad y de buena vecindad basado en los valores de la Unión y caracterizado por unas relaciones estrechas y pacíficas fundadas en la cooperación.

2. A efectos del apartado 1, la Unión podrá celebrar acuerdos específicos con dichos países. Estos acuerdos podrán incluir derechos y obligaciones recíprocos, así como la posibilidad de realizar acciones en común. Su aplicación será objeto de una concertación periódica.

Artículo 21 TUE

1. La acción de la Unión en la escena internacional se basará en los principios que han inspirado su creación, desarrollo y ampliación y que pretende fomentar en el resto del mundo: la democracia, el Estado de Derecho, la universalidad e indivisibilidad de los derechos humanos y de las libertades fundamentales, el respeto de la dignidad humana, los principios de igualdad y solidaridad y el respeto de los principios de la Carta de las Naciones Unidas y del Derecho internacional.

La Unión procurará desarrollar relaciones y crear asociaciones con los terceros países y con las organizaciones internacionales, regionales o mundiales que compartan los principios mencionados en el párrafo primero. Propiciará soluciones multilaterales a los problemas comunes, en particular en el marco de las Naciones Unidas.

2. La Unión definirá y ejecutará políticas comunes y acciones y se esforzará por lograr un alto grado de cooperación en todos los ámbitos de las relaciones internacionales con el fin de:

CSV: BOPRSDBOG-pwWkB7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

a) defender sus valores, intereses fundamentales, seguridad, independencia e integridad;
b) consolidar y respaldar la democracia, el Estado de Derecho, los derechos humanos y los principios del Derecho internacional;
c) mantener la paz, prevenir los conflictos y fortalecer la seguridad internacional, conforme a los propósitos y principios de la Carta de las Naciones Unidas, así como a los principios del Acta Final de Helsinki y a los objetivos de la Carta de París, incluidos los relacionados con las fronteras exteriores;
d) apoyar el desarrollo sostenible en los planos económico, social y medioambiental de los países en desarrollo, con el objetivo fundamental de erradicar la pobreza;
e) fomentar la integración de todos los países en la economía mundial, entre otras cosas mediante la supresión progresiva de los obstáculos al comercio internacional;
f) contribuir a elaborar medidas internacionales de protección y mejora de la calidad del medio ambiente y de la gestión sostenible de los recursos naturales mundiales, para lograr el desarrollo sostenible;
g) ayudar a las poblaciones, países y regiones que se enfrenten a catástrofes naturales o de origen humano; y
h) promover un sistema internacional basado en una cooperación multilateral sólida y en una buena gobernanza mundial.
3. La Unión respetará los principios y perseguirá los objetivos mencionados en los apartados 1 y 2 al formular y llevar a cabo su acción exterior en los distintos ámbitos cubiertos por el presente título y por la quinta parte del Tratado de Funcionamiento de la Unión Europea, así como los aspectos exteriores de sus demás políticas.
La Unión velará por mantener la coherencia entre los distintos ámbitos de su acción exterior y entre éstos y sus demás políticas. El Consejo y la Comisión, asistidos por el Alto Representante de la Unión para Asuntos Exteriores y Política de Seguridad, garantizarán dicha coherencia y cooperarán a tal efecto.

Pola súa banda, a estratexia exterior europea sinala uns obxectivos moi focalizados. Comezando pola estratexia definida pola anterior Alta Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, así como Vicepresidenta da Comisión Europea, Federica Mogherini, e continuando pola *Strategic Compass -Brúxula estratéxica-* impulsada polo actual Alto Representante, Josep Borrell, a tendencia vai cara reforzar a capacidade e potencial xeopolíticos europeos. Neste eixo engádense iniciativas como a *Digital sovereignty -Soberanía dixital-*, que pretende mobilizar máis de 43.000 millóns de euros de

CSV: BOPGIS0BOCnpWAKJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

investimentos público-privados coa intención de duplicar a cota de mercado global actual ata o 20 % en 2030. Sen ir máis lonxe, a experiencia da planta de Stellantis en Vigo e de toda a súa cadea galega de provedores co gallo da carencia de chips, que provocou que se esganase a produción, resulta ben ilustrativa. O destino do pobo galego fica outra volta unido ao da Unión Europea a través da pertenza de España á este proxecto histórico sen parangón no planeta.

Continuando coas prioridades subliñadas polo Consello baixo a presidencia de Emmanuel Macron durante o primeiro semestre de 2022, a síntese fica plasmada nas súas orientacións iniciais:

Nous vivons un moment européen. Face aux défis sanitaires et économiques, à l'affirmation de puissances hostiles, ou au dérèglement climatique, la meilleure réponse est européenne.	*Vivimos un momento europeo. Perante os desafíos sanitarios e económicos, á manifestación de potencias hostiles ou o cambio climático, a mellor resposta é europea.*

Que unha gran potencia como Francia asuma esta realidade, a pesares de manter unha *Force de frappe* sen igual dentro da UE, aínda que moi feble a escala mundial, e tamén a pesares do seu empuxe nos eidos científico e industrial, denota que ningún europeo pode preservar ensoñacións se cadra asumibles durante o século XIX e a primeira metade do XX, pero impropias do século XXI. E isto acada tamén eidos como o tecnolóxico, o universitario e mesmo o industrial e o económico en xeral. Europa é feble no desenvolvemento de *hardware* e *software*, nas novas ferramentas das tecnoloxías da información e mesmo na biotecnoloxía máis avanzada. Que a OMPI -Organización Mundial da Propiedade Intelectual- certifique ano tras ano o récord absoluto e crecente das economías asiáticas no volume de patentes é un constante e severo recordatorio de que o liderado occidental en xeral, e o europeo moi en particular, xa non é tal.

Como di a OMPI no seu informe "*A xeografía da innovación: núcleos locais, redes mundiais*"[4]: "*China e a República de Corea son en gran medida responsables da crecente proporción de*

4 Informe mundial sobre la propiedad intelectual 2019. ISBN: 978-92-805-3097-1.

CSV: BOPGIS0BOG-p0AWkJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

novas áreas na xeración de coñecementos e innovación: en conxunto, representan máis do 20% das patentes rexistradas nos anos 2015-2017, en comparación con menos do 3% en 1990-1999. Outros países, en particular Australia, Canadá, a India ou Israel, tamén teñen contribuído á difusión mundial da innovación" (páx. 9).

Así as cousas, non resulta estraño que o presidente galo establecera:

Par ses mots et ses actions, la France prépare ce semestre depuis 2017. Parce que les Européens ne reprochent plus à l'Europe d'en faire trop, mais de ne pas faire assez, l'Union déploie depuis quatre ans un agenda de souveraineté. En matière économique avec l'endettement commun, écologique avec la neutralité carbone pour 2050, de défense avec le premier budget militaire commun, sociale avec la révision du travail détaché, l'Europe reprend déjà son destin en main.	*A través das súas palabras e das súas accións, Francia prepárase para este semestre dende 2017. Como os europeos xa non culpan a Europa de facer demasiado, senón de non facer abondo, a Unión leva catro anos despregando unha axenda de soberanía. En materia económica con débeda común, ecolóxica con neutralidade en carbono para 2050, na defensa co primeiro orzamento militar común, social coa revisión do traballo desprazado, Europa xa leva na man o seu destino.*
Cet agenda pour une Europe souveraine sera accéléré avec la présidence française. L'Europe doit être au rendez-vous des grands défis économiques, éducatifs, migratoires ou militaires. La présidence française doit être un moment de vérité pour la régulation et la responsabilisation des plateformes numériques, le prix carbone aux frontières européennes sur les produits importés, sur les salaires minimums, sur notre relation avec l'Afrique.	*Esta axenda por unha Europa soberana acelerarase coa presidencia francesa. Europa debe afrontar grandes retos económicos, educativos, migratorios ou militares. A presidencia francesa debe ser un momento da verdade para a regulación e rendición de contas das plataformas dixitais, o prezo do carbono nas fronteiras europeas nos produtos*

CSV: BOPRSUBBOCnpWAKBTWCFX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

(...) *La présidence française sera enfin un moment de projection. L'urgence du moment mais aussi le sens de l'avenir en ouvrant, dans le sillage de la Conférence sur l'avenir de l'Europe, de nouveaux chantiers européens : pour la jeunesse, sur la défense de nos démocraties et de nos valeurs, pour renforcer le sentiment d'appartenance à une culture et une histoire européennes que nous avons en partage.*	*importados, nos salarios mínimos, na nosa relación con África.* *(...)* *A presidencia francesa será finalmente un momento de proxección. A urxencia do momento pero tamén o rumbo do futuro abrindo, a raíz da Conferencia sobre o futuro de Europa, novos proxectos europeos: para a mocidade, sobre a defensa das nosas democracias e dos nosos valores, para fortalecer o sentimento de pertenza a unha cultura e historia europeas que compartimos.*

Nesta liña converxente, a Comisión Europea, en tanto que institución da UE con poder de iniciativa, salientou en febreiro de 2022 que cumpría unha contribución á Defensa Europea, que abranga dende a industria da defensa até as ameazas cibernéticas. Eis, a industria naval galega pode ter un rexurdimento a prol desta contribución e Galicia pode axudar mellorando todo o sistema de coñecemento e formación a ela conectada

Porén lembra a Comisión que antes de finalizar 2022, o Fondo Europeo de Defensa (FED) terá investido 1.900 millóns de euros en proxectos de I+D. Tamén pulará por novos incentivos para estimular os investimentos estatais en capacidades estratéxicas, en particular cando se desenrolen ou se adquiran dentro de marcos de cooperación da UE. A maiores, a Comisión garantirá que outras políticas horizontais segan sendo coherentes cos esforzos da UE para facilitar á industria europea da defensa un acceso abondo á financiación e ao investimento.

A UE busca sinerxías entre a investigación e a innovación civís e de defensa, e a redución das dependencias estratéxicas foráneas. Con este obxectivo, a UE impulsará o Observatorio de Tecnoloxías Críticas; o fomento da investigación e a innovación de dobre uso a escala europea; o apoio á innovación e ao espírito empresarial en materia de seguridade e defensa

CSV: BOPGIS0BOCnpWAKB7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

a través de ferramentas como o mecanismo de combinación de investimentos. De igual xeito, a Comisión quere integrar consideracións de defensa nas principais iniciativas industriais e tecnolóxicas da UE.

Sempre con esta nova perspectiva xeoestratéxica a prol da protección de Europa e dos seus valores, búscase dende Bruxelas reforzar os proxectos espaciais e mellorar a resiliencia conxunta, en particular para loitar contra as ameazas híbridas, apostando por una norma europea de ciber-resiliencia, así como por novas medidas para afrontar os retos do cambio climático relacionados coa defensa colectiva

En suma, a integración destas liñas de traballo non só ha ser unha obriga europea, senón tamén ha conlevar novas oportunidades de desenvolvemento en Galicia que debemos aproveitar nas áreas da construción naval, do desenvolvemento de novos produtos informáticos, da aeronáutica ou da intelixencia artificial, entre outras.

Obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) e acción exterior galega

Na súa acción exterior, Galicia ha estar plenamente comprometida coa consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas (ODS), tanto por absoluta sintonía con eles como por ter sido asumidos por España e pola UE. Por iso, os ODS deberán informar todas as iniciativas e actuacións da nosa acción exterior en todos os eidos e sectores. A EGAEX asúmeos pois na súa integridade e alíñase con eles para contribuír a acadalos.

CSV: BOPARLAMENTOGALICIA-PA-202411-0017
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
HACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA XUNTA DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

4. Unha acción exterior reticular a prol da eficiencia

Unha axeitada acción exterior é capital para calquera país e non en exclusiva para o Goberno do país. Sen embargo, esta constatación bate coa realidade duns recursos limitados que tamén son indispensables para outras necesidades vitais e perentorias da cidadanía. De aí que cumpra estimular o traballo en rede entre todos os axentes públicos e os actores privados que converxan ou se complementen para acadar os mellores resultados colectivos.

Nas políticas públicas, a eficacia persegue certos resultados sen reparar nos custes. Pola contra, a eficiencia tenta acadar eses resultados ao menor custe posible. Galicia, como sociedade europea comprometida co benestar común, non pode ser allea a esta circunstancia.

Un exemplo de traballo en rede é sen dúbida o que atinxe ao funcionamento da Fundación Galicia Europa ou da Delegación da Xunta de Galicia en Arxentina.

CSV: BOPARLAMENTODEGALICIA-DOCUMENTO-CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

A Fundación agrupa recursos da entidade financeira líder en Galicia -ABANCA- con outros públicos, como son os da Zona Franca de Vigo, a Axencia Galega de Innovación (GAIN), as deputacións provinciais de Lugo e A Coruña e, como non pode ser doutro xeito, da Xunta de Galicia. Así, os intereses galegos no eido do mercado interior europeo, ao que se dirixen a gran maioría das nosas vendas exteriores e do que proceden as maiores transferencias de recursos públicos e privados que contribúen a investir na nosa Terra, teñen a mellor plataforma de defensa e promoción cuns custes comedidos. Non se busca daquela a espectacularidade para o consumo interno, senón a eficiencia nos retornos socio-económicos e culturais en beneficio de Galicia. Esta Fundación foi constituída en 1988, con Fernando González Laxe como Presidente da Xunta de Galicia, e dende entón vén prestando inestimables servizos ao país, demostrando que o consenso e a continuidade son posibles na acción exterior autonómica.

A Delegación da Xunta de Galicia en Arxentina mantén o acordo co Centro Galicia de Bos Aires, asociación civil arxentina sen fin de lucro, constituída o 25 de xullo de 1979, froito da fusión dos centros coruñés, pontevedrés, lucense e ourensán nesa capital. Por esta vía, mantéñense as funcións previstas no artigo 108 da LACEX cun custe moi axustado e mellórase o servizo á cidadanía galega naquel país e á súa descendencia, preservando o fío que une a Galicia exterior coa Galicia territorial.

Daquela, o traballo en rede é proveitoso para o país, e neste senso cómpre buscar máis complementariedades con entidades universitarias e culturais, con asociacións empresariais sectoriais que posúan intereses e contactos cualificados fóra do territorio español e con outras organizacións de alicerces galegos, que nos permitan avanzar na proxección exterior.

Nesta senda, haberá tamén que explorar as posibilidades que oferta o artigo 12 da Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado:

"Artigo 12. Das oficinas das comunidades e cidades autónomas no exterior.

1. As comunidades autónomas e as cidades autónomas informarán ao Goberno do establecemento de oficinas para a súa promoción exterior, con carácter previo á súa

CSV: BOPRSDBOg-pAWkB7DCZx-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

apertura. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación emitirá informe sobre a proposta, de acordo coas directrices, fins e obxectivos da política exterior, coa Estratexia de acción exterior e, en particular, co principio de unidade de acción no exterior.

2. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas emitirá informe sobre a dita proposta de acordo co principio de eficiencia na xestión dos recursos públicos, así como desde a perspectiva da súa adecuación á orde competencial.

3. Cando se trate de oficinas dedicadas á promoción comercial, solicitarase, ademais, o informe do Ministerio de Economía e Competitividade.

4. O Goberno impulsará a instalación destas oficinas dentro dos locais do Servizo Exterior do Estado cando así o permitan as dispoñibilidades de espazo do dito Servizo, sen que, en ningún caso, a dita instalación comporte nin a súa integración no Servizo Exterior do Estado nin a aplicación ás ditas oficinas da normativa internacional, especialmente a recollida nas convencións de Viena sobre relacións diplomáticas e consulares."

Unha boa medida desta liña de traballo pode ser a mellora da cooperación co Instituto Cervantes e a promoción da cultura e das industriais culturais galegas nos países da Lusofonía.

A cooperación galega co Instituto Cervantes vai en interese tanto de España no seu conxunto como da propia Galicia, dado que a nosa lingua e cultura son piares dun mellor e máis intenso estreitamento de relacións cos países que teñen o portugués como lingua oficial. Nunha chea de foros e entidades deses países descoñécese que nunha Comunidade española rexe a *Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía*. Por estes motivos, a maior galeguización das sedes do Instituto Cervantes nos devanditos países, e mesmo das consellerías culturais e educativas nas parellas Embaixadas españolas, prestaralle a España tanto ou máis que a Galicia. Por estes motivos, Galicia reclamaralle ás autoridades españolas competentes esa galeguización.

A este respecto lembremos a existencia desa rede ao servizo de todos os españois e de todas as Administracións Públicas españolas nos seguintes Estados:

CSV: BOPGIS0BOCnpWAKJ7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

XUNTA DE GALICIA

- Brasil:

  + Sedes do Instituto Cervantes no Brasil:

    # Belo Horizonte

    # Brasilia

    # Curitiba

    # Porto Alegre

    # Recife

    # Rio de Janeiro

    # Salvador

    # São Paulo

  + Consellerías da Embaixada de España no Brasil:

    # Consellería cultural (Brasilia)

    # Consellería de educación (Brasilia)

- Portugal:

  + Sede do Instituto Cervantes en Portugal:

    # Lisboa.

  + Consellerías da Embaixada de España en Portugal:

    # Oficina cultural (consellería)

    # Consellería de educación

    # Instituto Español de Lisboa Giner de los Ríos

    # Centro de Recursos Didácticos (Lisboa)

Non consta que España manteña un despregue análogo nos restantes Estados con lingua oficial portuguesa -Angola, Cabo Verde, Guinné-Bissau, Moçambique, São Tomé e Príncipe, Timor-Leste-. Sen embargo, polo seu gran potencial, canda menos debera tentar desenvolver unha meirande proxección en Angola e Moçambique. Con esta finalidade, dende Galicia solicitarase ás autoridades da Administración Xeral do Estado, e nomeadamente ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, así como aos ministerios responsables das áreas de cultura e educación, que ponderen positivamente o dominio do galego ao mesmo nivel có do portugués para cubrir as vacantes que se produzan nas consellerías das embaixadas españolas en Estados de lingua oficial

CSV: BOPGDOC-h0AHA7D7CZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

portuguesa e tamén nas diferentes sedes do Instituto Cervantes na Lusofonía e do Instituto Español de Lisboa.

Crear unha rede equivalente mantida polo orzamento autonómico galego sería inasumible, dadas as necesidades inmediatas da nosa cidadanía noutros eidos que sempre precisan de maiores recursos financeiros -saúde pública, sanidade, asistencia social, atención á diversidade funcional, ...-. Por iso estender a xestión reticular da acción exterior a outras entidades do Estado, ademais de respostar ao espírito da precitada Lei 2/2014, resulta que enriquecería significativamente a percepción que de España se tería nos países lusófonos.

Existen outras redes que deberían de terse conta como axentes galegos de acción exterior como é o caso da rede de cátedras e de centros galegos existentes en universidades de Europa e América. Sería moi útil en canto á difusión da cultura galega que estes centros tiveran un plan de extensión cultural no que se contemple unha programación anual que favoreza unha maior proxección nas universidades de acollida e polo tanto nas cidades onde se atopan.

5. Axentes e actores galegos da acción exterior: coordinación, cooperación, colaboración perfeccionada (C^3+)

Unha acción exterior galega mellorada ten que ser unha acción *C^3+*, cunha coordinación, cooperación e colaboración de nova xeración. As áreas desta C^3+ poden ser múltiples, pero un bo eido no que implantar esa C^3+ sería o do ensino superior, e as súas experiencias poderían ser trasplantables a outras áreas, como a da conxunción entre clústeres, asociacións industriais e departamentos universitarios afíns, polo que paga a pena perseverar esta táctica dentro do marco estratéxico xeral.

Velaí como cando se aprobou a *Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia*, consonte co IGE durante ese ano naceron na nosa Comunidade un total de 23.592 meniños. Dende 2010, os nacementos foron evolucionando do seguinte xeito:

CSV: BOPRSDBOG-b0WKBTGZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

XUNTA DE GALICIA

	Nacementos homes	Nacementos mulleres	
Galicia			Total
2010	11500	10547	22047
2011	11256	10338	21594
2012	10990	10099	21089
2013	10084	9643	19727
2014	10262	9368	19630
2015	10032	9395	19427
2016	9773	9289	19062
2017	9471	8974	18445
2018	8542	8018	16560
2019	8179	7539	15718
2020	7752	7495	15247
2021	7579	7208	14787

Se nos atemos aos datos do IGE, durante 2021 só naceron en Galicia 14.787 cativos. Con esta inercia, e dado o avellentamento da poboación e a contracción do volume de parellas en idade fértil, resulta bastante probable que cara o final da presente década nazan en Galicia menos de 10.000 crianzas por ano natural. Considerando que a taxa de acceso á universidade roldase o 50% dese volume, implicaría que cando as persoas nadas en 2030 accedesen antes de 2050 ás tres universidades públicas galegas e máis á nova universidade privada autorizada pola Lei 2/2021, do 15 de xullo, terían que competir por menos de 5.000 alumnos galegos de novo ingreso. Neste contexto e con estes condicionantes, internacionalizarse é pois a única opción plausible a curto e mesmo a medio prazo para preservar o sistema universitario galego dentro duns parámetros socioeconómicos

CSV: BOPGDSBOG-p0AWkB7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

asumibles para o conxunto da cidadanía a través dos seus impostos, que sen dúbida ha ter tamén outras necesidades perentorias e vitais.

Estimando asemade que Galicia precisa atraer xente nova que se radique e emprenda na nosa Terra, a canle universitaria resulta ser a mellor opción de atracción xunto cunha Formación Profesional que tende a homologarse coas máis avanzadas de Europa, pudendo darse a trasfega da formación superior privada á pública, ou viceversa, con estudos de posgrao e prácticas empresariais ou profesionais complementarias, ás que se poderían sumar asociacións empresariais e profesionais e, por descontado, igualmente os diversos colexios profesionais e, por suposto, as Administracións Públicas, comezando pola autonómica.

Temos unhas capacidades que debemos aproveitar e optimizar cara ao exterior, facendo atractiva Galicia para os que poderían ser os novos galegos do porvir. Por exemplo, neste eido da ensinanza universitaria, o persoal público adicado ao ensino superior e o alumnado considerado vén sendo:

Ano	Profesorado	Alumnado
2001	-	95.349
2002	-	91.790
2003	-	87.879
2004	5.192	84.084
2005	5.425	79.027
2006	5.469	74.768
2007	5.516	70.841
2008	5.213	67.843
2009	5.208	65.562
2010	5.987	64.700
2011	5.312	65.370
2012	5.258	63.037
2013	5.021	62.130
2014	4.912	59.353
2015	4.937	55.322

CSV: BOPGDSBOG-p0AWkB7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

2016	4.825	53.710
2017	4.849	56.878
2018	4.872	61.535
2019	4.845	61.029
2020	5.323	61.175

Estudantes matriculados/as nas universidades galegas segundo a área científica e sexo

	2019			2020			2021		
	Total	Mulleres	Porcentaxe	Total	Mulleres	Porcentaxe	Total	Mulleres	Porcentaxe
Total	61029	33680	55,2	61175	33961	55,5	61767	34175	55,3
Ciencias da Saúde	10629	7726	72,7	10492	7661	73	10450	7662	73,3
Ciencias	5572	2882	51,7	5695	3207	56,3	5937	3088	52
Ciencias Sociais e Xurídicas	26304	15763	59,9	26432	15941	60,3	26533	15964	60,2
Enxeñería e Arquitectura	12560	3325	26,5	12196	3282	26,9	12851	3460	26,9
Artes e Humanidades	5964	3984	66,8	5945	4011	67,5	5996	4001	66,7

A internacionalización xa é un dos obxectivos básicos do Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026, que arrancou no seu primeiro exercicio con máis de 469 millóns de euros, e que mobilizará preto de 3.200 millóns nos vindeiros anos, o que supón case un 30% máis. Este Plan 2022-2026 estrutúrase en dous fondos. Un de financiamento non condicionado, destinado a blindar os gastos que permiten o normal funcionamento das universidades, como os asociados á docencia e ao mantemento das infraestruturas. A restante financiación repartirase segundo un panel con 41 indicadores de resultados. Así, Galicia é a terceira Comunidade Autónoma con maior investimento en porcentaxe de PIB para as universidades co 0,71%, mentres que a media española está no 0,58%.

¿Podemos absorber máis alumnado foráneo sen incrementar na mesma proporción os custes fundamentais do ensino universitario? Vista a situación de bastantes centros semella que si, e singularmente nos campus de Lugo e Ourense e nas mesmas provincias, así como en Ferrol. Titulacións como Enxeñaría Agrícola, Enxeñaría Forestal ou Enxeñaría Naval e Oceánica poden ser bos eidos para experimentar con potentes campañas de fichaxe de alumnado en países onde esas titulacións son demandadas, gozando nós dunha relación calidade/prezo difícil de mellorar no marco internacional, maiormente se os concellos se coordinan coa Administración autonómica para ofertar aloxamento a prezos igualmente

CSV: BOPRSDBOGnqWAKBTDCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

razoables e se se deseñan programas de traballo a tempo parcial para completar os custes da mantenza.

Os datos inseridos nese Plan Galego de Financiamento Universitario (PGFU) alertan do risco de que a matrícula vaia caendo ata demediarse, mesmo denantes do final da presente década[5]. Así, o PGFU 2022-2026 resume nidiamente este risco:

"Se comparamos os datos de matrícula no SUG coa totalidade do Sistema Universitario Español no mesmo período, poden observarse certas diferencias. Ata o curso 1999/2000 a tendencia alcista da matrícula en estudos universitarios é común a Galicia e ao resto de universidades españolas, iniciando ambos sistemas un descenso xeneralizado de número de persoas matriculadas en estudos universitarios. Mentres no SUE o curso 2006/2007 marca unha inflexión recuperando estudantado progresivamente nunha tendencia que continúa na actualidade, o SUG segue a reducir o número de matriculados ata chegar a un certo estancamento nos dous últimos cursos do período.

Deste xeito, mentres no curso 1999/2000 o estudantado galego supoñía un 6,4% do total de universitarios/as das universidades españolas, no curso 2018/2019 esta porcentaxe sitúase no 3,85% do total do SUE.

Na procura dunha explicación a esta evolución, podemos, en primeiro lugar, falar da coñecida tendencia demográfica, desoladora en Galicia, e que se recollerá máis adiante. Pero tamén hai que pensar que a universidade privada está a medrar de xeito permanente e capta porcentaxes importantes do alumnado total do SUE. Galicia non ten alumnado neste apartado." (páx.12)

En canto á captación de estudantes estranxeiros, o PGFU 2022-2026 dinos:

"A captación de alumnado estranxeiro por parte das universidades do SUG, aínda que presenta unha tendencia crecente nos últimos cursos, sitúase por debaixo das porcentaxes do total do Sistema Universitario Español. Os estudantes matriculados en títulos oficiais ofertados polas universidades galegas e cuxa nacionalidade é distinta á española, supoñían

5 Plan Galego de Financiamento Universitario (PGFU) 2022-2026, páx. 10-11.

CSV: BOPRSDBOG-b0AWkJ7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

no curso 2015-2016 un 2,9% do total de matriculados. Nese mesmo curso, a porcentaxe de estranxeiros matriculados nas universidades españolas situouse nun 6,58%. Esta proporción duplícase no curso 2018-2019 en que o SUG contou cun 4,45% de alumnado de distintas nacionalidades, fronte ao 8,62 % que representaba este tipo de alumnado no SUE." (páx. 24-25)

Galicia precisa pois mellorar significativamente o seu atractivo e por iso a C³+ cara ao exterior ten que contrastarse no eido universitario, servindo ademais como panca de cooperación ao desenvolvemento nos países emisores de estudantes e como catalizador para internacionalizar tamén ao noso persoal docente e investigador cando rematen a súa formación, sen esquecer o seu rol no rexuvenecemento da poboación galega.

O PGFU 2022-2026 lembra ao respecto:

"Galicia sitúase nestes momentos no grupo de rexións europeas con máis baixa representación de poboación entre os 0 e os 14 anos, a consecuencia do cambio demográfico que se ven experimentando dende finais do pasado século de xeito xeral nos países do noso contorno. De acordo ás proxeccións existentes na actualidade, a tendencia demográfica en Galicia manterá o seu curso descendente para os vindeiros anos.

Preocupante é o feito de que, a medio prazo, as expectativas seguen a ser moi negativas. Galicia aparece como a segunda comunidade con máis baixada poboacional. A pesar de que o saldo migratorio interautonómico e internacional é positivo, está moi lonxe de compensar o sangrado da diminución global.

En consecuencia, non temos nos vindeiros anos posibilidade algunha de que exista máis estudantado universitario potencial nas cohortes de idade idóneas, ao tempo que a poboación total segue a diminuír de xeito alarmante." (páx. 30-31)

En definitiva, o mesmo PGFU 2022-2026 sinala como accións de mellora (páx. 41):

- *Deben aumentarse os esforzos de captación de alumnado iberoamericano.*
- *Incentivar a presencia de alumnado estranxeiro en grao e mestrado.*

CSV: BOPRSDBOcnbWAnBTWCZx-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

- *Non aumentar a concentración de alumnado nos campus centrais nas universidades de Santiago e da Coruña.*

Respecto a estas accións, dende a perspectiva global galega que debe presidir a EGAEX 24-28, haberase engadir a focalización na atracción de alumnado procedente dos países integrantes da CPLP por mor de diversos factores socioeconómicos e culturais transversais. Este propósito resulta compatible co epígrafe de internacionalización do PGFU 2022-2026, como se reflicte nas correspondentes accións de mellora (páx. 157) e nos indicadores de financiación:

- *Deseñar programas de captación de alumnado de grao, especialmente en América Latina.*
- *Incrementar a contratación de profesorado estranxeiro.*
- *Incrementar os créditos impartidos en inglés na oferta académica.*
- *Formar parte dunha universidade europea.*

En definitiva, se a C³+ ten todo o seu senso na urxente internacionalización das nosas universidades, non o ten menos noutros ámbitos e sectores. De aí que a coordinación, cooperación e colaboración perfeccionada entre as tres universidades públicas galegas, as Administracións Públicas, a nova universidade privada, os colexios profesionais e outras entidades afíns sexan tarefas indispensables para ter opcións na esfera internacional fronte a outros oferentes máis dinámicos e con maiores recursos financeiros.

Unha ferramenta froito desta cooperación interuniversitaria sería a creación dunha rede online entre as tres universidades galegas para facilitar a impartición de cursos de formación.

O lanzamento en Galicia dun Grao universitario bilingüe de Relacións Internacionais, no que cooperan de xeito institucionalizado as Universidades da Coruña e de Vigo, concretamente nos campus de Ferrol e de Ourense, vai marcar un antes e un despois no medre cuantitativo e cualitativo do noso capital humano especializado na acción exterior. Ese investimento debe pois ser capitalizado e aproveitado de maneira eficiente.

CSV: BOPRSDBOG-h0WkB7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Por vez primeira, Galicia conta cun Grao específico e especializado para a formación de internacionalistas, único en todo Noroeste peninsular e dos poucos en todo o Estado que ten carácter bilingüe, coa metade das súas materias en inglés, ademais do feito de que durante os seus catro anos académicos o alumnado deberá estudar tamén francés e/ou alemán. A formación deste capital humano altamente cualificado contribuirá a que haxa cada vez máis internacionalistas formados en Galicia (galegos, españois e estranxeiros), que desenvolverán logo a súa actividade profesional en sectores públicos e privados de todo o mundo.

Con esa base, cómpre afianzar a Rede de profesionais galegos en organismos internacionais. O Grao bilingüe en Relacións Internacionais formará aos internacionalistas no futuro inmediato. Pero xa na actualidade contamos con galegas/os ocupando postos de responsabilidade en diversas organizacións internacionais, desde as Nacións Unidas ata a Unión Europea, pasando polo Banco Mundial ou a Organización Mundial do Comercio, entre outras. As esixencias de independencia, neutralidade e imparcialidade obrigan a establecer unha estratexia xuridicamente compatible, na que o devandito Grao bilingüe en Relacións Internacionais será unha peza clave.

Na mesma liña, hai que potenciar programas internacionais de especialización, de mestrado e de doutoramento de alto nivel. Os sólidos vínculos que ten Galicia con América Latina e co Caribe permitiron que a nosa Comunidade teña xa un grande atractivo para moitos cidadáns latinoamericanos que, en diversos casos, chegaron a ocupar cargos de alta dirección en gobernos, empresas, universidades e organizacións internacionais. Tamén neste eido a acción exterior galega debería respaldar ó Sistema Universitario de Galicia á hora de crear programas específicos de formación e de captación de estudantes latinoamericanos. En particular, os programas de doutoramento teñen un especial potencial neste senso para competir con outras grandes universidades españolas, europeas e mesmo dos Estados Unidos.

Ao cabo, sería determinante impulsar a creación dun think-tank galego de estudios internacionais, que podería vir da man dun centro interuniversitario de estudos internacionais, ou mesmo ibérico ou iberoamericano, para potenciar tamén a relación con Portugal (existe o precedente do Laboratorio Ibérico Internacional de Nanotecnoloxía).

CSV: BOPARLAMENTODEGALICIA-A-2024-00007-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Deste xeito, Galicia podería contar cun viveiro de internacionalistas profesionalizados que fortalecería a nosa acción exterior.

Non debemos esquecer as oportunidades que pode brindar a paradiplomacia tecnolóxica. A recente ubicación en Galicia da sede da Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial, semella unha grande oportunidade para presentarnos como referente tecnolóxico a nivel internacional, traballando na tecnoloxía blockchain, na web 3.0, no metaverso, nos activos virtuais ou nos NFT (Non Fungible Token), que xa están marcando a axenda política e normativa europea e internacional, e que se desenvolverán durante todo o período de vixencia da nova EGAEX.

6. Ámbitos sectoriais da acción exterior

O contexto económico internacional

Para perfilar unha axeitada acción exterior resulta moi aconsellable realizar unha prospectiva sobre as novas correntes e tendencias da economía internacional en xeral, e moi particularmente do proceso de globalización que viñemos experimentando dende finais do pasado século XX ata os nosos días. Isto non obsta que tamén conveña tomar en consideración o contexto natural, o mundo como institución, a dinámica da sociedade, a ciencia e a tecnoloxía, todos eles factores que condicionan á economía e a súa vez son condicionados por esta. En definitiva, a economía na acción exterior tamén está intimamente ligada ao medio ambiente, á enerxía, á xeopolítica, á dinámica cultural e á política das distintas sociedades. Ademais, este entrelazamento prodúcese no marco dunha intensa e acelerada transformación.

A percepción de que estamos diante dun mundo nunha transformación acelerada é crecente. Albíscase unha tendencia progresiva cara a certa des-globalización, un cambio de rol nos negocios internacionais e nas regras de xogo nos mercados internacionais, así como grandes retos no horizonte para a UE e, polo tanto, para España e para Galicia.

O mundo que coñecemos dende a caída do muro de Berlín ata a actualidade está sometido a unha transformación sen precedentes en practicamente todas as perspectivas de análise.

CSV: BOPGIS0BOCnpWAkJ7/0CZx-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

A previsión de harmonía dentro da ortodoxia do libre mercado que ofrecía Francis Fukuyama deixou de ser válida. Unha das dinámicas máis evidentes dos últimos anos, a globalización que tanto impulso xerou ás relacións entre pobos, emite sinais de retroceso. Así o indican as novas políticas de repregue de dúas economías chave, China e Estados Unidos, e mesmo da UE tras o shock da pandemia e a anguria polo abastecemento de produtos sanitarios e de todo tipo. Agora, coa invasión de Ucraína por orde do Kremlin, mesmo se uniu a anguria europea pola seguridade das subministracións alimentarias e de enerxía.

China a través da súa nova política de "Prosperidade Común" e Estados Unidos tratando de evitar o retroceso do seu liderado e, por tanto, sen renunciar ao *America First*, están a reformular a globalización xeneralizada dos mercados. Os novos tempos que comezan nos albores do segundo cuarto do século XXI anuncian grandes cambios de tendencia. A dinámica xeral está a transformarse de forma acelerada, e mesmo hai voces que están a suxerir unha necesaria des-globalización.

A dinámica de "bomba de calor" a través da cal China era a fábrica do mundo e beneficiábase amplamente diso, mentres que Estados Unidos controlaba a inflación con produtos a prezos moi atractivos, desenvolvía a economía financeira, centrábase no dominio do dólar e no impulso de grandes empresas, especialmente dixitais, parece estar agora a dar un xiro cara á "bomba de frío", é dicir, buscando un maior repregue cara aos mercados internos nas dúas grandes potencias. Este cambio provocará tensións no comercio mundial e inseguridade, e parece indicar un notable cambio da orde mundial no horizonte. Nesta nova contorna, máis trastornada se cabe coa invasión de Ucraína, a localización de Europa e do seu modelo social padece severas incógnitas e sofre graves contratempos, como o compromiso xeneralizado por incrementar de modo notable os orzamentos de defensa.

Un bo indicador deste novo horizonte é a Organización Mundial do Comercio (OMC) e a súa actividade. A OMC é unha organización de gran relevancia no impulso do comercio internacional. Os prolegómenos dos acordos do GATT tras a Segunda Guerra Mundial desembocaron na OMC en 1995. Para esa evolución foi transcendental a solución vinculante de controversias. Respecto diso, Moon Chung-in, profesor das universidades de Yonsei e da UC San Diego, asesor especial do Presidente de Corea do Sur, chegou a soster que a OMC foi un dos mellores inventos da historia da humanidade.

CSV: BOPRSDBOCnpWAKJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Con todo, o pensamento baseado na primacía da seguridade e dos intereses nacionais está a estenderse moi rapidamente polo planeta, o que pode impulsar un incremento paulatino do proteccionismo. Os conflitos de intereses nos últimos anos entre EEUU e China así parecen indicalo. Outros episodios, como as represalias de EEUU aos servizos dixitais na UE, o caso Huawei, con duras ameazas de China a Canadá e á UE, o áspero trato de China a Australia e a creación do AUKUS -acordo defensivo entre Australia, Reino Unido e os EEUU-, coa anulación unilateral por Australia de contratos para construción de submarinos por fabricantes galos, implican sucesivos pasos en senso contrario á previa globalización mercantil. Mesmo se dá a circunstancia de que os grandes arrastran aos seus aliados para reforzar os seus intereses, o que xera tensións adicionais no comercio internacional. Nesta corrente, Galicia, como parte de España e da Unión Europea, en tanto que economía aberta, tamén estará sometida a novas presións nesa liña. En consecuencia, a súa acción exterior será unha peza importante para definir o seu rol no mundo, especialmente cando as regras de xogo do pasado recente presentan unha tendencia a mudar de forma significativa.

A Unión Europea, onde está encadrado o noso modelo de sociedade, reaccionou parcialmente ás grandes transformacións, facendo énfase no eido ambiental con políticas moi avanzadas, pero necesita abordar outros enormes retos, entre eles enerxéticos, de saúde, xeopolíticos, sociais –principalmente no plano demográfico-, de ciencia e tecnoloxía, e esencialmente no ámbito da economía. Neste último caso, resulta imperioso definir as liñas mestras dunha política industrial eficaz de clase mundial, que á vez impulse con liderado campos de futuro, como a intelixencia artificial, a computación cuántica ou o desenvolvemento de novo coñecemento, e todo cunha gobernanza rexenerativa, que supoña unha referencia no mundo que xorde a partir do segundo cuarto do século XXI. O mundo no que vivimos enfróntase a grandes transformacións que afectan a múltiples perspectivas e inclúen múltiples realidades. A economía está conectada con outros horizontes e realidades específicas, que a condicionan de tal maneira que a competitividade -non só entendida como rivalidade senón tamén como cooperación- será un factor determinante para a riqueza dos pobos e para contribuír ao benestar colectivo e á mellora, non só do noso espazo europeo senón tamén da UE como actor con entidade e influencia global, impulsando un mundo mellor.

CSV: BOPRSDBOCnpWAKJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Abordar as múltiples perspectivas e realidades consiste en actuar canda menos en cinco grandes eidos con obxectivos específicos e á vez conectados:

1. Contexto natural, co obxectivo global de rexeneración. No contexto natural son esenciais o reto de xestionar correctamente o cambio climático, a pegada ecolóxica, a enerxía e a dispoñibilidade de recursos naturais. Todos estes elementos condicionan notablemente á economía.

2. A *institución mundo*, co reto de xestionar un mundo multipolar. A institución mundo tamén condiciona o ámbito da economía e implica a percepción dos países, os gobernos, os mercados, a xeopolítica, a xeo-economía e dentro dela os mercados globais, así como os grandes retos internacionais, en especial os retos de saúde.

3. A estrutura e dinámica da sociedade humana, co desafío de abordar un novo humanismo rexenerador e os retos das novas realidades na sociedade. A dinámica da sociedade global, a demografía e hiperlonxevidade, a evolución do pensamento e das transformacións sociais inciden tamén de forma directa na economía.

4. Ciencia, tecnoloxía e organización, a fin de estimular as fontes do progreso. O cuarto plano está na ciencia e no seu desenvolvemento, a tecnoloxía como gran panca de transformación e a capacidade organizativa, que son fontes fundamentais de progreso.

5. Economía capaz de impulsar unha reprodución equitativa da prosperidade. En definitiva, a economía non é independente das outras perspectivas e á vez presenta desafíos específicos, especialmente no gran reto de impulsar a reprodución e redistribución equitativa do benestar colectivo.

Galicia non é allea a este estado de cousas. Como cidadáns e sociedade activa no mundo, vinculada á Unión Europea e no marco de España, convén estar atentos ao amplo panorama de retos profundamente conectados entre eles e deducir como afrontar a reactivación, a transformación e o crecemento tras a pandemia, considerando os grandes desafíos exteriores que tamén afectan aos actores directos da acción exterior, especialmente ás empresas.

CSV: BOPGIS0BOG-p0AWkB7ZCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Neste marco a acción exterior galega enfróntase a un amplo número de retos, comezando pola evolución da internacionalización da economía.

A fin de pechar o círculo interpretativo do marco da transformación do mundo, convén considerar as transformacións que se perciben como máis relevantes para o segundo cuarto do século, sen prexuízo doutros cambios imprevistos. Coa información dispoñible e atendendo ás probables tendencias, convén tomar en consideración os seguintes fenómenos:

- Cambios significativos -mesmo fractura- na maioría dos sistemas produtivos: A industria do automóbil, a banca, o comercio polo miúdo, a loxística de seguinte xeración, a alimentación, entre outros sistemas produtivos, sufrirán cambios profundos nos vindeiros anos. Cada sistema produtivo e cada empresa deberán desenvolver pois as súas propias competencias emerxentes e mellorar a súa capacidade de competir. O acceso aos mercados internacionais facilitará esta tarefa. Ademais, estas transformacións xeran grandes oportunidades para todas aquelas empresas que saiban articular produtos e servizos que asuman cambios e valores atractivos para os mercados.

- Tendencia cara un mundo cunha distribución de riqueza non equitativa: A evolución da riqueza do 1% da poboación superou á riqueza da clase media mundial. Aínda que para a clase media mundial esta tendencia non é favorable, desde un punto de vista económico os produtos de baixo custo, alto valor engadido e mesmo os artigos de luxo terán un espazo cada vez maior no ámbito internacional. Podemos non compartir esta tendencia pero, mentres persista, debemos considerala para superala.

- Grandes transformacións tecnolóxicas e organizativas: Esta dinámica está moi conectada coa primeira das tendencias antes descrita, a transformación dos sistemas produtivos. Convén estar moi atentos para que os produtos e servizos que se destinan aos mercados internacionais dispoñan das innovacións necesarias para competir con éxito.

CSV: BOPARLAMENTODEGALICIA-A0AWA7D7CZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

- Relevancia da pegada ecolóxica e sensibilidade ambiental: Tanto os produtos como os servizos han considerar que o comercio e as relacións internacionais deben prestar atención a un comercio cada vez máis baseado en procesos ecolóxicos. Esta sensibilidade tamén debe darse nas empresas que están a operar nos mercados internacionais ou pretenden facelo.

- Produtos e servizos ligados ao estilo de vida, como o deporte ou á calidade de vida que tende á hiperlonxevidade, serán aspectos que terán un interese crecente nos mercados internacionais. Certamente, o deseño de produtos ou servizos que impulsen estas características terán unha demanda sólida e crecente nos vindeiros anos. Galicia pode desenvolver un papel moi relevante neste ámbito, grazas ao seu historial e fitos neste eido.

Ao cabo, é importante ler correctamente as tendencias e anticiparse aos cambios. Non adaptarse implica desaparecer. Adaptarse axuda a sobrevivir con éxito e resulta un factor crítico para competir nos mercados mundiais.

A pandemia da COVID-19 provocou cambios relevantes nos mercados internacionais e na economía durante 2020 e 2021, que se estenden durante 2022, especialmente nunha afección significativa da cadea de subministracións (*SCM*, no seu acrónimo inglés), bloqueo e custos crecentes no transporte marítimo, desaxustes de oferta-demanda, caída do PIB nas economías por peche, e singularmente naquelas cun peso significativo en servizos persoais, especialmente no turismo, unha diminución significativa na consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable ODS, e finalmente conlevando unha inflación que presenta serios riscos de persistencia.

Con respecto á cadea de subministracións (SCM), a pandemia revelou a súa fraxilidade e como resposta induciu un nacionalismo económico, case autárquico, bloqueando subministracións esenciais. Máis de 2/3 dos países con restricións de exportación de equipamentos médicos e sanitarios en 2020 mantíñanas vixentes en 2021. Ademais, a SCM que tan ben funciona no modelo *just in time* en tempos de bonanza, aínda segue gripada.

Como consecuencia do indicado, tamén se produciron desaxustes significativos de oferta-demanda. Por outra banda, percíbense riscos de incremento dos aranceis. Os aranceis

CSV: BOPGIS0BOG-p0AWkJ7DCZx-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

caeron en termo medio do 9% en 2000 a un 6% en 2021, e se se consolidan as tendencias de incremento ao 10%, reduciríase a produción mundial entre 1% - 1,5%, se se inclúe a redución da produtividade derivada da protección de empresas ineficientes.

O transporte marítimo foi outra vítima da pandemia, especialmente en custos e embotellamentos. No cuarto trimestre de 2020 o custo dun contedor tipo de 40 pés de China a Nova York multiplicouse entre catro e oito veces. En casos especiais chegou a facelo por dez e por doce veces, atendendo ao custo anterior á pandemia.

Doutra banda, as economías cun peso significativo dos servizos persoais, especialmente o turismo, como acontece en España, sufriron con maior severidade os embates da pandemia. As súas contraccións reduciron o peso do turismo no PIB durante 2021 en máis dun 42%. Para moitos analistas é pois o momento de deseñar unha política de desenvolvemento empresarial e industrial que resolva as vulnerabilidades da estrutura e dinámica económica actual.

A pandemia tamén impactou negativamente nos obxectivos de desenvolvemento sustentable, ODS. Así, os ODS 7, 9 e 11 relacionados cunha enerxía renovable e accesible, industria, innovación e infraestrutura, e cidades e comunidades sustentables, reducíronse na súa translación económica nun 54%. En termos análogos, a acción contra o cambio do clima -ODS 13- retrocedeu un 8%. A auga potable e saneamento -ODS 6- caeu un 67%. A saúde e o benestar -ODS 3- tamén presentaron unha redución do 54%. O obxectivo de fame cero -ODS 2- caeu un 49%. Finalmente, a educación de calidade - ODS 4- marcou unha caída do 35%. En definitiva, a pandemia supuxo un retroceso significativo nos obxectivos de desenvolvemento sustentable durante 2021.

Ao cabo, o notable incremento da inflación, especialmente a finais do cuarto trimestre de 2021 e no 2022, é consecuencia dos picos por desaxuste da oferta e da demanda, dos altos custos da enerxía que se xeran a finais de 2021 e da falta de operarios cualificados. A isto uníronse os efectos da invasión de Ucraína. Os indicadores de inflación comezan a definir progresivamente unha tendencia crecente e, o que é peor, permanente. De feito o indicador de inflación do *Bank of America -BoA-*, que mide a transitoriedade ou persistencia da inflación en Estados Unidos, indicaba que a inflación se manterá en niveis relativamente elevados, na contorna do 2-4%, nun período de dous a catro anos.

CSV: BOPARLSDBOCnpWAKBTWCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Cos antecedentes indicados, debemos considerar que a internacionalización implica actuar en catro grandes ámbitos. En primeiro lugar comerciar, é dicir, exportar e importar. En segundo lugar, establecer alianzas, tanto con espazos de interese como nos planos industrial, tecnolóxico e comercial. A internacionalización presenta unha terceira dimensión, en especial o investimento estranxeiro directo. Finalmente, existe unha cuarta dimensión, que está conectada coa atracción de talento, tanto individual como colectivo.

Comerciar implica o maior volume das opcións baralladas e presenta un menor risco, pero á vez unha menor rendibilidade potencial e un menor impulso ao desenvolvemento. Nunha posición intermedia están as alianzas, ou sexa, os acordos entre axentes que impulsan capacidades colectivas. Investir, supón menor volume, maior complexidade e risco e maior potencial competitivo e de rendibilidade. Finalmente, a captación de talento, tanto individual como sobre todo colectivo, é o máis complexo dos grandes retos da internacionalización.

Resulta certo que importar adecuadamente tamén é un factor competitivo pero, en calquera caso, a exportación é fonte chave do comercio e un síntoma evidente da capacidade competitiva dun país no marco internacional.

Galicia presenta un potencial exportador extraordinariamente interesante, tanto en volume como en taxa de cobertura. As cifras de exportación mantivéronse por riba dos 20.000 millóns de euros a partir de 2017, mesmo en 2020 e a pesar da pandemia. A taxa de cobertura situouse en termo medio nun 120,54%, unha cifra relevante que identifica o vigor dunha economía capaz de penetrar nos mercados internacionais.

Con todo, as exportacións galegas están centradas en poucos produtos, especialmente material de transporte –sobre todo vehículos automóbiles-, téxtiles -basicamente confección-moda- e peixe. De acordo co IGE, durante 2021 a porcentaxe das exportacións foi, en material de transporte o 33,89%, os produtos téxtiles supuxeron o 20,95%, mentres que o peixe alcanzou o 5,94%, considerando que o conxunto de exportacións de animais vivos foi nese ano o 8,23%. Estas porcentaxes varían. De feito, durante 2019 e 2018 os téxtiles superaron ao material de transporte, pero en conxunto adoitan supoñer máis da metade de todas as exportacións. A especialización en si mesma non é un factor negativo,

CSV: BOPGIS/BOG-pA/AA/B7/0CZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

pero si o é a concentración do risco se algunha das liñas de exportación presenta transformacións transcendentais en forma de novos competidores emerxentes, como sucede na automoción, que realmente se converteu en mobilidade cunha forte achega de software importado.

De acordo co ICEX, máis de dous terzos do volume das nosas exportacións -expedicións- adoitan destinarse ao mercado interior europeo. Así, en 2020 concentrou o 72,2%; en 2019 e 2018 o 70,8%. Francia é o principal país adquirente, con entre o 24,4% en 2020, o 19,0% en 2019 e o 19,1% en 2018. Se consideramos o conxunto de Europa, supérase o 80% de vendas galegas ao exterior.

Alén dos efectos da pandemia percíbese unha intensificación do comercio ecolóxico. Na COP 26 de Glasgow constatouse un incremento da temperatura media do planeta sobre a época industrial de +1,1º a +1,3ºC. Para ter unha referencia do impacto económico, suponse que non superar os +1,5ºC implicaría reducir o 45% as emisións en 2030 respecto a 2010. En calquera caso, unha tendencia sobresaínte será que nos vindeiros anos intensificaranse as accións respecto a un comercio máis ecolóxico e habemos de asumir este reto.

Un factor relevante do atractivo dun territorio e que á vez resulta crítico para competir nos mercados globais é o investimento estranxeiro directo (IED). Con todo, nos últimos anos percíbese un descenso global dos fluxos. No mundo, o devandito investimento reduciuse en preto dun billón de dólares desde 2007, con caída en economías desenvoltas e en economías en transición, pero cun pequeno repunte nas economías en desenvolvemento, aínda que a UNCTAD anuncia que é a área máis resistente polos investimentos en Asia. A caída do IED é outro exemplo do incipiente repregue da economía mundial anteriormente comentada.

Madrid supuxo o 75,2% do IED atraído por España en 2020. Madrid e Cataluña adoitan recibir en torno ao 90% do investimento estranxeiro directo. Unha das razóns desta realidade é o efecto sede das sociedades mercantís que canalizan o IED, posto que a maioría de empresas teñen a súa sede social neses dous territorios e cando os investidores presentan as súas declaracións de fluxos de investimento, atribúeno ao conxunto societario ou á sede, aínda que o destino sexa todo o país ou outras partes concretas de España. De todos os xeitos, tal como establece o Boletín de Investimentos Exteriores (xullo 2021, páxs.

CSV: BOPGIS0BOCnpWAKBT0CZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

14-23) no que se refire ao investimento estranxeiro directo durante 2020, o 75,2% do total correspondeulle a Madrid, mentres que o 12,5% foi a Cataluña. A terceira posición foi para o País Vasco, co 3,6% do total español. Galicia supuxo tan só o 0,9% do IED en España no período 2016-2020. Espérase que os fluxos mundiais de investimento estranxeiro directo toquen fondo en 2021 e recuperen algo do terreo perdido, cun incremento do 10 ao 15% (UNCTAD, informe sobre os investimentos no mundo, 2021).

Nalgúns dos produtos esenciais de intercambio e investimento internacional están a xerarse novas competencias emerxentes, que definirán o devir da competitividade en moitos mercados. A actividade en maior transformación, das tres centrais que supoñen máis da metade das exportacións galegas, é a automoción. Por riba, no horizonte de 2030-2035 todo apunta a grandes cambios alimentarios. A menos afectada das tres semella a confección-moda, aínda que se percibe un incremento notable da competencia nos próximos anos.

A automoción está a transformarse, pasando de ser un produto -automóbil- a ser un servizo -mobilidade avanzada e estendida-. As novas competencias ACES - *autonomous/ connected/ electric/ shared vehicle*- supoñen unha transformación de gran calado nesa industria. A mobilidade avanzada e estendida tamén está a desenvolver extraordinarios campos de traballo, como son a micromobilidade e a mobilidade como servizo -*Mobilitiy as a Service*, *MaaS*-.

En canto á agricultura hai que ir pensando xa máis en termos de nutrición dende unha perspectiva internacional. As actividades alimentarias, importantísimas por moitos factores na economía galega, tamén están sometidas a grandes transformacións, especialmente pola previsible redución de custos das proteínas alternativas, obtidas mediante procesos de fermentación de precisión, e considerando a regulación tanto derivada do control dos gases de efecto invernadoiro, como das novas normativas pesqueiras e das crecentes tendencias sobre a ética de protección animal.

Pola súa banda, o téxtil -e particularmente a confección-moda-, afronta importantes retos de competidores moi agresivos. En definitiva, a actividade exterior das nosas empresas está sometida a continuas mutacións procedentes do exterior, polo que convén irse adaptando

CSV: BOPARLGA-DOCPARLAMENTO-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

en tempo e forma. Non facelo pode supoñer caída en vendas e perda de posicións competitivas nos mercados internacionais.

Estratexias de desenvolvemento económico dende unha óptica exterior

Como consecuencia do diagnóstico previo, baseado no exame da contorna foránea que incide sobre nós, hai que definir dous grandes ámbitos de reflexión e actuación. Un plano institucional, que abrangue os grandes retos do mundo, o rol da UE –especialmente a través do seu papel no planeta e máis especificamente a través do impulso *Next Generation*-, o rol de España como marco de referencia e especificamente as posibles actuacións respecto diso en Galicia. A segunda gran reflexión está ligada ao ámbito micro, é dicir, aos actores principais, as empresas, os sistemas produtivos e, en xeral, os actores relacionados coa acción exterior. En suma, a economía vista dende o prisma da acción exterior precisa un dobre plano de atención: un plano macroeconómico, xunto a outro microeconómico.

Atendendo ao enfoque *Next Gen* aplicado pola UE, o reto non é tan só a reactivación económica, profundamente necesaria tras a pandemia, senón tamén a cada vez máis urxente transformación económica, que afecta tanto ao ámbito macro como ao micro, posto que os novos condicionantes provocan que as vellas estruturas non respondan de forma adecuada á nova orde de cousas no mundo. De aí a necesidade de renovación, baseada na aprendizaxe organizativa de segundo ciclo, que implica un cambio de visión.

Eurostat informou que o PIB da UE contraeuse o 6,1% en 2020 e da Eurozona nun 6,5%, presentándose xunto con desequilibrios no déficit público, un incremento do endebedamento e unha redución da converxencia entre rexións. Por outra banda, quedou clara a convicción de que os desequilibrios non se reconducirían suficientemente rápido pola persistencia da pandemia. De aí a necesidade de reactivación económica.

Por outra banda, tamén existe unha sensibilidade crecente na UE por afrontar os retos ambientais, enerxéticos –especialmente no ámbito dos combustibles fósiles e o seu impacto no quecemento global-, as grandes transformacións tecnolóxicas, a dixitalización das actividades económicas e da administración das organizacións. As transformacións económicas, e moi particularmente as vinculadas cos fondos *Next Generation*, deberían

CSV: BOPARLG-b0WkFJ7GZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

dar lugar a unha nova xénese nos sistemas produtivos. En consecuencia, e considerando os desafíos de gran calado que mostrou a pandemia, as autoridades europeas aspiran a reactivar a economía e á vez renovar moitas actividades, que precisan unha radical transformación da súa visión e modernizarse en profundidade. Pero lembremos que non só Europa pretende algo así, senón tamén todas as economías relevantes. De feito, a UNCTAD (*Stimulus package*, 2021) anunciou que polo menos se triplicou o investimento con esa orientación respecto da correspondente á crise de 2008-2009.

A EGAEX debe verse pois como un instrumento para aprender a valorar o influxo exterior e para aproveitar as oportunidades consubstanciais á internacionalización da economía e das empresas.

Dende a perspectiva exterior, serían cinco os eixos de atención a considerar polos operadores galegos:

1. Galicia debe involucrarse nos retos do mundo que inciden sobre ela, debido a que non é un ente autárquico nin illado. Este ámbito de actuación é chave para gañar consideración como actor relevante. A iso pode contribuír o reforzo na medida do posible da cooperación ao desenvolvemento e comprometéndose ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) da ONU. Tamén axudaría ofrecer dende Galicia propostas de actuación innovadoras, co fin de que o mundo se transforme nun espazo de relación cada vez máis consistente e valioso para todos os actores.

2. Impulsar o comercio, na súa máis ampla acepción: Dende Bretton Woods, o comercio internacional foi un factor determinante na distensión entre os pobos. Os acordos cooperativos reforzan os intercambios e melloran o clima empresarial, xerando riqueza para os cidadáns. Tal como demostrou Baumol, ao tratar o que consideraba unha "enfermidade de custos" dos produtos e servizos non internacionalizados, o comercio mundial é un factor fundamental na redución de custos, xa que o custo dos produtos internacionalizados medra por baixo da inflación, e por tanto os intercambios xerados polo comercio reforzan o benestar colectivo.

Apoiar a ampliación de mercados antes que unha maior penetración nos mercados actuais, así como reforzar a competitividade e as competencias emerxentes dos produtos e servizos

CSV: BOPARG-000AAB7D0CZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

con maior valor engadido, deben ser obxectivos cruciais no comercio exterior de Galicia. Importar ben é un factor fundamental para moitas empresas dende a vertente da capitalización ou a eficiencia, pero ademais hai outras facetas interesantes seleccionando axeitadamente a transferencia de tecnoloxía, licenzas e servizos avanzados que impulsen novos recursos e un novo coñecemento externo, indispensable para mellorar as bases da competitividade. Igualmente, debemos fomentar a internacionalización das nosas empresas medianas. Algúns países posúen un alto nivel de comercio internacional e moi competitivo a través de empresas cunha dimensión mediana. Este é o caso de Alemaña.

3. Facilitar a xeración de alianzas entre espazos económicos e entre empresas: A cooperación é un factor de primeira magnitude para impulsar o acceso aos mercados internacionais. É de enorme utilidade, mesmo para grandes organizacións. Esta cooperación pode centrarse no ámbito comercial, no técnico ou tecnolóxico e mesmo no ámbito financeiro.

Entre os acordos de cooperación comercial internacional máis destacados están a antena colectiva, entendida como unha alianza entre organizacións e empresas para dispoñer de información relevante sobre factores críticos de acceso, mantemento ou penetración en mercados exteriores. Estes factores poden ser información sobre competidores, prezos, ámbitos e axentes de acceso, demandas máis relevantes, etc.

Outra categoría de acordos son os que versan sobre axentes recíprocos en mercados cruzados -*piggy back, portage* ou portadoras-. Son acordos comerciais onde unha empresa "porta" os produtos doutra nos seus mercados internacionais.

Tamén é de interese a articulación dun club colectivo de empresas asociadas para accións conxuntas nos mercados internacionais. Neste caso será determinante coidar os custos de transacción ou custos ocultos entre os cooperantes.

Doutra banda, as centrais de comercialización e de compras internacionais igualmente son unha boa vía para mellorar un custo esencial e á vez favorecer a innovación e a flexibilidade. Os consorcios de empresas, ben no ámbito de mercados, ou ben mesmo no eido técnico ou tecnolóxico ou mixtas, son igualmente alternativas interesantes.

CSV: BOPRSDBOG-pdwkBTGZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

A cooperación técnica internacional tamén é unha vía idónea para a internacionalización, especialmente mediante contratos de asistencia técnica, tanto ao proceso como ao produto. Ou a fabricación común baixo licenza, as licenzas de patentes e marcas, os programas conxuntos de investigación e desenvolvemento internacional, e en particular a subcontratación avanzada ou *comakership*, moi utilizada nalgúns ámbitos, especialmente na automoción.

4. Estimular a atracción de investimento estranxeiro directo, mesmo a pesar das dificultades e á competencia internacional existente. Neste caso resulta esencial reforzar o marco atractivo para captar investimentos, tanto en dispoñibilidades técnicas e regulatorias, como en espazos idóneos para traballar e vivir, para directivos e traballadores especializados xunto coas súas familias. É especialmente relevante a captación de investimentos que impulsen competencias emerxentes para seguir mantendo a competitividade.

5. Atraer talento, especialmente no plano colectivo, pero tamén de modo individual. A atracción de talento, especialmente colectivo-organizativo pero tamén individual, significa un activo de futuro extremadamente valioso. Como no caso anterior, implicaría reforzar infraestruturas, estruturas e servizos a quen achegue ese talento, así como un marco suxestivo para traballar e vivir. Neste caso resulta moi relevante impulsar a Galicia como un país de oportunidades.

A economía contemporánea transcende a acción exterior, pero esta debe axudarnos a buscar e a integrarnos en redes e organismos ligados á innovación, ao desenvolvemento económico-empresarial e ao apoio á internacionalización. En síntese, o impulso á economía a través da acción exterior está repleta de riscos pero, sobre todo, de oportunidades ligadas ás transformacións creativas de vangarda. Ver vir as ondas da internacionalización económica axúdanos a sortealas e a remontalas. Ignoralas pasivamente só incrementa a probabilidade de ser arroiados ou engulidos por elas.

CSV: BOPARLDBOCnbWAKJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

6.1 Reactivación económica e enfoque *Next Generation*

6.1.A. Estratexia macroeconómica exterior

A EGAEX ten que vir necesariamente condicionada pola planificación macroeconómica da Xunta de Galicia. Neste senso o Plan Estratéxico 2022-2030 inclúe as directrices fundamentais que cómpre considerar. Ese Plan pivota sobre cinco eixos:

- Reto demográfico e benestar
- Galicia verde e sostible
- Competitividade e crecemento
- Cohesión social e territorial
- Gobernanza.

Entre as súas prioridades a estimar cómpre salientar:

- Crecemento medio sostido ata 2030 de entre o 2 e o 2,5% anual.
- Acadar en 2030 a converxencia plena con España en termos de renda bruta dispoñible per cápita dos fogares.
- Redución en 4 puntos a taxa de paro e que cara ao ano 2030 baixe ata o entorno do 8%.
- Redución da ratio débeda/PIB en cinco puntos nesta década, ata o entorno do 13%.
- Controlar a débeda pública no orzamento do ano 2025 e volver ao déficit cero.

E as liñas de traballo inclúen:

- Reforzar a saúde e a calidade de vida
- Consolidar o sistema educativo entre os mellores de España
- Avanzar cara á neutralidade climática
- Aumentar o peso das enerxías renovables
- Potenciar o peso do sector industrial
- Mellorar a competitividade
- Favorecer unha Galicia dixital e innovadora
- Continuar reducindo a taxa de exclusión social
- Garantir unha Galicia sen fendas de xénero.

CSV: BOPGIS/BOG-pdwkb7/0cZx-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
O CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA * XUNTA DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Esta delimitación macroeconómica da EGAEX 2024-2028 polo Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 non obsta que a propia EGAEX deba ficar prevalentemente condicionada polos obxectivos estratéxicos inseridos no artigo 4 da LACEX, a saber:

a) A aproximación ao produto interior bruto per cápita da zona euro da Unión Europea.
b) O acercamento aos estándares socioeconómicos, de calidade de vida, demográficos e ambientais básicos da zona euro da Unión Europea.
c) A maior diversificación dos mercados exteriores.
d) A captación de capital mercantil e industrial destinado a investimento produtivo.
e) A atracción de capital humano cualificado para o máis acelerado desenvolvemento e a consolidación económica de Galicia, que axude a paliar o avellentamento da nosa poboación pola caída da nosa natalidade.
f) O retorno das e dos emigrantes e dos seus descendentes.
g) O fortalecemento das relacións coa cidadanía galega residente no estranxeiro e o apoio ás entidades galegas asentadas fóra de Galicia recoñecidas ao abeiro da normativa en materia de galeguidade.
h) A contribución á realización da Axenda global de desenvolvemento humano sustentable e ás políticas de cooperación internacional e axuda humanitaria do Estado e da Unión Europea.
i) O impulso da cultura da solidariedade internacional e da conciencia da cidadanía global na sociedade galega.
j) A promoción do europeísmo e dunhas relacións internacionais baseadas na paz e na xustiza.
k) Defender os intereses globais de Galicia e os intereses específicos de cada sector da actividade económica, social e cultural.
l) Internacionalizar a economía e a sociedade galega, cunha aposta decidida polo coñecemento, a investigación e a creación como elementos singulares da marca país.
m) Participar proactivamente na Unión Europea, artellando redes de influencia e cooperación con outros territorios, nomeadamente con Portugal e con comunidades e países do arco atlántico.
n) Atraer persoas para que elixan Galicia como lugar para vivir e traballar, potenciando sectores estratéxicos relacionados coa innovación, a creatividade, a ciencia, a industria, o

CSV: BOPRSDBOG-h0WkBTCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

rural e os servizos sociais, contribuíndo deste xeito ao desenvolvemento de Galicia e a combater o declive demográfico e os desequilibrios territoriais.

Porén a EGAEX debe considerar o entorno internacional e nomeadamente o europeo, para que Galicia aproveite as oportunidades alí existentes e contribuír deste xeito a mellorar os parámetros socioeconómicos básicos do país, tamén en termos relativos e non só en termos absolutos. Noutras palabras, se Europa medra, Galicia debe medrar con ela e converxer cos seus mellores estándares, non conformarse con medrar e mellorar respecto a si mesma fronte ao seu pasado máis inmediato ou só tomar como referencia o contexto español, xa que o mercado interior é europeo, os aranceis e as alfándegas son europeos e o sistema monetario tamén é europeo, entre outros factores de natureza macroeconómica indiscutiblemente determinantes.

A complementariedade co Plan Estratéxico de Galicia 22-30 deses obxectivos capitais inseridos no artigo 4 da LACEX atópase logo instrumentalmente co artigo 57 ([6]) da LACEX -Consideración do contorno europeo e internacional na planificación económica, así como co 58 ([7]) - Negociación, programación e xestión dos fondos da Unión Europea a prol de Galicia-. En consecuencia, a definición macroeconómica e político-estratéxica da EGAEX vén debuxada por todos estes factores e a eles fica obrigada.

Tal como salienta a representación das forzas sindicais galegas no CAEX, a EGAEX subliña a necesidade de medrar no I+D en relación co PIB, en liña coas directrices europeas, para deste xeito contribuír ao crecemento económico e á xeración de emprego. Igualmente cómpre incrementar o peso do sector industrial no emprego e no PIB, aproveitando a oportunidade que implica o cambio de tendencia no proceso de globalización, que se aprecia

---

6 *O órgano de dirección da Administración autonómica que teña encomendada a responabilidade de efectuar a planificación económica poderá reclamar a cooperación do órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior e mais da Fundación Galicia Europa no ámbito da información, dos estudos e da lexislación, de órbita comunitaria ou internacional.*

7 *O órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior e mais os órganos de dirección autonómicos responsables de efectuaren a planificación económica galega e a xestión dos fondos da Unión Europea manterán a máis estreita cooperación e coordinación co obxectivo de atinxir o mellor resultado posible na fase negociadora dos marcos financeiros plurianuais, dos programas operativos de interese para Galicia e da normativa europea de implementación deses recursos.*

CSV: BOPGIS0BOG+pWAKJ7/0CZx-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

por exemplo no téxtil e na fabricación de compoñentes para a automoción, facilitando agora a recolocación de investimentos e dos seus empregos asociados, por contra do movemento previo de deslocalización, que tanto se viu afectado coa pandemia da COVID, ao poñer en risco a fluidez das canles de fornecemento de insumos producidos a milleiros de Kms. Actuar deste xeito debera servir para ofertar oportunidades laborais á nosa mocidade, cunha dobre e positiva implicación, tanto demográfica como de xeración de riqueza no país. Complementariamente hai que facilitar o relevo xeracional, sobre todo no agro e no mar, pólas chave para manter a autonomía alimentaria e a sostibilidade, mellorando as condicións laborais e a rendibilidade.

6.1.B. Estratexia microeconómica exterior: exportacións e expedicións de bens e servizos, investimentos no exterior e captación de investimentos

Ao respecto das exportacións e expedicións de bens e servizos, a LACEX dispón no seu artigo 61 -Comercio no mercado interior- que para mellorar o aproveitamento das vantaxes do mercado interior europeo, o sector público autonómico tomará en consideración as mellores prácticas avaladas pola dirección xeral competente da Comisión Europea. Asemade favorecerá a prestación de servizos transfronteirizos dos operadores galegos dentro do mercado interior europeo, mediante os correspondentes estudos de mercado, para aproveitar as vantaxes competitivas daqueles.

Daquela, dende unha vertente microeconómica a EGAEX ten que estimular a inspiración nas directrices europeas para integrar máis e mellor o mercado interior, de xeito que os seus operadores fundamentais –empresas e profesionais- actúen nel con toda naturalidade e aproveiten ao máximo as avantaxes da integración.

Sen embargo, á vez debemos ser conscientes de que Europa é unha pequena península dun bloque continental que comeza no Pacífico, océano que polo demais estase convertendo no eixo económico por excelencia do planeta. De aí que cumpra lembrar o disposto no artigo 62 ([8]) da LACEX -Comercio exterior-, que esixe a minoración de riscos sistémicos, evitando en suma a excesiva concentración xeográfica das nosas vendas ao exterior.

---

8 *1. A Administración autonómica promoverá a diversificación internacional do comercio exterior desenvolvido polas empresas radicadas en Galicia.*

CSV: BOPRSIDBOG-p0AWkJ7DCZx-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

A través da Estratexia para a Internacionalización das empresas galegas 2021-2025, establécense como obxectivos principais no horizonte 2025 acadar as 8.000 empresas exportadoras, así como un máximo histórico de exportacións: 25.000M€. Inclúese ademais un plan de acción para a recuperación económica na era da COVID-19 a través do desenvolvemento do negocio internacional no período 2021-2023.

Con este obxectivo imos procurar superar os valores pre-crise, acadando un máximo histórico de exportacións de 25.000M€, o cal suporía un incremento do 19,7% con respecto a 2020.

Chegar ás 8.000 empresas exportadoras representa o segundo obxectivo estratéxico. Acadar esta contía suporía un incremento do 12,4% con respecto a 2020.

Tamén cómpre diversificar os mercados internacionais. O obxectivo neste punto é crecer nos nosos mercados obxectivo fóra da UE, especialmente América do Norte, América do Sur, Asia e Reino Unido.

América do Norte, China e a Unión Europea son os nosos mercados con maior crecemento nos tres anos anteriores á pandemia. Tamén amosou unha tendencia positiva América do Sur e, aínda que estancado, o Reino Unido.

Para diversificar sen renunciar ao noso crecemento natural na UE, estes son os nosos retos inmediatos:

- Obxectivo de exportacións en 2025 (en millóns de euros):

---

2. Cando a Administración autonómica observe unha excesiva concentración de riscos sistémicos, convocará as cámaras de comercio galegas e as asociacións sectoriais concernidas para elaborar uns plans de continxencia que inclúan a pescuda de novos mercados.
3. A Administración autonómica realizará anualmente unha convocatoria ás cámaras de comercio galegas e ás asociacións sectoriais coa finalidade de revisar a prioridade de mercados obxectivo e a fixación de novos mercados obxectivo a medio prazo.

CSV: BOPGDSPG-jAHk7iVCZ-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

	2020	2025	Medre 2020-2025
América do Norte	505	1.300	158%
América do Sur	439	800	82%
Asia	883	1.500	70%
Reino Unido	1.346	1.700	26%

Objetivo de exportaciones en 2025 (en millones de euros)			
	2020	2025	crec. 2020-2025
América del Norte	505	1.300	158%
América del Sur	439	800	82%
Asia	883	1.500	70%
Reino Unido	1.346	1.700	26%

Un aspecto relevante é o que atinxe á internacionalización dixital. O obxectivo deste apartado é que entre as empresas tradicionais actuais se incorporen as canles dixitais á súa estratexia de internacionalización e que xunto coas novas empresas nacidas na internet que buscan mercados globais, incorporemos á internacionalización dixital a 1.000 empresas galegas antes do 2025.

Para medrar no eido do capital humano e as súas pericias, procurarase conseguir e dar a coñecer ás empresas 500 profesionais galegos especializados en internacionalización, coa finalidade de achegar talento exportador ás nosas PEMEs. Isto farase mediante a formación de mozos e mozas titulados para dar apoio a negocios internacionais, con apoio ás empresas para a contratación de expertos en desenvolvemento do negocio internacional e con programas de capacitación e actualización de conceptos en profesionais expertos do comercio internacional.

CSV: BOPRSDBOCnpWAKJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

A disrupción convértese en oportunidade para as nosas empresas se somos capaces de darlles acceso á información que lles permita decidir con acerto e se introducimos nelas a innovación na xestión como camiño para o éxito. O noso primeiro eixo de actuación centrarase no acceso á información e fomento da innovación.

Contar coas persoas axeitadas e coas súas competencias require de formación e atracción do talento. Polo tanto, o noso segundo eixo volcarase na atracción e posta a disposición de talento e formación máis desenvolvemento a prol dos profesionais das empresas.

A dispoñibilidade de medios para emprender e desenvolver a aventura internacional require que profundemos e reinventemos as medidas de acompañamento e apoio: o noso terceiro eixo é a achega de medios e acompañamento no proceso exportador, tanto en orixe como en destino, así como recursos para que as empresas aposten pola transformación dixital.

A credibilidade social require sementar actitudes e confianza nas propias posibilidades: comunicar que é posible e lograr que as empresas sintan a Administración autonómica como unha compañeira de viaxe que escoita e achega. A exemplaridade é un elemento esencial: debemos difundir os casos de éxito galegos, especialmente nas pequenas empresas, para que, por mímese, se reproduzan en toda a Comunidade.

A máis curto prazo implementarase un plan baseado en diversos eixos operativos, a saber:

- EIXO 1: Acceso á información e fomento da innovación:

Mediante as antenas empresariais do IGAPE búscase abrir camiños para o tecido económico galego nos países destino. Estas antenas prestan servizos empresariais individualizados para o acompañamento ás PEMEs no seu proxecto de internacionalización.

Actualmente contamos con seis oficinas operativas en China (Shanghai), EE.UU. (Miami), Marrocos (Casablanca), México (Cidade de México), Perú (Lima), e a antena Brexit no Reino Unido (Londres).

Proxectamos a apertura de novas antenas en Emiratos Árabes Unidos (Dubai), e Xapón (Tokio), con posibilidade de abrir oficinas en Brasil e Corea do Sur.

CSV: BOPARG-112024-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Procuramos dar servizo a través das antenas no exterior a 1.000 empresas no período 2021-2023. A dotación orzamentaria para este proxecto é de 2,2 millóns de euros.

A oficina Brexit ofrece información e asesoramento para a toma de decisións por parte das empresas ante o novo escenario aduaneiro que conleva o Brexit. As ferramentas empregadas para este fin son o cheque Brexit, a antena Brexit en Londres, unha ferramenta de autodiagnóstico Brexit, e servizos de información e formación continua.

Coa internacionalización dixital búscase impulsar as vendas no exterior a través de ferramentas dixitais innovadoras. Así, co obxecto apoiar ás empresas galegas nos seus procesos de internacionalización dixital e, sendo conscientes de que o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais supón un enorme potencial para a mellora da competitividade nos mercados internacionais, consideramos que o desenrolo de plans empresariais de internacionalización dixital repercute nas posibilidades de negocio. Así posibilítase a presenza en mercados, facilítase o aceso a clientes, redúcense os custos de transacción e publicidade, e permítese abrir canles comerciais novos, aportando así medios máis eficaces para a potenciación de actividades económicas internacionais e o incremento das exportacións. Ofreceremos axudas destinadas a PEMEs, autónomos e comercio retallista en concorrencia non competitiva, que cubrirán ata un máximo do 80% dos gastos e investimentos necesarios para desenvolver e implementar o plan de internacionalización dixital. Proxectos cun gasto subvencionable de entre 25.000 e 125.000 euros ou, no caso do comercio retallista, de entre 15.000 e 100.000 euros. O que se pretende conseguir con estas axudas é que 1.000 empresas exporten dixitalmente dende Galicia no 2025, con 700 empresas beneficiarias das convocatorias da axuda *Galicia Exporta Dixital* no período 2021-2025. A previsión é de executar un orzamento de 24 millóns de euros no trienio 2021-2023

Co esforzo conxunto de GAIN e IGAPE no programa *Emprende Global* procurarase potenciar o emprendemento internacional mediante a participación en feiras e encontros internacionais en materia de innovación e emprendemento. Buscarase tanto a participación activa en feiras e encontros internacionais, tanto físicos coma virtuais, no eido da innovación e do emprendemento en diferentes sectores da economía galega, para propiciar a participación de emprendedores galegos en eventos de innovación a nivel internacional (Consumer Electronic Show das Vegas, p.e.). A previsión é visitar con emprendedores ata

CSV: BOPARLGA-b0WkBTDCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

seis ecosistemas tecnolóxicos punteiros a nivel mundial, como por exemplo Miami-Florida (USA), Zhongguancun (Pekín – China), Silicon Wadi (Tel Aviv – Israel,), Silicon Valley (USA), Electronics City (Bangalore – India,) e East London City (Reino Unido).

O servizo de licitacións internacionais permitirá ás empresas contar cunha plataforma que achegue información de contratación pública internacional e que aporte unha análise sobre a potencialidade do mercado da contratación pública en diferentes países. O obxectivo que se pretende é dar servizo a 100 empresas.

- EIXO 2: Atracción e posta a disposición de talento e formación:

Neste senso búscase dotar ás nosas empresas de profesionais expertos en internacionalización mediante os seguintes programas:

- Bolseiros/as de internacionalización: Incorporación de mozos e mozas con vocación internacional ao noso tecido empresarial. Procurarase formar a 100 novos bolseiros e para isto contamos cunha dotación orzamentaria de cinco millóns de euros.

- Xestores de internacionalización: Dotar de profesionais con máis experiencia ás nosas empresas exportadoras. Preténdese chegar con este programa a 140 empresas e contamos cunha dotación orzamentaria de catro millóns de euros.

- *Fórmate internacional*: Programas formativos de capacitación e webinarios especializados de actualidade, cun especial enfoque no desenvolvemento das competencias dixitais. O obxectivo é formar a 400 profesionais e contar con máis de 500 profesionais no rexistro. A dotación orzamentaria é dun millón de euros.

Ademais, o programa *Galicia Avanza* representa unha medida de aceleración especializada en comercialización exterior, que persegue fortalecer a internacionalización das solucións innovadoras en produtos ou servizos das PEMEs galegas. Agrega a implementación de estratexias e programas de innovación eficientes de GAIN, en colaboración coa labor en internacionalización desenvolvida polo IGAPE.

CSV: BOPRSDBOG-pwAwBJ7GZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

O programa desenvolverase mediante itinerarios de aceleración personalizada, mentorización, formación transversal e capacitación, networking e visualización. Lanzaranse dúas convocatorias no período 2021-2023 e contarase con 30 entidades participantes por convocatoria.

En canto ao programa *ReAcciona COVID-19*, este incorpora dúas novas liñas de servizos vinculados á internacionalización do tecido produtivo:

- Elaboración e execución de plans de internacionalización que permitan vender en novos mercados e adquirir competencias en vendas dixitais.

- Análise de mercados exteriores, identificando os riscos e oportunidades que implican, tanto no acceso a novos mercados, como no mantemento de operacións nun país determinado. De seguido, confeccionarase unha proposta coas medidas necesarias a implementar.

➢ EIXO 3: Achega de medios e acompañamento no proceso exportador:

Para o acompañamento nos mercados destino, as accións de promoción e venda de carácter virtual convértense nunha axuda vital e en moitos casos son a única maneira de manter o pulso ás exportacións. As liñas así habilitadas son as seguintes:

- Galicia Exporta empresas
- Galicia Exporta Organismos Intermedios
- Plan FOEXGA, en colaboración coas Cámaras de Comercio.

Ademais destas axudas, elabóranse plans sectoriais dos sectores vitivinícola e *contract*, co fin de axudar ás empresas destes sectores a ser máis competitivas no mercado internacional e fomentar unha maior cooperación entre os axentes de cada sector.

No relativo ao sector vitivinícola, existe unha ampliación do prazo do convenio de colaboración entre o IGAPE e o sector en materia de promoción, formación e asesoramento.

CSV: BOPGDOC-hpWKB7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Os tipos de actuacións previstas son o desenvolvemento de solucións de promoción dixital, participación en feiras ou outros eventos expositivos e misións inversas -presenciais ou virtuais- e accións formativas.

En canto ao sector do *contract*, a Xunta continúa a apoiar ás empresas do sector, de cara á súa consolidación como líder no escenario global. Os tipos de actuacións previstas son a Semana Internacional *Contract* Galicia, accións de promoción internacional en destino e xornadas internacionais e encontros empresariais.

- EIXO 4: Comunicación coas empresas, difusión e exemplaridade:

IGAPE Contigo representa un programa de comunicación da Estratexia Internacional de Galicia 2021–2025, a través do cal se procura potenciar a cultura da internacionalización mediante a sementeira da credibilidade social e exemplaridade, e poñer en valor e dar a coñecer os nosos casos de éxito. O Plan de escoita á empresa exportadora, permitirá coñecer as súas necesidades, dificultades e ás súas expectativas fronte a Administración.

+ CAPTACION DE INVESTIMENTOS

Dentro da área de Internacional do IGAPE, e máis concretamente das competencias en atracción de investimentos do estranxeiro, o principal obxectivo é buscar proxectos de investimento empresarial que se implanten en Galicia e contribúan, por unha banda, a incrementar o tecido produtivo galego, e por outra, á creación de emprego estable en Galicia, facendo especial énfase en empresas estranxeiras non radicadas en España/Galicia (*IED*) e en empresas estranxeiras xa implantadas en Galicia con posibles proxectos de crecemento (*aftercare*).

Dende o punto de vista sectorial, trabállase na práctica totalidade dos sectores susceptibles de ser obxecto de axuda a través das diferentes liñas de subvención existentes no IGAPE. En todo caso, e sen rexeitar ningún proxecto posible en virtude do sector ao que pertencen, o Instituto céntrase nos seguintes eidos:

- Sector *Call Center*, servizos compartidos e actividades de *outsourcing*.

CSV: BOPGIS/BOG-h0WAKJ7/0CZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

- Desenvolvemento de software e sector audiovisual.
- Sector TIC.
- Sector da madeira, é dicir, calquera aplicación que incremente o valor deste recurso natural tan abondo, especialmente deseñando novos produtos a partir del.
- Sector da terceira idade, ou sexa, todo o relacionado coa fabricación de equipamentos e material especialmente pensado para persoas maiores, tanto médicos como non médicos. Tamén se inclúen servizos especiais para persoas maiores relacionados coa teleasistencia, a telemedicina, etc.
- Sector de fabricación de equipamento ambiental.
- Sector farmacéutico.
- Sector da biotecnoloxía.
- Sector da automoción, con especial énfase nos vehículos eléctricos e con outros combustibles non fósiles (hidróxeno).
- Sector aeronáutico.

Dende o punto de vista das distintas parcerías, trabállase en colaboración continua con diversas institucións públicas e empresas privadas, como son:

- ICEX, e máis concretamente coa oficina *Invest in Spain* do ICEX.
- Antenas do IGAPE.
- Consultoras privadas.
- Empresas que chegan directamente ao IGAPE e manifestan o seu interese por analizar un investimento en Galicia.
- Asociacións de empresarios galegos no exterior (AEGAS).

A xeito de resumo, pódese indicar que o principal obxectivo é xerar o maior número posible de contactos, informacións, noticias e publicidade de Galicia como sexa posible, co obxectivo de chegar ao maior número de *leads*, e a partir de aí, unha vez detectada unha posibilidade concreta, traballar na implantación final da empresa en cuestión en Galicia, contribuíndo a completar cadeas de valor e a xerar novo emprego.

As principais actuacións desenvolvidas para inducir tráfico de información, poden resumirse nas seguintes accións:

CSV: BOPGIS0BOG+pWAKJ7/0CZx-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

- Captación de proxectos de investimento:
  - Busca de novos proxectos.
  - Seguimento de proxectos en carteira.
  - Elaboración de información *ad hoc* para cada proxecto.
  - Busca de posibles localizacións, tanto en polígonos industriais, principalmente de promoción pública, como de oficinas para ubicar novos proxectos de investimento.
  - Realización de axendas para visitas de prospección de posibles investimentos.
  - Acompañamento durante a estadía en Galicia.
  - Traballos de *aftercare*.
  - Busca e seguimento de noticias comerciais internacionais.
- Programa de xeración de *leads*:
  - Xestión dos contratos actuais de *Lead Generation*.
  - Busca de novos contratos.
  - Seguimento de proxectos de xeración de *leads*.
- Elaboración de estudos económicos:
  - Elaboración de novos estudos sectoriais.
  - Seguimento dos estudos realizados.
- Asistencia a foros internacionais específicos de captación de investimento:
  - Dar a coñecer Galicia, establecer contactos, falar das oportunidades que Galicia xera para novos investimentos, seguimento, etc.
- Feiras asistenciais:
  - Selección de feiras.
  - Actividades de preparación da feira. Establecemento de contactos previos á feira.
  - Seguimento dos contactos de maior interese realizados na feira.
- Sinatura de convenios con outras institucións galegas e/ou estranxeiras para colaborar na captación de investimentos ou na xeración de emprego directo mediante novos investimentos.
- Publicidade nacional e internacional.
- Mantemento de actualización doutros medios:
  - Páxina web.

CSV: BOPRSDBOCnpWAKBTWCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

- Outro material promocional, tales como vídeos, trípticos, cadernos de venda, etc.

Tanto no que se refire ao fomento das exportacións galegas como aos procesos de captación de investimentos, o IGAPE colabora activamente con:

- **Antenas do IGAPE no exterior**: Os principais servizos que prestan ás empresas galegas as antenas son:
  - Información de mercado e apoio *in situ*.
  - Prospección de mercado.
  - Identificación e seguimento de axentes de negocio: socios potenciais, clientes e distribuidores.
  - Elaboración de axendas.
  - Itinerario personalizado de internacionalización empresarial.
  - Apoio puntual en accións de promoción.
  - Seguimento de accións comerciais previas.
- **Asociacións de Empresarios Galegos no exterior**: As asociacións de empresarios galegos no exterior constitúen unha ferramenta moi importante para a Xunta de Galicia xa que en cada unha das asociacións sitúanse os principais empresarios de orixe galega establecidos nos devanditos países. A existencia destas asociacións é unha ferramenta que permite entrar en contacto directo cun sobranceiro grupo de empresarios, ao tempo que tamén son un sinalado contacto para penetrar nos devanditos mercados para os empresarios radicados en Galicia. Ao mesmo tempo, as distintas asociacións tamén poden constituír un relevante fluxo de investimentos directos cara a Galicia. As principais asociacións de empresarios galegos coas que se mantivo algún tipo de contacto nos últimos anos son as seguintes:
  - Asociación de Empresarios Galegos de Arxentina, AEGA.
  - Asociación de Empresarios Galegos de Sao Paulo, AEGASP.
  - Associaçao Brasileira de Empresarios Galegos, ABEGAL.
  - Asociación de Empresarios Galegos de USA, AEGUSA.

CSV: BOPARLAMENTOGALICIA-DIPUTACIONPERMANENTE-2-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

- Unión Mexicana de Empresarios Galegos, UMEGAL.
- Asociación de Empresarios Galegos de Portugal, AEGAP.
- Asociación de empresarios Galegos da República Dominicana, ADEGARD.
- Asociación de Empresarios Galegos del Uruguay, AEGU.
- Asociación Panameña Empresarios Galegos.

Cómpre salientar que tanto as antenas do IGAPE no exterior, como as asociacións de empresarios galegos no exterior, contribúen activamente de forma complementaria á internacionalización da empresa galega, así como en posibles procesos de captación de investimentos.

A convivencia de ambas as dúas ferramentas proporciona ás empresas galegas diferentes formas de chegar e contactar cos empresarios e institucións relevantes de cada país onde temos presenza, de tal xeito que, por unha banda, as empresas galegas poidan ofrecer os seus produtos e servizos nos devanditos mercados e, por outra banda, Galicia teña máis opcións para captar proxectos de investimento empresarial.

En canto aos investimentos, no seo do CAEX xa se tratou de xeito preliminar a necesidade de mellorar a captación de investimentos procedentes do exterior, fundamentalmente cara ao sector secundario, dado que a industria sempre é tractora de emprego indirecto e de servizos complementarios.

A este respecto, a LACEX dinos no seu artigo 63 en canto á captación de investimentos produtivos:

1. Durante o primeiro trimestre de cada ano natural logo da entrada en vigor desta lei, a Administración autonómica examinará o estudo *Doing business* do Banco Mundial, para os efectos de avaliar a posta en marcha das medidas precisas, dentro das competencias autonómicas, para mellorar a atracción de capital foráneo dedicado a investimentos produtivos. Asemade, na elaboración destas medidas tomaranse en consideración outros informes oficiais da Comisión Europea e de organizacións internacionais en que España sexa Estado membro.

CSV: BOPARLG-DOG-hpAWkJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

2. Cando os atrancos ou atrasos aos investimentos de capital foráneo procedan doutras Administracións galegas, a Xunta de Galicia promoverá as modificacións indispensables para situar Galicia no chanzo superior das Administracións máis eficientes en tempo e custos do contorno da Unión Europea.

3. Os investimentos produtivos de capital foráneo beneficiaranse das medidas previstas na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, de acordo co disposto nela.

Co devandito propósito, a LACEX tamén require no seu artigo 64 a colaboración coa rede de oficinas comerciais das embaixadas de España no exterior.

Eis, cómpre facer un esforzo adicional neste eido, inspirándonos en modelos de éxito ben achegados, como o irlandés, aínda que sexa preciso instar á Administración Xeral do Estado a mudar aspectos da política tributaria e outros que veñen condicionados pola lexislación básica do Estado. As experiencias referidas por Ray MacSharry e Padraic White na súa obra '*The making of rhe Celtic Tiger – The inside story of the Ireland's boom economy*' poden ser fortemente inspiradoras. Dende Galicia tense que requirir unha nova política estatal de captación de investimentos internacionais e, con ela, outra de distribución equitativa no territorio, acorde coas directrices europeas de axudas rexionais, apostando polas avantaxes competitivas e o peche de ciclos, mais tamén polo asentamento de industrias e negocios *cutting edge & state of the art*, mesmo que requiran veloces adaptacións de recursos humanos, coa rápida resposta de adecuación das nosas universidades e centros de formación profesional, como fixo Irlanda no seu día para instalar industrias sen tradición nin base previa na súa illa –p.e. alugamento de aeronaves a gran escala, cando en Galicia temos tres aeroportos nun radio de cen quilómetros, que poderían apoiar ese ou outro modelo análogo de negocio, que require persoal de mantemento moi especializado e ben retribuído; ou p.e. industria vencellada á biomedicina e á ortopedia de nova xeración, por citar algúns casos da Illa Esmeralda-.

Ademais do modelo irlandés merecen unha mención especial as medidas portuguesas. Así, a República Portuguesa puxo en marcha o ***"Estatuto de investidor da diáspora"*** (*EID*), ao fío dunha iniciativa que combina captación de talento, captación de investimento produtivo e rexeneración das bisbarras do país máis afectadas polo avellentamento demográfico. Esta

CSV: BOPARLDIGCHAMBRA-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

iniciativa, axeitadamente adaptada ás especificidades galegas e mesmo ás singularidades de cada unha das nosas bisbarras, pode contribuír notablemente ao rexurdimento desas áreas do país e mesmo facer medrar a cooperación transfronteiriza coas NUTs III e concellos beneficiarios.

O EID galego podería materializarse mediante proxectos piloto, nados dunha estratexia ascendente logo dunha primeira convocatoria, e despois da testaxe de resultados e das achegas dos interesados, dar pé a unha lei propia do EID que blindase a seguridade xurídica consubstancial ás certezas que reclaman as persoas que desexen iniciar unha nova vida en Galicia e compartir con nós o seu futuro e o das súas familias.
A concentración dos investimentos privados nas áreas máis desenvolvidas do país debe ser re-equilibrada con outros investimentos que, polas súas circunstancias territoriais e socio-demográficas, son merecentes de maiores apoios e estímulos. Por suposto haberían beneficiarse das bonificacións fiscais máximas que permitan as normas de axudas de Estado da UE -*State aid rules*-, mais tamén dunha superior axilidade administrativa e de diversas accións afirmativas, como poderían ser o acceso a prazas de ensino e a outros servizos públicos esenciais.

Por fortuna, o novo réxeme do EID galego podería beneficiarse *a priori* de certas ferramentas xa previstas na LACEX. Así, todo o inserido no seu Título X (*Novas redes de intereses galegos no exterior*), singularmente o *Asento de galegos e galegas do exterior (Asge)* -artigo 110- e máis o *Asento de empresas e profesionais galegos no exterior (Asepge)* -artigo 112-, poden axudar a desburocratizar ao máximo o despegue práctico do EID. Iso ficará en liña cos obxectivos estratéxicos previstos no artigo 4, que inspiran de xeito teleolóxico a aplicación da propia LACEX e condicionan a súa interpretación, nomeadamente no que atinxe ás seguintes letras do devandito artigo:

> *c) A maior diversificación dos mercados exteriores.*
> *d) A captación de capital mercantil e industrial destinado a investimento produtivo.*
> *e) A atracción de capital humano cualificado para o máis acelerado desenvolvemento e a consolidación económica de Galicia, que axude a paliar o avellentamento da nosa poboación pola caída da nosa natalidade.*
> *f) O retorno das e dos emigrantes e dos seus descendentes.*

CSV: BOPARLG-p0AWkJ7/0CZx-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

g) O fortalecemento das relacións coa cidadanía galega residente no estranxeiro e o apoio ás entidades galegas asentadas fóra de Galicia recoñecidas ao abeiro da normativa en materia de galeguidade.

Asemade cómpre engadir o previsto no artigo 63.3 da LACEX, sinalado anteriormente, que os *investimentos produtivos de capital foráneo beneficiaranse das medidas previstas na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, de acordo co disposto nela.*

Estas previsións, unidas ás restantes que se poidan sumar no eido dos servizos públicos en canto á preferencia e garantías no seu acceso, poden facilitar que persoas que mesmo aínda non obtiveran a nacionalidade española pero que poderían ser considerados galegos do exterior polas súas raiceiras, se beneficien do EID, ofertándolle xa de entrada mesmo un asesoramento personalizado e un acompañamento administrativo nas xestións oficiais pertinentes diante dos consulados de España e ulteriormente diante da AXE. A mensaxe dende Galicia debe ser nidia: todo galego do exterior pode beneficiarse do EID en canto profesional, como emprendedor ou como investidor que desexe aportar a Galicia e que aspire a formar parte da nosa Comunidade, tanto por si como pola súa descendencia.

Finalmente, precisamos captar novos talentos e capacidades. En Galicia hai colos de botella en actividades como a dos titulados náutico-pesqueiros e outras similares en diversos subsectores, polo que cómpre atraer dende fóra a persoal cualificado. Neste punto, a LACEX marca no seu artigo 65 unhas pautas ben nidias, acomodándose en calquera caso ás directrices das autoridades españolas e da Unión Europea, sen prexuízo de que as autoridades galegas realicen as xestións precisas para trasladar aos ministerios competentes as necesidades estruturais galegas neste eido.

Aquí a pescuda en países da CPLP debe ser igualmente prioritaria, deseñando se for preciso dende Galicia programas de formación, capacitación ou especialización correlacionados con bolsas de traballo acordadas cos axentes sociais. En todo caso, a previsión de programas para atraer a Galicia a menores e xente nova en xeral para aproveitar ao máximo as nosas estruturas académicas e educativas seguirá sendo algo prioritario, concitando para iso unha cooperación, colaboración e coordinación o mellor ensamblada posible, consonte co espírito *C³+* xa definido.

CSV: BOPRSDBOG-pA4kFJ7GZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

En suma, a perfecta engrenaxe entre a EGAEX 24-28, o Plan Estratéxico 2022-2030 e finalmente a Estratexia para a internacionalización das empresas galegas 2021-2025, debe dar como resultado optimizar a proxección fóra dos nosos actores económicos, sempre coa finalidade de mellorar a posición relativa de Galicia na nosa contorna europea.

6.1.C. Turismo e acción exterior

Contra o persistente imaxinario colectivo sobre a realidade galega, o turismo xa ten un peso socioeconómico maior có do agro e mais a pesca. Con todo, non debemos sobrevalorar nin infravalorar a uns sectores sobre outros, como tampouco procede confundir valor e prezo, dados os beneficios colaterais para a seguridade alimentaria e dos abastecementos, para a conservación do medio natural e para a cohesión social e territorial.

Sen embargo, non se pode negar que o turismo aínda goza en Galicia dun potencial adicional que cómpre activar, singularmente logo do *shock* inducido pola pandemia da COVID-19, que alterou en negativo a dinámica desta actividade terciaria e, ademais, fíxoo ás portas das mellores perspectivas posibles, no limiar do Xacobeo 2021, logo estendido por Decreto da Penitenciaría Apostólica vaticana a todo o ano 2022.

Polo demais, o turismo é unha excelente canle para o estreitamento das relacións entre os pobos, nomeadamente entre os pobos europeos. Non en van, atribúeselle a Johann Wolfgang Goethe ubicar na peregrinación, na viaxe, no coñecemento doutros pobos e países a acta de nacemento da europeidade, igual que os irlandeses atribúen ao seu Santo misioneiro Columbanus a primeira referencia escrita á *totius Europae*, cando relata a súa viaxe vital dende Leinster a Lombardía, estendendo dacabalo dos séculos VI e VII a regra monacal céltica.

A Axencia de Turismo de Galicia, en colaboración do Clúster do Turismo, estableceu o marco de traballo en materia turística para o período 2017-2020, tendo en conta as necesidades dos axentes de distintos ámbitos da cadea de valor do sector.

CSV: BOPRSDBOG-wAWkB7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Ese documento aliñábase cos obxectivos do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 (PEG), deseñado para contribuír aos resultados que se pretendían conseguir dentro da prioridade de actuación PA 3.3 "Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados" e ao obxectivo estratéxico OE 3.3.01: "Reforzar o atractivo turístico e situar a Galicia como destino único a través dun modelo máis competitivo, sustentable e adaptado aos cambios do mercado".

A Estratexia do Turismo baseouse en lograr que no ano 2020 Galicia fose un destino turístico sostible, innovador e competitivo, producindo os seguintes cambios nos atributos e recursos:

- Acadar un turismo baseado no patrimonio, a historia e a cultura galega, caracterizado por unha consolidación dos novos produtos e experiencias turísticas, diferentes ás doutros destinos, nas que destaca o mar como referencia específica, xunto coa cultura celta e as nosas lendas e tradicións.

- Identificarse cun destino sostible, coidadoso coa paisaxe e os recursos naturais, tanto nas rías e praias do litoral, como nas fragas, soutos, bosques e parques naturais do interior; consolidando unha oferta de alta calidade, relacionada con atributos do denominado *slow tourism*, e de alto valor engadido, na que destaca o termalismo.

- Potenciar a gastronomía galega, representada por cociñeiros e cociñeiras de primeiro nivel, para complementar de xeito transversal unha grande cantidade de territorios e produtos turísticos, reforzando o turismo de maior valor engadido. A enogastronomía e o enoturismo comezan a ser detonantes e motivadores especiais da viaxe a Galicia.

- Facer do *Camiño* un gran eixo e factor diferenciador, que facilita a visibilidade e a repercusión internacional.

Ademais de esta liña da internacionalización turística cómpre engadir como liña estratéxica a presenza de Galicia na fachada atlántica en relación con Bretaña, Irlanda...para favorecer a idea dunha área con moitas características en común no eido cultural.

CSV: BOPARLAMENTODEGALICIA-CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Con esas premisas, cómpre salientar a liña da internacionalización turística, que segue a ser capital durante esta nova EGAEX. A captación do turista internacional precisa de canles de comercialización sólidas, por tratarse dun cliente moi esixente e que demanda valor polo prezo que paga.

Ata a chegada da pandemia da COVID-19, que supuxo unha caída abrupta e sen precedentes do sector turístico, os principais indicadores da demanda turística reflectían unha clara tendencia alcista, culminada en 2019 con máis de cinco millóns de turistas, que acumularon case once millóns de pernoctas nos establecementos regrados do territorio galego. Ademais, datos como a ocupación, a estadía media ou a rendibilidade amosaban unha mellor evolución que o promedio español. Nos albores de 2020, as expectativas eran moi positivas, con xaneiro e febreiro rexistrando cifras superiores a 2019 na comparativa interanual e atendendo á proximidade dun Ano Santo (o primeiro en máis dunha década), que insuflaba optimismo ao sector. O repentino peche de fronteiras e os illamentos cautelares por todos os Estados emisores de turistas a Galicia alteraron fondamente o panorama.

Houbo que poñer en marcha o *Plan de Reactivación* dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19, asinándose convenios con todos os subsectores. Así mesmo, activouse o programa *Elixe Galicia*, e posteriormente o *Bono Turístico*, entre outras medidas destinadas a salvagardar ao sector turístico galego. Asemade, a posta en marcha da campaña *Galicia destino seguro*, foi outra das medidas que contribuíu a que Galicia fose durante estes dous últimos anos de pandemia un dos destinos turísticos que mellor se recuperou.

Co obxectivo de impulsar coa maior celeridade posible a reactivación turística de Galicia tras a crise sanitaria, económica e de emprego provocada pola COVID-19 no sector, fica en pé o Plan Director para o horizonte 2021-2023: *Galicia destino seguro*, nado co obxectivo de recuperar os indicadores de ocupación, rendibilidade e gasto previos á crise de saúde pública, algúns dos cales, como o número de viaxeiros ou compostelas, veñen de acadarse un ano antes do remate do plan, grazas ao impulso do Xacobeo 21-22.

Para acadar os seus obxectivos estratéxicos, este Plan Director apóiase en catro piares:

CSV: BOPRSDBOG-b4WkB7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

- A calidade como sinal de identidade do sector.
- A seguridade e hospitalidade do destino.
- O uso intensivo da tecnoloxía e o impulso da innovación.
- A sustentabilidade 360º como elemento vertebrador.

No Plan insírense sete obxectivos estratéxicos, 42 plans de acción e 273 propostas operativas. No horizonte haberá que irse preparando e adaptando para a celebración dos ulteriores Anos Santos (2027 e 2032), chamados a exercer de anovadas pancas de intensificación da chegada de visitantes internacionais, contribuíndo deste xeito a asentar un modelo turístico rendible e de calidade, no que se antepoñan os obxectivos cualitativos aos cuantitativos.

No que atinxe á proxección internacional de Galicia como destino turístico, na Liña Estratéxica 3 -*Territorio e recursos turísticos*-, o punto 3.7 está dedicado á Eurorrexión como oportunidade, por medio do Clúster Transfronteirizo do Turismo. Galicia e o Norte de Portugal vertebran un espazo transfronteirizo con características propias e comúns en moitos casos. É de gran interese establecer pois acordos para dinamizar o turismo na Eurorrexión, onde xa existen casos de éxito na colaboración entre países. Reforzarase o papel da Eurorrexión Galicia–Norte de Portugal como elemento creador de sinerxías entre ambos destinos para a mellora da competitividade das empresas e da súa capacidade de internacionalización, con base nun modelo turístico sustentable e seguro para a posta en marcha de iniciativas turísticas. A conciencia dun destino común permitirá establecer estratexias de cooperación e impulsar políticas de desenvolvemento que impliquen a todos os actores do ecosistema turístico a ambos lados da fronteira.

As accións operativas establecidas para este punto son:

- Elaboración dun plan director para a constitución do *Clúster Transfronteirizo do Turismo*. Arranca cunha análise da situación de partida antes de definir a folla de ruta que permita poñer en marcha o clúster. Optarase por modelos de colaboración público–privada e definirase un plan de acción que contemple o deseño de estruturas de gobernanza, que dean voz a toda a cadea de valor.

CSV: BOPGIS/BOC-hpWkBTCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

- Aproveitamento do proxecto *Eurorrexión Destino Turístico Intelixente* (*EDIT*) para a posta en marcha dun sistema de intelixencia turística, que permita mellorar a xestión dos recursos turísticos e a información dispoñible sobre a actividade turística.

- Liderado, por parte do novo Clúster Transfronteiro do Turismo, de proxectos de base turística que opten a captar financiamento europeo nos vindeiros anos. Preténdese aproveitar a experiencia conxunta demostrada en proxectos de cooperación transfronteiriza con incidencia no patrimonio cultural e natural.

- Valorización das diferentes rutas do Camiño de Santiago que percorren a Eurorrexión, no marco do proxecto *Facendo Caminho*, para o seu aproveitamento sustentable como recurso patrimonial, cultural e natural transfronteirizo.

- Fortalecemento da colaboración entre empresas e xestores de destino dos dous países para dinamizar, no seo do novo Clúster, a transferencia de coñecemento e a difusión de boas prácticas.

- Impulso do corredor ferroviario Vigo–Porto como liña de alta velocidade para a vertebración da Eurorrexión e para facilitar a mobilidade e o fluxo bidireccional de turistas.

Na Liña estratéxica 4 -*Promoción, comercialización e márketing turístico*-, indícase que a menor dependencia do mercado estranxeiro que ten Galicia respecto a outros destinos españois supuxo unha avantaxe nun momento no que a COVID-19 obrigou enfocar cara un turismo de proximidade, tanto nacional como, especialmente, de persoas residentes en territorio galego. En todo caso, a folla de ruta debe contemplar o futuro e preparar ao sector para competir no mercado internacional, unha vez se minimicen ou desaparezan as restricións á mobilidade, como así se está a comprobar no proceso de recuperación da peregrinación internacional no segundo Ano Santo, en que recuperamos un 80% dos peregrinos internacionais, que xa representan o 45% do total de compostelas expedidas.

CSV: BOPRSDBOG-pdwkfJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Nos primeiros once meses do ano 2022 Galicia[9] rexistrou 6,3 millóns de viaxeiros aloxados e 12 millóns de noites no conxunto dos establecementos de aloxamento[10] , unha cifra nunca antes acadada.

Con estes datos, Galicia supera nun 41% os rexistros do mesmo período do ano previo para situarse novamente por riba do nivel precedente á pandemia, cun incremento do 3,0% no nivel dos primeiros once meses de 2019.

O noso territorio volve mellorar tamén con respecto ao conxunto do Estado, cunha ocupación oito puntos maior respecto da media do conxunto do Estado e manténse como o sétimo destino máis importante do Estado situándose por detrás de Canarias, Cataluña, Baleares, Andalucía, a C. Valenciana e Madrid. Representa o 2,8% do total estatal. Os primeiros cinco destinos absorben neste período o 78% da demanda total do conxunto do Estado.

9 Datos de acumulado absoluto de xaneiro a novembro (hoteleiros e extrahoteleiros)
10 Datos de ocupación do INE – a saber, hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings, turismo rural e albergues-.

CSV: BOPRSDBOG-pdWkB7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Neste período, todas as tipoloxías superan con creces os niveis de demanda do pasado ano:

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS/AS		NOITES		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. 22/21	Nº	Var. 22/21	%	Var. 22/21
HOTEIS	3.511.584	50,4%	7.037.485	44,1%	46,62%	8,47
PENSIÓNS	932.017	51,9%	1.608.025	31,8%	31,44%	6,15
ESTAB. HOTELEIROS	**4.443.603**	**50,7%**	**8.645.507**	**41,7%**	**42,78%**	**8,16**
APTOS. TURÍSTICOS	192.945	41,0%	608.319	20,5%	25,13%	-1,80
CÁMPINGS	310.981	8,7%	1.090.178	6,7%	26,82%	1,71
TURISMO RURAL	201.108	32,4%	373.532	19,5%	20,84%	2,24
ALBERGUES	1.130.736	137,4%	1.320.076	129,7%	33,98%	10,03
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	**1.835.770**	**74,6%**	**3.392.105**	**40,5%**	**-**	**-**
TOTAL	6.279.373	57,0%	12.037.612	41,3%	-	-

Os datos acumulados ata novembro de 2022 reflicten que o 72% da demanda corresponde ao segmento hoteleiro, mentres que o 28% restante fica no aloxamento extrahoteleiro.

O 75% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede das restantes comunidades autónomas- mentres que o 25% restante é internacional. Ambos segmentos superan de forma notable as cifras do pasado ano, nun 23% o nacional e en máis do dobre o internacional.

Por provincias, nos once primeiros meses daquel ano, rexistrouse un comportamento positivo da demanda turística nas catro provincias galegas, con incrementos que roldaron o 30% en Lugo, Ourense e Pontevedra, e superaron o 40% e A Coruña.

CSV: BOPARG-wAWkB7DCZx-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Especificamente, no que atinxe ao Xacobeo, cómpre incentivar a demanda e acelerar os procesos de recuperación e reactivación do turismo nacional e internacional. A ampliación do Ano Santo a 2022 xerou unha gran oportunidade en termos de reactivación que soubemos aproveitar e que permitiu que Galicia rexistrara cifras históricas en canto á chegada de viaxeiros e de peregrinos, superando non só o fito establecido no Plan Director 21-23 *Galicia Destino Seguro* establecido para 2022 e para o 2023.

A evolución das cifras de peregrinos da última década, así como o feito de estar na antesala do primeiro Ano Santo en once anos, facían que o sector turístico galego albergara grandes expectativas cara ao Xacobeo 2021. A pesares da pandemia, que provocou unha caída na entrega de compostelas do 84,5% respecto do 2019, a capacidade de recuperación que o Camiño ten demostrado durante a celebración deste Xacobeo foi excepcional. Se en 2020 se expediron 54.144, no primeiro Ano Santo a cifra pasou a 178.912 e, consolidouse durante o 2022 marcando unha cifra récord nunca antes acadada, nin nun Ano Santo. Con 438.682 compostelas entregadas durante este 2022, superamos nun 26% o récord histórico anterior, que estaba en 2019, con case 350.000 certificacións, polo que imos camiño de quedar moi preto da cifra estimada de medio millón de compostelas, que se recollía no Plan Estratéxico do Xacobeo 2021.

Esta cifra supón que este Ano Santo 2022 pulverizou todas as marcas en canto a cifra de chegada de peregrinos contabilizada (hai que ter en conta que se calcula que polo menos un 30% de peregrinos non recolle a Compostela ao completar a súa peregrinación).

Este novo récord foi resultado dun traballo de recuperación e reactivación do Camiño e da celebración dun Ano Santo dobre no que se mandaron as mensaxes de que o Camiño era seguro, estaba aberto e encaixaba á perfección nas necesidades de contacto coa natureza, experiencias en espazos abertos e en contacto coa poboación local, paradigmas que caracterizaron ao viaxeiro posCOVID.

En canto á orixe dos peregrinos, case o 55% é de orixe nacional e o resto proceden de máis de 180 países, o que supuxo recuperar tamén a peregrinación internacional nun 80%, aínda que non chegamos á porcentaxe de persoas estranxeiras que había en 2019 no Camiño, un 65%.

CSV: BOPARLDOC-pw4kB7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Se no Xacobeo 21 entre o 70% e o 80% deles foron de orixe nacional, no Xacobeo 22 a recuperación do peregrino internacional foi medrando ata representar preto do 45% este ano.

- A cifra de peregrinos estranxeiros ata o momento (01.11.2022) , con 192.054 compostelas entregadas, está xa moi preto de acadar a cifra total de compostelas entregadas a peregrinos estranxeiros en todo o ano récord de 2019 (201.211)

- A cifra de peregrinos nacionais, non obstante, é a que nos está a permitir marcar un récord absoluto: con más de 230.000 compostelas entregadas a peregrinos nacionais no que vai de ano, xa superamos en máis de 85.000 as entregadas en todo o ano 2019 a peregrinos galegos e españois.

- En canto aos principais países de procedencia dos peregrinos estranxeiros destacan nos primeiros postos Italia, Estados Unidos e Alemaña, que desprazan a Portugal dos primeiros postos, lugar que ocupou o ano pasado, cando se comezou a recuperar a mobilidade internacional.

2019	2020	2021	2022
347.559	54.144	178.912	438.682

RESUMEN BALANCE TURÍSTICO 2022

	2019	2020	2021	2022[11]
Viaxeiros/as	5,1M	1,9M	4,2M	6,2M
Noites	10,9M	4,7M	8,9M	12M
Compostelas	347.000	54.000	178.912	438.682

A pesares dos contratempos, desenvólvense sete accións operativas, das que cómpre salientar polo que atinxe á internacionalización as seguintes:

11 Datos de establecimentos hoteleiros e extrahoteleiros entre xaneiro e novembro de 2022.

CSV: BOPRSDBOGnpWAKBTWCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

- Realización de accións de promoción no marco do Xacobeo 21-22, para consolidalo como un fito que proxecta a Galicia no eido internacional. Deseñaranse campañas dixitais dirixidas de forma singular aos mercados prioritarios de Europa e a outros mercados de interese, como os Estados Unidos, Xapón e Corea.

- Consolidación de *O Son do Camiño* como festival de proxección internacional. A evolución da situación sanitaria definirá o formato e capacidade máxima de asistencia ao do evento no curto prazo.

Ademais, hai que incidir no impulso ás misións empresariais no exterior e nos mercados turísticos internacionais, posicionando a Galicia como destino para a vindeira década. Entendemos que a reconfiguración do turismo internacional supón unha oportunidade para Galicia respecto a outros destinos, polo que resulta primordial afondar no coñecemento da demanda estranxeira e establecer estratexias de colaboración público–privadas para consensuar os mercados prioritarios.

Como corolario desa oportunidade que se albisca, precisamos actualizar a axenda de feiras internacionais nas que Galicia debe ter presenza durante os vindeiros anos, sen desbotar os principais eventos internacionais (FITUR'Madrid, ITB'Berlín e WTM'Londres). Con todo hase buscar a participación naquelas feiras de menor dimensión e/ou sectoriais que se considere que poidan ter unha incidencia real na reactivación da demanda estranxeira dacordo coa oferta galega. Galicia participa en máis de 30 feiras especializadas e sectoriais dedicadas a ámbitos como o turismo relixioso, turismo rural, ornitolóxico ou náutico que nos están a permitir impactar en segmentos de viaxeiros con intereses aliñados coas características da oferta turística de Galicia e captar viaxeiros en mercados emisores de moito interese como o asiático, o mercado estadounidense ou mercados especializados en Europa.

As misións comerciais directas a mercados europeos emisores de turistas para Galicia – principalmente naqueles con mellor conexión aérea cos aeroportos galegos- serán intensificadas. Organizaranse *workshops* e encontros con operadores deses países para facilitar a comercialización da oferta turística galega.

CSV: BOPRSDBOGnpWAKBTWCFZx7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

XUNTA DE GALICIA

O mercado portugués, principal caladoiro de turistas para Galicia, terá iniciativas especiais. A proximidade e a oportunidade que supón en termos de desestacionalización converten ao país veciño en prioritario para reactivar a demanda estranxeira.

A colaboración público-privada e as iniciativas *C3+* con outras entidades e co Clúster do Turismo buscará complementariedades. Así, introducirase ás nosas empresas turísticas nos diferentes instrumentos do IGAPE para o impulso da internacionalización: *Galicia Exporta Empresas*, *Galicia Exporta Organismos Intermedios*, *Galicia Exporta Dixital*, *Plan Foexga*, *Programa Sinerxía*, e nas axudas para a contratación de xestores da internacionalización.

Cómpre realizar accións prospectivas en mercados emerxentes, principalmente en América do Norte e Asia, co obxectivo de definir liñas de traballo que acheguen un impacto real en termos de captación de turistas a medio e longo prazo. Tamén se establecerán contactos para analizar a viabilidade de voos transoceánicos e intercontinentais.

En canto á avaliación do impacto esperado con todas estas iniciativas, debemos lembrar que durante os anos anteriores á pandemia o sector turístico galego melloraba os seus indicadores ano a ano, de forma paulatina e sostida. No período 2014-2017, o número de oficial de turistas en aloxamentos regrados pasou da contorna dos catro millóns a superar os cinco, deixando o teito histórico en 5.120.641 persoas. Tras un leve retroceso ao ano seguinte, en 2019 volveuse á senda do crecemento e Galicia comportouse como un dos territorios españois con mellor evolución. Sen embargo, en 2020 a cifra oficial de turistas caeu ata o nivel dos dous millóns polas causas sabidas. Dende un punto de vista cuantitativo, xa superamos a cifra establecida no Plan Director.

Entre os expertos entrevistados durante o proceso participativo de diagnose, existiu unanimidade na consideración de que en 2023 se habían recuperar os indicadores de 2019, fundamentalmente no segmento internacional.

Cara ao futuro a medio e longo prazos debemos tomar en consideración a *Transition Pathway for Tourism*, presentada pola Comisión Europea[12].

12 ISBN 978-92-76-47149-3. Luxembourg: Publications Office of the European Union, 2022. https://ec.europa.eu/commission/presscorner/detail/en/ip_22_850

CSV: BOPGDSPG-jdHh3tV7Z-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043



A *vía de transición para o turismo* é un plan creado conxuntamente con actores do ecosistema turístico que detalla accións, obxectivos e condicións clave para lograr as transicións verdes e dixitais e a resiliencia a longo prazo do sector. A vía de transición pídelle á comunidade turística que aplique medidas en 27 áreas, incluíndo:

- Investir en circularidade para reducir a enerxía, os residuos, a auga e a contaminación, e ao mesmo tempo para satisfacer mellor a demanda crecente de turismo sostible;

- Mellorar as prácticas de intercambio de datos, para permitir novos servizos turísticos innovadores e mellorar a xestión sostible dos destinos;

- Investir en habilidades para garantir a dispoñibilidade de man de obra cualificada e carreiras atractivas no ecosistema.

A implicación activa de todos os axentes do sector será clave para o éxito da transición verde e dixital. Esta vía de transición é a primeira que se ofrece como parte dunha acción máis ampla anunciada na *Actualización da estratexia industrial*, de maio de 2021, onde a Comisión pediu que os ecosistemas industriais aceleren a transformación verde e dixital e incrementen a resiliencia da economía europea. Iniciou o principio da co-creación de vías de transición coas partes interesadas, como ferramenta colaborativa esencial para a transformación verde e dixital dos ecosistemas industriais.

CSV: BOPGIS/BOG-p/AHkJ7/0CZx-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

A *vía de transición para o turismo* tamén contribúe á petición do Consello Europeo nas súas conclusións de maio de 2021, que invitan "á Comisión e aos Estados membros, en participación coas partes interesadas relevantes, a deseñar unha Axenda Europea para o Turismo".

A Comisión Europea ve xa o turismo como un ecosistema industrial, abranguendo cadeas de valor interconectadas e globalizadas. Dacordo con diversas fontes, en 2019 o turismo xerou o 9,5% do PIB total da UE e proporcionou 22,6 millóns de empregos con 3,2 millóns de empresas turísticas, das que o 99,8% foron microempresas ou pequenas e medianas empresas. En Europa todo o ecosistema turístico comprende empresas que traballan en varios sectores, incluíndo servizos de alimentación e bebidas, provedores de información e servizos en liña (plataformas dixitais), axentes de viaxes e operadores turísticos, provedores de aloxamento, xestores de organizacións, atraccións e transporte de pasaxeiros. Por iso, a UE tamén quere investir axeitadamente os Fondos europeos neste sector[13] e nós temos que prepararnos.

Table 2 : EU funding programmes relevant for tourism

	EU funding programmes 2021-27 covered by the Guide on EU funding for tourism	MFF	NGEU	Total in billion EUR*
1	Recovery and Resilience Facility		723,8	723,8
2	European Regional Development Fund (ERDF) and Cohesion Fund	274,0		274,0
3	European Social Fund Plus (ESF+)	99,3		99,3
4	European Agricultural Fund for Rural Development (EAFRD)	87,4	8,1	95,5
5	European Maritime, Fisheries and Aquaculture Fund (EMFAF)	6,1		6,1
6	Programme for environment and climate action (LIFE)	5,4		5,4
7	Horizon Europe	86,1	5,4	95,5
8	Creative Europe Programme	1,8		2,5
9	Erasmus+	24,6		26,5
10	Just Transition Fund (JTF)	8,5	10,9	19,3
11	Digital Europe programme	7,6		7,6
12	Single Market Programme (SMP)	4,2		4,2
13	InvestEU Fund	3,1	6,1	10,3
14	REACT-EU		50,6	50,6
15	European Globalisation Adjustment Fund (EGF)			1,5
	Total budget in billion EUR			**1.422,2**

* all amounts rounded; for some programmes the total includes additional reinforcements

Sources: DG EMPL (2021): European Globalisation Adjustment Fund for Displaced Workers (EGF)

13 Guide on EU funding for tourism: https://ec.europa.eu/growth/sectors/tourism/funding-guide_en

CSV: BOPGIS/BOG-h0WAKJ7/0CZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043



Figure 1: Business confidence indicator of industrial ecosystems – tourism marked with red line (calculated by DG GROW.A1 based on data by the Joint Harmonised EU Programme of Business and Consumer surveys)

Daquela, a vía ou camiño europeo de transición para o turismo aborda as solicitudes descritas anteriormente e prepara a senda para unha transición de futuro e unha resistencia a lor go prazo para o ecosistema turístico, cara a 2030 e máis aló. Galicia debe posicionarse daquela na vangarda desta transformación para aproveitala axeitadamente.

6.1.D. Sector primario

A defensa do agro forma parte do cerne da galeguidade e representa tamén o cerne do selo-país eminentemente verde que queremos proxectar cara fóra.

Neste eido debemos ficar moi atentos á evolución das negociacións comerciais da UE con terceiros Estados no referente ás importacións agrícolas. A crise de fornecementos cerealísticos desencadeada pola invasión de Ucraína por orde da máxima autoridade rusa e o seu impacto en toda a cadea de insumos que chega á gandería e á produción leiteira, debe servir para lembrarnos os fondos piares da agricultura europea, chantados polos pais fundadores da que hoxe é a nosa Unión no Tratado constitutivo da Comunidade Económica Europea[14], asinado en Roma en 1957.

14 Artigo 39 (antigo artigo 33 TCE)
1. Os obxectivos da política agrícola común serán:

CSV: BOPGIS0BOG-pwAwkBTWCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

O que máis adiante no tempo se dou en chamar "soberanía alimentaria" está porén intimamente conectado con esta política pública basal da Unión: garantir a seguridade das subministración e asegurar o abastecemento ao consumidor a prezos razoables, son mandatos basais vixentes. Mais semella que moitos europeos téñeno esquecido. A invasión da Ucraína e a intensificación da guerra alí librada, esíxenos recobrar e poñer na axenda a prioridade por garantir esa seguridade dos subministracións alimentarios e de asegurar o abastecemento de alimentos á nosa cidadanía. Esta concienciación axudará tamén e por extensión a garantir un mellor nivel de vida á nosa poboación labrega e do agro. O engarce congruente destes factores vai daquela en interese estratéxico de Galicia e de derivadas como loitar contra a desertización demográfica do noso rural.

De maneira máis micro, debemos incrementar cuantitativa e cualitativamente a cooperación do sector con Portugal. Así, lembramos que a Dirección Xeral de Defensa do Monte participa con socios lusos no proxecto INTERLUMES e no proxecto H-2020 FIRE RES, o primeiro financiado polo FEDER na iniciativa Interreg, co obxectivo primordial de reforzar a capacidade operativa de resposta á extinción de incendios forestais na fronteira, fundamentalmente a través da construción de bases de medios aéreos que permitan dar unha resposta máis áxil e eficaz na loita contra o lume.

No tocante ao proxecto H-2020 FIRE RES, o obxectivo xeral do proxecto é impulsar a transición socio-tecnolóxica, integrando os aspectos ambientais, climáticos, sanitarios e de seguridade, culturais e socioeconómicos dentro dunha corrente de accións innovadoras. Os modelos, os métodos, as tecnoloxías e os sistemas de apoio á toma de decisións servirán para aplicar unha estratexia de xestión de incendios holística e integrada para facer fronte aos lumes extremos de forma eficiente. O obxectivo fundamental de FIRE-RES é dotar á UE

---

a) aumentar a produtividade agrícola, promovendo o progreso técnico, garantindo o desenvolvemento racional da produción agrícola, así como o uso óptimo dos factores de produción, en particular, o traballo;
b) garantir así un nivel de vida xusto para a poboación agrícola, especialmente aumentando a renda individual dos que traballan na agricultura;
c) estabilizar os mercados;
d) garantir a seguridade dos subministros;
e) asegurar o abastecemento ao consumidor a prezos razoables.

CSV: BOPRSDBOG-b0AWkBTDCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

da capacidade necesaria para evitar o colapso fronte aos incendios severos, que se prevé que aumenten baixo un clima máis hostil.

En suma, esta cultura cooperativa con Portugal tense que estender a outros eidos do agro e do rural, sobre todo pensando no interior dos dous territorios e na necesidade de rexuvenecer a súa poboación con novos proxectos viables e atractivos.

O sector agrario galego caracterízase por un predominio do subsector gandeiro, que abarca case dous terzos da produción final agraria da nosa comunidade. Destaca especialmente a produción láctea, que supón a cuarta parte da produción final agraria, moi por encima doutros conceptos como o gando vacún ou porcino. Galicia produce anualmente máis de tres millóns de toneladas de leite, que a prezos de outubro de 2022 teñen un valor en orixe duns 1.700 millóns de euros. Galicia está dentro das dez zonas europeas máis produtoras e achega o 41% da produción láctea española.

Unha das maiores debilidades do sector lácteo galego é a insuficiente industrialización dentro de Galicia. Con todo, en 2021 alcanzouse un nivel de industrialización interna do 63%. A Estratexia de Dinamización do Sector Lácteo Galego 2020-2025 establece como obxectivo para 2025 transformar en Galicia o 75% do leite producido, e é plausible que tal fito sexa alcanzado. Nos últimos tempos recalaron en Galicia diversas empresas con proxectos de industrialización láctea, que aínda se están desenvolvendo.

A transformación en produtos de alto valor engadido é imprescindible para acceder á exportación. Actualmente, a balanza comercial española do sector lácteo é negativa, pero a súa dependencia do exterior é cada vez menor. Así mesmo, está a subir o valor económico das nosas exportacións, o que indica que se exportan produtos de maior valor engadido.

A nata, os queixos e a manteiga son os produtos con maior volume de exportación. Os destinos destas exportacións son principalmente outros estados membros como Francia, Portugal e Italia. En canto ás importacións, predominan os queixos, o leite en po e a manteiga procedentes de Francia, Alemaña, Países Baixos e Portugal.

Aínda que España produce menos leite e derivados dos que necesita para atender a súa demanda interna, Galicia pode ter un futuro máis aló do seu papel actual de fornecedora

CSV: BOPRSDBOCnpWAKBTWCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

do mercado nacional. Para isto é imprescindible que se afiancen os proxectos industriais baseados en produtos de alto valor engadido, que poden asumir os custos de transporte que resultan inviables a outros produtos como o leite UHT, que actualmente segue sendo o produto máis fabricado na nosa comunidade.

Dentro do sector primario galego, o subsector que fica máis imbricado no contexto internacional é o que atinxe ao pesqueiro e, por extensión, ao complexo mar-industria, que abrangue desde a construción naval ata a industria conserveira, e dende a acuicultura ata os servizos loxísticos indispensables para atender todas as necesidades da nosa flota.

Isto explica a necesidade de programar visitas periódicas ás autoridades pesqueiras e portuarias dos seguintes países, a prol de manter un contacto directo que permita unha máis áxil relación:

1. Namibia
2. Arxentina
3. Reino Unido (incluído Illas Malvinas)
4. Estados Unidos
5. Perú
6. Marrocos
7. Mozambique
8. Illas Seichelles
9. Senegal
10. Mauritania
11. Cabo Verde
12. Guinea Bissau
13. Angola
14. Sudáfrica
15. Uruguai

A través de acordos internacionais administrativos e de acordos internacionais non normativos -terminoloxía da LACEX e da Lei española de acción exterior- formalizados en memorandos de entendemento, cómpre consolidar vencellos con Namibia ou Perú, por

CSV: BOPRSDBOCnbWAKBTWCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

nomear algúns. Eis tamén como, grazas os proxectos singulares de cooperación desenvoltos polo CETMAR, a Conselleria do Mar pode dotar de infraestrutura e *know-how* aos lugares de especial vinculación con Galicia pola súa tradición marítimo-pesqueira.

Igualmente é recomendable integrar e coordinar de forma directa a acción exterior coas entidades europeas e internacionais (FAO, organizacións rexionais de pesca, ...) entre a Consellería competente en materia marítimo-pesqueira e os departamentos que puideran estar implicados en aspectos de xestión e ordenación do sector a nivel internacional (comercio, transporte, ... mesmo a tributación dos combustibles, como tenta ordenar a OMC).

Consideremos que a Política Pesqueira Común (PPC) sufriu dúas grandes reformas, en 2002 e en 2013.

A reforma de 2002 non cumpriu as expectativas a curto prazo, xa que non se detivo o deterioro dalgunhas pesquerías. Tamén deixou ao descuberto algúns problemas que até entón no se detectaran. Foi a gran reforma contra os descartes, se ben en 2009 a Comisión puxo en marcha unha consulta pública sobre a reforma da PPC, co fin de elaborar os novos principios que deberían rexer a pesca na UE no século XXI. Tras un longo debate no Consello e, por primeira vez no Parlamento Europeo, agora colexislador, o 1 de maio de 2013 alcanzouse un acordo para o novo réxime de pesca con miras á sustentabilidade a longo prazo das actividades extractivas e da acuicultura dende os puntos de vista medioambiental, económico e social e que se basea en tres piares fundamentais:

- Nova PPC.
- Nova Organización Común de Mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.
- Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) que acaba de ser modificado polo FEMPA, engadindo o *A* de *acuicultura* para o período 2021-27.

O artigo 49 do Regulamento 1380/2013 contempla a revisión da PPC, indicando que "a Comisión informará ao Parlamento Europeo e ao Consello sobre o funcionamento da PPC". Pese a que dende a Comisión Europea se incidiu en que iso non significa que teña que facerse necesariamente unha reforma da PPC, o certo é que a DG Mare declarou en xuño de 2021 -

CSV: BOPGIS/BOC-000/AAAA/7/0/CZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

con motivo do seminario virtual sobre a dimensión externa da PPC- que a Comisión iniciara os traballos para revisar a PPC en 2022, co fin de aplicar a esta actividade as súas estratexias contra o cambio climático e incrementar a "gobernanza" internacional dos océanos, algo de todo lóxico xa que no último ano fíxose patente o grande interese para a Comisión de Von der Leyen por adecuar a normativa europea á iniciativa estandarte do seu mandato: o Pacto Verde Europeo.

As consultas comezaron co fin de comprobar cal é o camiño correcto e os cambios necesarios en aspectos como a dimensión internacional da pesca (acordos con terceiros países e gobernanza), na que a UE debe ser "líder" para unha boa xestión dos recursos mariños. É polo tanto o momento idóneo para comezar cunha actividade de *lobby* que permita reconducir os ditados da PPC cara ás necesidades das comunidades costeiras europeas.

Desde Galicia entendemos que un deseño axeitado da nova PPC ten que ser unha solución europea e europeísta, que reforce a cohesión social e económica e que reforce á Unión.

Os *stocks* da fachada atlántica están nunha tendencia positiva dende hai años, pero é necesario abordar os retos actuais para alcanzar unha pesca sostible, equitativa e próspera cara ao futuro, sendo o maior reto garantir que o sector pesqueiro europeo poda traballar en igualdade de condicións, xa que é unha industria enormemente globalizada. Ademais, cómpre lembrar que estar á vangarda da protección dos mares e da xente do mar é custoso para os operadores.

De igual maneira que a pasada reforma da PPC do 2013 centrouse nos obxectivos coñecidos como os *Tres Grandes* (rexionalización, prohibición de descartar e o Máximo Rendemento Sostible como obxectivo da xestión dos *stocks*), propoñemos agora a discusión en torno aos *Cinco Grandes*. Cinco aspectos fundamentais que salvagardar cara á reforma da PPC e na que Galicia reitera a súa aposta por:

1. Un sector pesqueiro moderno e competitivo, especialmente en termos sociais.
2. Manterse como un actor fundamental na economía costeira europea.
3. Converterse nun actor clave na produción de proteína animal da máis alta cualidade.

CSV: BOPARL-b0f4kJ7fCZx-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

É importante ademais que o enfoque parta da situación actual, buscando e reforzando todo o que nos une. O debate debe xirar en torno a uns principios fundamentais, para logo ir desenvolvendo os detalles:

1) Unha Política Pesqueira Común social e de futuro: cunha perspectiva en positivo para os aspectos ambientais (vista a recuperación de moitas das especies e do alcance xeral do Rendemento Máximo Sostible para moitas especies no Atlántico) e cunha tendencia equilibrada en termos económicos, propoñemos que a atención ao aspecto social se amplíe, dando especial cabida á potenciación do relevo xeracional mediante a mellora das condicións de vida a bordo e a adecuación da formación.

2) Un comercio pesqueiro xusto *'Level Playing Field'*: un mercado mundial no que poderían participar só aqueles que aceptaran os principios dun xogo xusto e equilibrado (LPF), coa intervención da DG Competencia da Comisión Europea na elaboración de estudios para todos os sectores.

3) Unha pesca sostible e compatible coa conservación da biodiversidade: indispensable para unha economía azul sostible que xere alimentos saudables, cre postos de traballo dignos e contribúa á neutralidade climática.

4) Adaptación ao cambio climático: a proteína mariña adquire un extraordinario valor estratéxico que promover como elemento esencial da seguridade alimentaria. Debe subliñarse a súa importancia nos debates sobre o quecemento global e a descarbonización. Tamén se propón presentar diante da OMC unha proposta de homoxeneización da fiscalidade en todos os países produtores de ítems pesqueiros, para evitar distorsións e falseamento da competencia.

5) A co-gobernanza global como base para a sustentabilidade da actividade: centrada en alcanzar a sustentabilidade social, económica e ambiental e co papel fundamental da UE como impulsora dese equilibrio a nivel mundial. Iso implica:

CSV: BOPRSDBOG-pdwkBTGZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA * XUNTA DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

5.a) Unha gobernanza oceánica global: encabezada pola loita contra a pesca ilegal e os delitos conexos. Propomos que os Estados da UE inclúan na súa lexislación cláusulas que prohiban aos seus nacionais a participación directa ou indirecta en empresas relacionadas coa pesca ilícita e que se tipifiquen como delitos os danos substanciais aos recursos pesqueiros. Esto se trasladaría posteriormente ao mercado global, xunto con medidas destinadas á mariña mercante para a loita contra as verdadeiras bandeiras de conveniencia en paraísos fiscais, establecendo unhas normas sociais mínimas en augas xurisdicionais europeas. Finalmente, no marco da gobernanza marítima global, a UE debe promover o establecemento dunha limitación á capacidade pesqueira global, que permita un reparto máis xusto das oportunidades de pesca no mundo.

5.b) Un maior papel para a industria en gobernanza e xestión: mediante alianzas público-privadas na xestión, recoñecendo o seu papel ao longo da historia e cunha tolerancia cero cara aos países desenvolvidos que non respecten as liberdades alcanzadas. Tamén convén explorar novas modalidades de xestión que dean cabida á iniciativa privada en colaboración con outros actores, como as ONGs.

En setembro de 2021 comezaron as actuacións galegas co anuncio das propostas da Xunta de Galicia en relación coa futura PPC'UE. Dende o principio instábase á súa presentación ao Consello Galego de Pesca (CGP), que se celebrou o 10 de setembro por videoconferencia. Nesta sesión explicouse o punto de partida, a folla de ruta comunitaria e a importancia dun posicionamento temperán mediante o deseño dunha estratexia para a defensa dos intereses de Galicia, da que formen parte todos os axentes do sector. Por iso acordouse a creación dun Grupo de Traballo específico sobre a PPC cuxa misión será a de enriquecer as propostas e garantir a participación a todos os niveis.

O 2 de decembro de 2021 o Consello da Xunta analizou a proposta de base, conforme ás opinións vertidas no CGP de setembro e con vistas a presentar os seus resultados ao Grupo de Traballo da PPC do CGP, consonte o acordado.

CSV: BOPRSDBOG-b0AWkB7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Pola súa parte, a DG Mare publicou o 17 de decembro a consulta dirixida a axentes interesados, cun cuestionario en liña para recompilar as opinións e así preparar un informe sobre o funcionamento da PPC. O obxectivo deste informe era abordar o funcionamento da PPC, destacar as boas prácticas ou procesos innovadores e identificar calquera evidencia na súa aplicación para estudar como poder reforzala.

Galicia fai a súa propia resposta en base ás aportacións do CGP pero, como parte da súa estratexia, tamén colabora activamente cos socios europeos no marco da Conferencia de Rexións Periféricas Marítimas (CRPM) para desenvolver unha resposta común. Isto permite aumentar a interlocución coas Institucións comunitarias de maneira directa, xa que é moi previsible que dende a CRPM se manteñan novos contactos.

Un capítulo especial merece a xestión do BREXIT dende a perspectiva pesqueira galega. O Acordo de Retirada celebrado entre a UE e o Reino Unido establecía as condicións da retirada británica, sendo a primeira vez que un Estado abandonaba a UE. Entrou en vigor o 1 de febreiro de 2020, pero non foi ate decembro de 2020 cando se alcanzou o consenso definitivo nos aspectos concretos mediante o Acordo de Cooperación e Comercio EU-UK (TCA). Acadado o TCA, deron comezo as negociacións das posibilidades de pesca do ano 2021. Un proceso a realizar entre os meses de novembro e decembro, pero que en 2021 abarcou un total de case seis meses de roldas de negociacións. A falta de acordo entre ambas partes propiciou a fixación de cotas unilaterais e provisionais, até poder convir as posibilidades de pesca de especies compartidas entre a UE e o Reino Unido de maneira definitiva.

Dende Galicia entendemos que ese acordo euro-británico foi positivo. Sen embargo, houbo moita indefinición en todo o proceso inicial que o segue lastrando. Cómpre en consecuencia perfeccionar o sistema de negociación cara aos próximos anos para evitar sentar un precedente negativo e pouco transparente. Sobre todo, tendo en conta que co acordo do Brexit a frota europea perderá o 25% das súas capturas até 2026 a cambio de acceder ás augas británicas por só cinco anos e medio.

Ademais, o poder de discusión de cotas de Galicia na UE verase minorado, xa que son moitas as especies que agora saen da negociación dos 27 para negociarse no Comité Especializado de Pesca, un foro alleo totalmente ao ámbito rexional, rodeado cun halo de

CSV: BOPGIS0BOCnpWAKJ7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

indeterminación e con total falta de transparencia. Galicia ha traballar para futuras negociacións brindando datos e argumentos ao Goberno central en defensa dos intereses da frota e manteremos a nosa presencia en todos os foros nacionais e internacionais nos que se nos permita participar para así influenciar o proceso decisorio a alto nivel.

A Comisión Europea propuxo a creación dun mecanismo, denominado "Reserva de Axuste ao Brexit" (BAR), que foi acordada polo Consello Europeo en xullo de 2020. Está dotado con 5.000 millóns de euros para axudar a contrarrestar o impacto económico e social sobre os Estados membros e os sectores máis afectados pola saída británica da UE a partir do 1 de xaneiro de 2021. Dos 4.000 millóns de euros a distribuír na primeira fase, en forma de prefinanciamento, a España lle corresponderían 184,2 millóns. Dos 5.000 M€ a repartir, 600 estarán centrados en paliar as consecuencias do Brexit na pesca, pero a España lle corresponderían 2 M€ (sobre un impacto estimado de perdas de 54 M€ entre 2021 e 2026). Un primeiro tramo de 1.600 M€ de prefinanciamento corresponde a compromisos de 2021. Outros dous tramos de 1.600 M€ quedaban pendentes. Os 1.000 M€ restantes pagaranse en 2025.

Galicia mostrou dende o inicio unha profunda desavenencia coa proposta de criterios fixada pola Comisión Europea, por canto non responde aos efectos directos e indirectos do Acordo pesqueiro no marco do Brexit e adoece da inclusión do impacto real e efectivo do mesmo. Propugnamos a incorporación de criterios que dean cobertura aos prexuízos directos e indirectos xerados cos termos que en materia pesqueira se conteñen no acordo xeral que rexe a saída do Reino Unido da UE, orientando a compensación do BAR cara ás perdas reais e absolutas en materia pesqueira. Defendemos a extensión dos criterios coa inclusión dos que atendan ao recorte de posibilidades de pesca en todas as augas do Atlántico Noroeste fóra de augas británicas e da UE, tales como a do bacallau en augas das Svalbard, e que son perdas efectivas derivadas da súa plasmación no Anexo II do Acordo de Comercio e Cooperación UE-UK.

Tamén apuntamos a necesidade de introducir criterios que reflictan o impacto indirecto do Acordo, tales como a minoración de cotas pola falla de execución a futuro de intercambios de cotas entre Estados membros ou a imposibilidade de flexibilizar a atribución de cotas de stocks compartidos para toda a área NEAFC, especialmente no caso de especies peláxicas. Asemade lembramos a ampliación a 1.000 millóns de euros como mínimo para

CSV: BOPARLAMENTODEGALICIA-A7/0CZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

atender á compensación parcial do impacto do Brexit en materia pesqueira. Reiteramos a formulación da posibilidade de incorporación ao montante xeral do BAR dos fondos non empregados do actual FEMP e que non teñen sido executados. Asemade, entendemos como pouco apropiada a posibilidade de que os Estados membros ou incluso as rexións teñan que adiantar a financiación destas medidas contempladas no BAR. Finalmente, defendemos a extensión da vixencia deste fondo de compensación, como mínimo ata 2026.

O Goberno galego creou, no seo do Consello Galego de Pesca (CGP), un grupo de traballo "postbrexit" como no Comité das Rexións e na Asemblea do Arco Atlántico, que propón o desenvolvemento dunha liña de emenda do Regulamento do Fondo de Axuste do Brexit (BAR) para sufragar os impactos indirectos na flota. Xeráronse emendas ao ditame do Comité das Rexións sobre este fondo. Previamente á redacción se remitiron consideracións xerais a petición de Bretaña, autora do ditame. Para reforzar a nosa postura, liderouse por Galicia un debate no seo do Arco Atlántico sobre este fondo.

No seo do Consello de Ministros da UE, o asunto foi xestionado polo Ministro de Estado e de Asuntos Exteriores de Portugal (Presidente do Consello na formación encargada de dirimir a posición sobre esta materia). O texto do mandato do Consello, aprobado o 29 de abril de 2021 polos embaixadores no COREPER II, establece a posición do Consello para as negociacións sobre o BAR e é froito das negociacións no Grupo de Traballo do Consello sobre o Brexit.

Unha nova fronte ábrese no seo da Organización Mundial do Comercio (OMC), onde se debaten normas sobre subvencións á pesca, xa que é a única organización que pode establecer e facer cumprir acordos mundiais para deter as axudas que distorsionan a competencia a nivel mundial (pesca ilegal, non declarada e non regulada, e máis a pesca que contribúe á sobrecapacidade). Nun borrador contémplase a prohibición de determinadas modalidades de subvencións á pesca que contribúan ao exceso de capacidade, e concretamente se considera que poden contribuír á sobrepesca subvencións como "compra/cubrir os gastos de combustible, xeo ou cebos".

Asemade a UE, no marco do Paquete *FIT FOR 55* (*Obxectivo 55*) para a redución de gases de efecto invernadoiro (GEI), lanzou unha proposta de modificación da Directiva sobre Fiscalidade da Enerxía, que prevía a supresión de exencións ao combustible pesqueiro. A

CSV: BOPGIS0BOCnpWAKJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

proposta de revisión desta Directiva (non actualizada desde 2003) adapta a norma ao Pacto Verde Europeo, co fin de promover a transición a unha enerxía máis limpa, e modifica a forma de gravar os produtos enerxéticos, eliminando as exencións e incentivos que quedaron obsoletos no marco do transporte aéreo e marítimo.

A pesar de que se contempla que os niveis mínimos de tributación na pesca deben ser os aplicables ao uso de combustibles para fins específicos (polo tanto, inferiores aos aplicables ao uso xeral dos combustibles), esta proposta non deixa de poder ter graves repercusións no sector a longo prazo, posto que pretende, en todo caso, eliminar o mosaico de exencións nos distintos Estados da UE, que favorece o uso de combustibles fósiles, que é o que se pretende evitar.

Dende Galicia rexeitamos a eliminación xeral do combustible subvencionado para a flota pesqueira proposta pola OMC e a UE, posto que pon en risco a rendibilidade e o futuro do sector pesqueiro galego. Trátase, canda menos, dunha medida inxusta que criminaliza ás frotas comunitarias, como a galega, que demostraron practicar unha pesca responsable e sostible tal e como esixe a normativa europea.

Entendemos que se poden tomar outras medidas para frear a sobrepesca e as prácticas irresponsables de determinadas frotas, sen prexudicar a quen actúa con responsabilidade. Para nós cómpre máis marxe e estudo para a redución dos GEI en motores pesqueiros.

No marco da COP 26 realizouse un seminario internacional para chamar a atención sobre estas necesidades e encargáronse informes sobre o impacto normativo a nivel de *'level playing field'*, así como o impacto económico sobre a frota galega e a pegada de carbono pesqueiro. Dende a Xunta de Galicia, o sector pesqueiro e a cadea mar-industria, reclamando tamén a cooperación da Administración Xeral do Estado, traballouse nunha actuación conxunta diante das Institucións europeas, para que reconsideren os termos da Directiva, e así adaptarse dende o principio ás necesidades da frota galega, a máis grande da UE.

A finais de novembro de 2021, a conselleira do Mar tivo a oportunidade de intercambiar puntos de vista para chamar a atención de todas as autoridades competentes na materia. Tal foi o caso da remisión de opinións coa Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de

CSV: BOPGIS0BOCnpWAKB7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Alimentación, Pesca e Medio Ambiente e co embaixador adxunto da Representación Permanente de España diante da UE en Bruxelas. Pero tamén se interveu a través da reunión co xefe do equipo negociador da UE para a Conferencia Ministerial da OMC, co director da DG Comercio da Comisión Europea e coas diferentes reunións presenciais mantidas con outras direccións xerais, que tamén son transversalmente responsables das cuestións que nos preocupan agora, como son a DG Mare, DG Fiscalidade e Unión Aduaneira (DG Taxud) e DG Competencia.

Con esta aproximación e, tendo en conta que a Conferencia Ministerial da OMC foi aprazada pola COVID-19, continuouse o traballo na liña sinalada para, entre todos, conseguir reorientar a nova normativa á realidade imperante no noso sector.

Así, a conselleira do Mar viaxou a Xenebra a finais de xaneiro de 2022 para manter unha reunión co Embaixador representante da UE diante da OMC, que se amosou moi interesado polas propostas galegas e sinalou que son, na súa maior parte, acordes coa posición da UE. Comunicoulle á conselleira que se prevé que o debate se retome na modalidade de Conferencia Ministerial. Mentres, continúan os contactos entre as Delegacións. Galicia enviou unha versión traducida e sintetizada dos datos do informe aos servizos da UE en Xenebra.

Tamén debemos considerar o Regulamento (CE) nº 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009, que establece o réxime comunitario de control para garantir o cumprimento da PPC, nomeadamente pola intención de inserir a localización de embarcacións de menos de 12 metros de eslora, que a pesar das exencións previstas no texto do Consello (exención limitada da obriga de utilizar o sistema de vixilancia VMS para algúns buques de menos de 9 metros de eslora, con condicións estritas) mantense para unha gran porcentaxe dos buques galegos, que non poden beneficiarse delas. Ou a cuestión máis polémica, que se preservou tanto no texto do PE como do Consello e que defende con firmeza o Comisario, como é a incorporación de sistemas de vixilancia e control mediante cámaras de circuíto pechado de televisión (CCTV). Tanto o Pleno do PE como o Consello estableceron a instalación de cámaras a bordo, obrigatoria para unha "porcentaxe mínima" de embarcacións de máis de 12 metros de eslora identificadas como con "grave risco de incumprimento" da obriga de desembarque. Existe unha corrente de opinión que considera que a instalación debera impoñerse como sanción nos casos de infraccións graves e que se

CSV: BOPRSDBOG-p0AWkJ7DCZx-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

podería establecer un sistema de incentivos para que as embarcacións decidan incorporala voluntariamente (co incremento de cotas ou coa retirada de puntos negativos por infraccións, por exemplo).

En canto ao Pacto Verde impulsado pola Comisión Europea e a súa estratexia de biodiversidade para 2030 no tocante á pesca, aspírase a limitar a sobreexplotación dos bancos pesqueiros, eliminar as capturas incidentais e combater as prácticas que danan os leitos mariños. Compartindo estes propósitos, o preocupante é que dende Bruxelas non se incida en estender os controis aos extractores e fornecedores de terceiros Estados. Cómpre lembrar que, consonte coa FAO, o *ranking* mundial de flotas por volume pesqueiro vén liderado pola República Popular China, seguida por Perú, Indonesia e Rusia.[15] A primeira frota da UE, a frota española, pesca moitísimo menos. Isto explica polo demais que a UE sexa moi deficitaria en peixe co que fornecer a súa cidadanía.



15 FAO: *The State of World Fisheries and Aquaculture 2020*. https://www.fao.org/3/ca9229en/ca9229en.pdf

CSV: BOPARLAMENTODEGALICIA-DIGITAL-DOCX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

TABLE 2
MARINE CAPTURE PRODUCTION: MAJOR PRODUCING COUNTRIES AND TERRITORIES

Country or territory	Production (average per year)			Production				Percentage of total, 2018
	1980s	1990s	2000s	2015	2016	2017	2018	
	(million tonnes, live weight)							
China	3.82	9.96	12.43	14.39	13.78	13.19	12.68	15
Peru (total)	4.14	8.10	8.07	4.79	3.77	4.13	7.15	8
Peru (excluding anchoveta)	*2.50*	*2.54*	*0.95*	*1.02*	*0.92*	*0.83*	*0.96*	–
Indonesia	1.74	3.03	4.37	6.22	6.11	6.31	6.71	8
Russian Federation	1.51	4.72	3.20	4.17	4.47	4.59	4.84	6
United States of America	4.53	5.15	4.75	5.02	4.88	5.02	4.72	6
India	1.69	2.60	2.95	3.50	3.71	3.94	3.62	4
Viet Nam	0.53	0.94	1.72	2.71	2.93	3.15	3.19	4
Japan	10.59	6.72	4.41	3.37	3.17	3.18	3.10	4
Norway	2.21	2.43	2.52	2.29	2.03	2.38	2.49	3
Chile (total)	4.52	5.95	4.02	1.79	1.50	1.92	2.12	3
Chile (excluding anchoveta)	*4.00*	*4.45*	*2.75*	*1.25*	*1.16*	*1.29*	*1.27*	–
Philippines	1.32	1.68	2.08	1.95	1.87	1.72	1.89	2
Thailand	2.08	2.70	2.38	1.32	1.34	1.31	1.51	2
Mexico	1.21	1.18	1.31	1.32	1.31	1.46	1.47	2
Malaysia	0.76	1.08	1.31	1.49	1.57	1.47	1.45	2
Morocco	0.46	0.68	0.97	1.35	1.43	1.36	1.36	2
Republic of Korea	2.18	2.25	1.78	1.64	1.35	1.35	1.33	2
Iceland	1.43	1.67	1.66	1.32	1.07	1.18	1.26	1
Myanmar	0.50	0.61	1.10	1.11	1.19	1.27	1.14	1
Mauritania	0.06	0.06	0.19	0.39	0.59	0.78	0.95	1
Spain	1.21	1.13	0.92	0.97	0.91	0.94	0.92	1
Argentina	0.41	0.99	0.94	0.80	0.74	0.81	0.82	1
Taiwan Province of China	0.83	1.05	1.02	0.99	0.75	0.75	0.81	1
Denmark	1.86	1.71	1.05	0.87	0.67	0.90	0.79	1
Canada	1.41	1.09	1.01	0.82	0.84	0.81	0.78	1
Iran (Islamic Republic of)	0.11	0.23	0.31	0.54	0.59	0.69	0.72	1
Total 25 major producers	**51.10**	**67.71**	**66.45**	**65.11**	**62.58**	**64.60**	**67.83**	**80**
Total all other producers	**21.00**	**14.15**	**15.12**	**15.39**	**15.69**	**16.61**	**16.58**	**20**
World total	**72.10**	**81.86**	**81.56**	**80.51**	**78.27**	**81.21**	**84.41**	**100**

SOURCE: FAO.

Por iso mantemos que sería desexable que se incluíse na proposta que se atopa no propio Pacto Verde Europeo -ausente na Estratexia europea *Farm to Fork*, F2F- que "*Os alimentos importados que non cumpren coas normas medioambientais pertinentes da UE non están permitidos nos mercados da UE.*" (COM (2019) 640 final, p. 12)

Tamén é preocupante que non se engada referencia algunha ao feito de que a pesca e a acuicultura sostibles contribúen á consecución de oito ODS dos 17 totais, como son:

CSV: BOPARLGA+WAWJ7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

ODS 1: Por fin á pobreza en todas as súas formas en todo o mundo

ODS 2: Por fin á fame, lograr a seguridade alimentaria e a mellora da nutrición

ODS 3: Garantir unha vida sa e promover o benestar para todos en todas as idades

ODS 8: Promover o crecemento económico sostido, inclusivo e sostible, o pleno emprego e produtivo e o traballo decente para todos

ODS 9: Construír infraestruturas resilientes, promover a industrialización inclusiva e sostible e fomentar a innovación

ODS 12: Garantir modalidades de consumo e produción sostibles

ODS 13: Adoptar medidas urxentes para combater o cambio climático e os seus efectos

ODS 14: Conservar e utilizar de forma sostible os océanos, os mares e os recursos mariños para o desenvolvemento sostible.

Eis, dende Galicia debemos reforzar a noción e consolidación en Europa da economía azul (*blue economy*), por representar o enfoque máis axeitado para os intereses socioeconómicos do noso pobo e ser ademais plenamente compatible coa sustentabilidade e a conservación do medio.

Daquela, apostamos por que Europa defenda as actividades marítimo-pesqueiras tradicionais, intensificando a coordinación e compatibilidade con outras actividades e o equilibrio e a sustentabilidade en termos ambientais, sociais e económicos. Estas

CSV: BOPGIS/BOG-h0WkBTDCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

actividades deben poder optar a fondos europeos vinculados ao mar ou ao desenvolvemento rexional (FEMPA, FEDER, FSE), ou recibir apoio dende o BEI ou o fondo BlueInvest. Pero sobre todo, cara ao exterior da UE, defendemos a aplicación da experiencias de traballo coa FAO, cunha orientación particular á creación da Rede e Oficina de Portos Azuis, do compromiso coa gobernanza internacional dos mares e da extensión das normas europeas sobre control pesqueiro a terceiros Estados.

Por último, debemos atender á situación dos intereses pesqueiros galegos en relación co impacto do BREXIT na área das Malvinas e respecto á frota norueguesa nos caladoiros setentrionais.

Como adecuación ás novas circunstancias derivadas do BREXIT e do contido do Tratado de Cooperación e Comercio entre a UE e o Reino Unido (TCA), o 22 de xullo de 2021 publicouse o Regulamento (UE) 2021/1203, do Consello, do 19 de xullo de 2021, polo que se modifica o Regulamento (UE) 2020/1706 no que respecta á inclusión de continxentes arancelarios autónomos a Unión de determinados produtos da pesca. Esta norma foi precisamente modificada para excluír a países e territorios británicos de ultramar que xa non gozan de reducións arancelarias para as exportacións de produtos pesqueiros á UE. A norma establece por tanto a cantidade en toneladas que pode entrar na UE de determinados produtos desde terceiros países e revísase periodicamente para adecuar os continxentes ás necesidades da industria europea. Galicia participou das negociacións do Consello de Ministros da UE en numerosas das actualizacións desta norma e por iso ten información de primeira man. Así defendemos a necesidade de articular continxentes aduaneiros para os produtos da frota de bandeira malvina que se procesan na UE, e particularmente en Galicia. O obxectivo será participar no Comité Especializado de Pesca, órgano mixto creado ao abeiro do Acordo entre a UE e o Reino Unido.

Asemade debemos permanecer vixiantes no que atinxe á modificación do réxime xurídico da pesca nas Malvinas, xa que o seu Goberno asinou un acordo coa asociación de armadores locais (*Falkland Islands Fishing Companies Association*, *FIFCA*) no que, entre outras medidas, pretendíase o aumento da cota de participación accionarial e do control pola industria pesqueira local, dada a dependencia do sector da importación de servizos de pesca estranxeiros. Tras dous anos de tramitación, aprobouse unha normativa pola que se

CSV: BOPGIS0BOCnpWAKJ7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

instaura un cambio de licenzas denominadas ITQ (cota individual transferible) ás novas ITQ-B.

As empresas que desexen conservar os seus dereitos ITQ poden seguir operando da forma habitual, pero as que queiran solicitar a *ITQ-B* para un novo período de 25 anos deberán cumprir o criterio de contar cun mínimo dun 51% de capital orixinario malvino -en lugar do 25,1% previo-. Deste xeito, as empresas mixtas -*joint ventures*- creadas para faenar nas Malvinas poderán renovar as súas licenzas de maneira anticipada, xa que a expiración das mesmas estaba prevista para 2031.

Respecto á relación pesqueira con Noruega, debemos ter presente que o Acordo da UE con ese país é o de maior magnitude no norte de Europa e baséase nun Acordo de 1980 e nun troco de notas de 1992. Xestiónase mediante consultas anuais entre as dúas partes, que versan sobre o establecemento dos TAC para as poboacións que se xestionan conxuntamente no Mar do Norte, en particular, o bacallau, a solla e o eglefino. A proximidade xeográfica coa UE e o feito de que nun inicio Noruega non alcanzase acordo de pesca co Reino Unido tras o Brexit son as dúas potenciais razóns que parecen motivar a actitude desafiante do país nórdico que recentemente atribuíuse de forma unilateral -xunto con Feroe- unha cota de cabala moi por riba do establecido no Acordo, un 55%. Isto implica que a captura de cabala é un 40% maior do establecido no asesoramento de ICES, acordado polas partes en 2020, con todo o que implica en termos de xestión da especie. Esta conduta belixerante xa tivo lugar no pasado, e pola mesma especie, aínda que por parte das Feroe, razón pola que a UE empregou dous anos na creación das ferramentas que permitisen impoñer sancións ante estes flagrantes incumprimentos. Con todo, a UE adoita ser remisa ao seu emprego, porque poñen en risco as relacións diplomáticas.

Asemade asistimos ao recorte da cota de bacallau ártico para os buques da UE, que acceden ás augas das Svalbard. Un conflito que xorde pola interpretación do Tratado de París de 1920, que concedeu a soberanía do arquipélago a Noruega, aínda que preserva os dereitos de explotación dos seus recursos aos signatarios. Con todo, Noruega regula unilateralmente a explotación na zona económica das illas. A UE intercambiou varias cartas con Noruega para expresar a súa preocupación porque os dereitos de pesca lexítimos da UE para o bacallau do Ártico nas augas das Svalbard -que en opinión da UE ascenden a 24.546 t.- non se respectaran plenamente, dado que Noruega avisou á frota da UE do esgotamento

CSV: BOPRSDBOg-pAWkB7DCZx-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

da súa cota, que para as autoridades norueguesas era de só 17.885 t. A asignación unilateral de cotas evidencia un deterioro nas relacións pesqueiras e supón un ataque á xestión sustentable que defende a UE en todos os seus aspectos, ambiental, social e económico.

Ao noso parecer, a UE debe actuar de maneira contundente e inmediata, como no seu día fixo coas Feroe e Islandia, eliminando os acordos preferenciais e impoñendo sancións comerciais ou por pesca ilegal, que desincentiven este tipo de condutas para evitar precedentes a futuro con outros países ou con outras especies. En canto ao acceso ás Svalbard, non deixa de ser outra chamada de atención á falta de entendemento e ao pouco respecto aos acordos acadados, aínda que sexa unha cuestión que se arrastre dende antes do BREXIT.

6.1.E. Selo-País no exterior

Proxectar a Galicia no exterior e modelar a súa imaxe vista dende fóra polos foráneos é unha tarefa xeracional, alén do intervalo dunha manchea de lexislaturas e alén da estrita tarefa de calquera Goberno. A boa imaxe axuda, e moito, a gañar sona, prestixio, capacidade de atraer investimentos e poboación cualificada que contribúan ao desenvolvemento do país, mesmo en ámbitos nos que nin sequera se soñou por mor da fugaz substitución dunhas tecnoloxías por outras e pola acelerada obsolescencia dunha chea de produtos e servizos.

Cando en 1952 se presentou a película *The Quiet Man* (*O home tranquilo*), de John Ford, a situación real en Irlanda distaba moito da atmosfera presentada no filme. Daquela, a Illa Esmeralda apenas recibía irlandeses retornados e padecía unha severa crise socioeconómica dende o nacemento da República, acentuada por unhas teimudas e ideolóxicas políticas autárquicas. Sen embargo, esa imaxe amable calou fóra de Irlanda entre xentes sen devanceiros irlandeses e ademais facilitou que esa zona occidental da Illa onde estaba ambientada, das máis pobres nela, fose percibida como un emprazamento axeitado para unha boa vida. Hoxe acolle empresas de software, de telecomunicacións e de fabricación de produtos sanitarios, entre outras que pouco teñen que ver coa base produtiva autóctona e primaria da rexión.

CSV: BOPRSDBOG-hAWkJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Por Europa adiante podemos atopar exemplos inspiradores. Bretaña ou Schleswig-Holstein serían casos a considerar, por referir supostos cunha forte personalidade propia e recoñecida identidade, tanto nun Estado centralista como nun Estado federal e fortemente descentralizado.

En calquera circunstancia, Galicia debe buscar o seu camiño para ir construíndo un selo propio, perenne, ben recoñecible e con prestixio. A este fin, convén iniciar o debate sobre que elementos ou singularidades interesa subliñar á nosa proxección e promoción para sermos atractivos dende fóra, pensando en xentes que pouca, escasa ou nula relación teñen con Galicia en tanto que suxeito colectivo. *A priori*, eses elementos ou singularidades poderían ser:

- Cor verde, como símbolo dun país con grandes valores naturais e non saturado de contaminantes, como por desgraza acontece en gran parte da Europa continental e atlántica.

- Esperanza de vida, cunha das cotas máis altas de Europa e do planeta.

- Amplos espazos abertos e sen contaminación lumínica para desfrutar da visión das estrelas e do universo.

- Cualidade de vida, con excelentes alimentos autóctonos, auga abondosa de cualidade e cunha sanidade pública universal de primeiro nivel, como acredita a taxa de transplantes realizados con éxito.

- Moi boas comunicacións portuarias e aeroportuarias co resto de Europa e conexións de alta velocidade ferroviaria co *hub* de Madrid-Barajas en menos de tres horas e con Porto por autopista en menos de dúas horas, máis unha prevista conexión de alta velocidade por camiños de ferro.

- Sistema educativo de gran cualidade en todos os niveis, con oferta pública e privada.

- Máximo grao de seguridade cidadá, cunha das menores taxas de criminalidade de Europa.

CSV: BOPRSDBOg-pAWkB7DCZx-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

- Único lugar do planeta onde conflúen nun mesmo territorio as grandes culturas hispánicas, portuguesa e española, que suman máis de 700 millóns de falantes, síntese do segundo e do sexto idioma máis falados do planeta, considerando os nativos que os empregan acotío -480 millóns para o caso do español e algo máis de 220 millóns para o portugués-, ao que se engade o idioma xenuinamente galego, do que se desenvolveu o portugués.

Debemos ir levantando daquela unha nova imaxe de Galicia vista dende fóra, lonxe dos tópicos pasados e mesmo dos presentes -caso da deturpada imaxe que reflicten as series de temática *noir*, fundamentalmente ligadas ao narcotráfico e ao crime organizado, fenómenos marxinais que están moi afastados da realidade cotiá da inmensa maioría dos galegos, e sobre todo do interior do país e da costa máis setentrional, que é onde cómpre investir e gañar poboación con urxencia mediante capitais produtivos que conleven empregos moi cualificados-.

Asemade, cumpriría ir pensando nunha icona doada de lembrar visualmente e que co tempo identificase a Galicia con aqueles elementos e singularidades salientados e con gran consenso interno, alén da simboloxía institucional, tradicional ou oficial, pero sempre pensando en ir destinada ás rexións do planeta onde moita xente nin sequera é capaz de situar ben a España dentro de Europa, como acontecería nas rexións de máis intenso desenvolvemento científico, tecnolóxico e industrial dende comezos do XXI -fundamentalmente beiras do Pacífico por riba da liña do ecuador-. Un modelo tentativo podería ser:

CSV: BOPARLAMENTOGALICIA-A7D7CZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Pensemos que os galegos do interior e do exterior roldamos escasamente os tres millóns de cidadáns entre preto de 450 millóns que residimos na UE, e entre os 7.875 millóns que considera a ONU para todo o planeta en 2021. Ou sexa, somos 0'66% da UE e o 0'038% do planeta. Para posicionarnos, para superar os primeiros estadios de peneira nos procesos mundiais de localización de novas actividades e investimentos, hai que ofertar un perfil que nos identifique de maneira moi intuitiva e doada de lembrar. Mais isto require o maior consenso sociocultural e político, e dende a EGAEX só cómpre lanzar este debate e animalo.

A Radiotelevisión pública ten tamén un papel importante na creación do selo Galicia, xa que é o principal axente informativo e de entretemento audiovisual con capacidade de exportar a imaxe galega. A Crtvg ten unha longa experiencia na venta de produtos de ficción, de entretemento e informativos elaborados coa óptica galega ás principais plataformas audiovisuais dixitais mundiais e aos operadores televisivos de referencia en países coma Arxentina, Uruguai, México, Panamá ou mesmo Brasil. Isto converte aos medios públicos galegos nun dos principais emisores da imaxe de Galicia como un lugar de interese tanto pola súa paisaxe, como pola súa economía, sociedade e cultura.

CSV: BOPGBOG-p04ak7f7ICZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

6.2 Cultura, educación e universidades

Para unha cultura como a galega a vocación exterior é a manifestación dunha necesidade existencial. Que haxa aínda preto de medio millón de galegos fóra da península ibérica que se recoñecen como cidadáns do país, nos termos que indica o artigo 3 do noso Estatuto de Autonomía ao se referir á "condición política de galegos", avala esa vocación. Mais tamén, vendo como o noso censo de xente nova vai decaendo dende a década dos oitenta do século precedente, temos que concluír que precisamos exportar os nosos produtos culturais para manter no país unha industria digna desa cualificación.

Desde este punto de vista, a gran esperanza galega radica na evolución do Brasil, aínda que tivera padecido un forte choque por mor do impacto da COVID-19. Unha nidia explicación desta esperanza podémola atopar nas perspectivas da industria editorial galega, a causa da persistente caída de potenciais lectores nas diversas etapas educativas, que é onde se concentra maiormente a demanda. Pero tamén podería verse na industria musical ou mesmo na audiovisual.

Para acometer estas tarefas resulta altamente recomendable buscar e tecer alianzas con socios portugueses, dado que a diferencia de escala entre o Brasil e a suma de Galicia+Portugal así o aconsella. Neste punto temos que mellorar o nivel de inserción da cultura e dos produtos culturais galegos entre os case dez millóns de portugueses, número que tamén se ha contraer durante as vindeiras décadas, consonte coas proxeccións feitas polo Instituto Nacional de Estatística sito en Lisboa, que auguran a perda de ata ¼ da poboación lusa antes do fin deste século.

Desta maneira, todo canto supoña intensificar a presencia e coñecemento de creadores e de industrias culturais lusas en Galicia, seguida dunha recíproca e parella actitude para os homólogos galegos en Portugal, ha ser extremadamente positivo para todo o continuo que vai de Ortegal a Sagres e para as xentes que o habitan.

Nesta liña, conviría ir explorando o medre dos intercambios escolares entre Portugal e Galicia, e dende a ESO ata o bacharelato e a Formación Profesional de todos os niveis. Este campo precisa ser máis traballado, porque tamén insuflaría novos azos aos intercambios universitarios, nunha sorte de Erasmus luso-galaico cun impacto e volume moi superior ao

CSV: BOPARL-b0f4kJ7/0CZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

que polo de agora ten o propio programa Erasmus tradicional entre nós. Mesmo debemos avaliar coa Administración Xeral do Estado a posibilidade de crear un complementario programa Séneca de ámbito ibérico, que converta en natural e normal os estudos universitarios transfronteirizos na vella Hispania de orixe romana.

O novo Tratado de Amizade e Cooperación de 2021 entre Portugal e España, que dá continuidade ao de 1977 asinado polos primeiros ministros Soares e Suárez, abre novas e amplas portas para pensar na instrumentación de acordos internacionais administrativos que permitan remover cantos atrancos puideran existir para facilitar a validación de materias, recoñecemento de títulos ou para superar calquera outro aspecto burocrático que limitase o desexable incremento da mobilidade universitaria e cultural por riba do Minho e das montañas orientais.

Unha boa estratexia nesta liña sería a promoción da creación de escolas transfronteirizas entre Galicia e Portugal.

Tratado Hispano-Portugués[16] de 1977	Tratado Luso-Español[17] de 2021
ARTIGO 5.º *As Partes Contratantes, com o objectivo de facilitar aos respectivos povos um conhecimento mais efectivo dos valores e realizações culturais da outra Parte,*	*ARTÍCULO 5.º* *Cooperación en materia de lenguas, educación y cultura* *1. Las Partes reconocen el papel de las lenguas, la educación y la cultura como*

16 https://www.ministeriopublico.pt/instrumento/tratado-de-amizade-e-cooperacao-entre-portugal-e-espanha-0

17 https://www.lamoncloa.gob.es/presidente/actividades/Documents/2021/281021-TratadoAmistadCooperacionEspanaPortugal.pdf

ARTÍCULO 18.º
Otros instrumentos
1. El Presente tratado no afectará a la vigencia de los convenios bilaterales concluidos anteriormente entre las Partes, tales como el Tratado de Amistad y Cooperación entre Portugal y España, hecho en Madrid el 22 de noviembre de 1977 (...)
2. Las Partes podrán establecer, cuando lo estimen necesario, instrumentos adicionales, de carácter complementario, en todos los ámbitos comprendidos en el presente Tratado.

CSV: BOPGIS/BOG-h0WkB7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

decidem promover: o ensino do idioma a nível universitário e a conservação da língua materna pelos filhos dos emigrantes; a difusão e circulação da produção literária e musical, das obras teatrais, cinematográficas e televisivas, assim como o melhor conhecimento da criação artística; o intercâmbio de missões de professores, investigadores e especialistas, bem como de estudantes, e a cooperação entre academias, Universidades, institutos especializados e organizações juvenis e desportivas.	*vectores relevantes de su relación bilateral.* *2. Se comprometen a promover la investigación conjunta y el respectivo aprendizaje de idiomas, en especial a través de una apuesta por la cooperación universitaria, particularmente mediante iniciativas comunes, como la creación de cursos y grados conjuntos entre instituciones, la promoción de la movilidad e intercambio de estudiantes y docentes de instituciones de enseñanza superior, así como de una dinamización del acceso abierto a publicaciones y datos científicos.* *3. En el ámbito cultural, deseando fortalecer las relaciones de amistad y reforzar los lazos históricos entre los dos Estados, las Partes promoverán la cooperación en el marco de las relaciones bilaterales y multilaterales en el área de la cultura, teniendo en consideración el papel de la misma en el desarrollo sostenible, en la transformación de las sociedades y en la cohesión territorial.* *4. Las Partes promoverán un mejor entendimiento mutuo, así como un mayor conocimiento de historia y de las artes y las culturas de sus pueblos a través de las áreas del patrimonio, museos, archivos, bibliotecas, literatura, artes plásticas, música, teatro, danza, cine y sector*

CSV: BOPRSDBOG-pwWkB7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

	audiovisual, así como los demás ámbitos de la actividad artística y cultural, y del desarrollo de iniciativas destinadas a intensificar la cooperación entre los dos Estados y promover la creatividad y la innovación.

Porén, Galicia pode e debe converterse nun anovado elo de Unión Ibérica nas ordes cultural, educativa e universitaria, reforzándose mutuamente para realizar logo suxestivas ofertas no Brasil, e servindo de ponte para que a vibrante cultura brasileira teña a estima que merece na vella Europa. Esta dinámica podería logo estenderse a outras áreas de Lusofonía, comezando por Angola e por Mozambique.

O Consello da Cultura Galega e o Instituto Camões están chamados a serviren de catalizadores desa nova dinámica, en grande medida grazas ao clima de cooperación e confianza mutua que veñen cultivando dende hai moitos anos.

Para por en práctica esta cooperación entre Galicia e o mundo lusófono no eido cultural sería necesario a creación dun plan específico a proposta do Consello da Cultura Galega polo seu rol na CPLP para os países de lingua portuguesa, que evidencie a doada intercomprensión lingüística e que contemple todos os aspectos da marca Galicia. Este plan desenvolveríase en Brasil e Portugal, pero sen esquecer ter en conta outros suxeitos como Cabo Verde ou Angola.

6.3 Galeguidade e poboación

Tal como recolle a LACEX no número 2 da súa Disposición Final primeira, ao se referir ao Consello da Cultura Galega, somos un pobo transterritorial.

Segundo o IGE, no ano 2022, os datos desagregados por sexo das persoas galegas residentes no estranxeiro son:

CSV: BOPARLDIGITAL-07/CZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

	Total	Homes	Mulleres
Continente			
Europa	113.877	56.994	56.883
África	1.051	627	424
América	410.591	197.346	213.245
Asia	1.439	800	639
Oceanía	2.080	1.101	979
TOTAL	**529.038**	**256.868**	**272.170**

Gracias ao peso das persoas galegas que viven en América, o número de galegas que viven no estranxeiro é superior, por pouco, ao número de galegos, o que xustifica en parte, a previsión de actuacións específicas cara o seu retorno.

O Consello da Xunta de Galicia aprobou o 15.XII.2022 a nova Estratexia *Retorna 2023-26* (*ERG2026*), que ha ser un dos piares hermenéuticos e inspiradores na aplicación da EGAEX 2023-2027, xunto coa planificación do IGAPE a prol do fomento das exportacións e da captación de investimentos produtivos, todos integrados co prevalente *Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030*.

Debemos ter presente que os galegos aos que debemos dirixirnos veñen daquela determinados na ERG2026 e han ser considerados polo conxunto da Administración autonómica:

Poboación galega no exterior, nacidos en España e no estranxeiro (comparativa 2009 – 2018 – 2022) INE

ANOS	NACIDOS EN ESPAÑA	NACIDOS ESTRANXEIRO	TOTAL
2022	**143.569 / 27%**	384.310 / 73%	529.038
2018	151.589 / 30%	363.284 / 70%	516.489
2009	**160.792 / 42%**	218.401 / 58%	383.599

CSV: BOPRSDBOG-p0AWkJ7DCZx-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Agora, o *ERG2026* duplica o número de medidas operativas e aínda máis o seu orzamento asociado respecto da súa predecesora, a *Estratexia Retorna 2020*. Nesta nova programación, o obxectivo primordial pasa por favorecer o regreso de 30.000 galegos do exterior, maiormente considerando que a primeira *Estratexia Retorna* superou as previsións iniciais, ao partir dun obxectivo de 20.000 galegos retornados, cando ao seu cabo tornaron á nosa Terra 28.000 galegos ou descendentes.

Dende a Xunta de Galicia, todos debemos interiorizar que a ERG2026 pivota sobre catro áreas sectoriais:

CSV: BOPGIS0BOG-p0WWJ7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

ESTRUTURA DA
ESTRATEXIA RETORNA 2023 - 2026

ÁREAS	OBXECTIVOS		MEDIDAS	
ASESORAMENTO, SEGUIMENTO, COORDINACIÓN E CONTROL	4	13,3%	11	8%
SOCIAL	8	26,7%	24	25%
EDUCATIVA	10	33,3%	28	30%
LABORAL	8	26,7%	37	37%
TOTAL	30	100%	100	100%

En liña co perseguido, o orzamento asociado á ERG 2026 medra de xeito substancial, máis que triplicándose, ao pasar dos previos 15 millóns de euros a 50 millóns de euros. Asemade hai que contar con outros incentivos xestionados polos respectivos departamentos e entidades autonómicos, que poden encamiñar ata 450 millóns de euros durante o período estimado.

A integración de todas estas iniciativas xunto co lanzamento do "*Estatuto de investidor da diáspora*" (*EID*) debe propiciar a consolidación do retorno galego e da súa propia inercia para mellorar os nosos indicadores demográficos e o incremento da densidade poboacional naquelas bisbarras onde cómpre con maior urxencia o rexuvenecemento, apoiándose na evolución positiva do saldo migratorio a prol de Galicia.

CSV: BOPARLAMENTOGALICIA-HAWKBTDCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043



Como salienta a ERG2026, sumamos xa nove exercicios consecutivos de crecemento do retorno e case o 60% dos retornados son menores de 45 anos, ou sexa, son novos galegos que fican por baixo da media de idade dos residentes en Galicia, que consonte co INE mesmo supera os 48 anos.



CSV: BOPARLSDBOCnpAWkBTDCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Lembremos que só na última década tornaron a Galicia máis de 40.000 galegos, tanto de nacemento como descendentes de galegos. Velaí como o saldo migratorio de Galicia en 2020 foi positivo en máis de 14.000 persoas. Por conseguinte, todas as iniciativas impulsadas pola EGAEX deben ter sempre presente que a atención aos propósitos da ERG2026 ha ser capital, para afianzar os alicerces demográficos e socioeconómicos do País.

Os galegos de fóra son tamén os nosos concidadáns, integrantes deste pobo transterritorial, e neles fica igualmente o noso futuro como *gens* cultural, nunha acepción anovada e moi ampla do acoutado termo latino (*gens*: familia-tribo).

Non en van a LIDEGA (*Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia*) establece de maneira taxativa no seu artigo 70 -*Afianzamento dos vínculos coa poboación galega residente no exterior*- que a Administración autonómica levará a cabo programas de carácter cultural, lingüístico, educativo, sociosanitario e de reforzo dos vínculos dirixidos á poboación galega residente no exterior, coa finalidade de fortalecer o seu sentido de pertenza a Galicia. Ademais, o desenvolvemento destes programas preverá actuacións especificamente dirixidas á mocidade e ás mulleres, que favorezan o retorno. Pero a LIDEGA prosigue prevendo que a Administración autonómica facilitará o asentamento das persoas galegas retornadas en igualdade de condicións que o resto da poboación de Galicia. Para estes efectos, eliminará as eventuais barreiras no acceso aos programas e servizos da súa competencia e prestará especial atención ás necesidades no medio rural –artigo 71-. Con esa finalidade, a Administración autonómica desenvolverá, no ámbito das súas competencias, as accións necesarias para unha adecuada información, orientación e seguimento da persoa retornada e da súa familia, tanto no seu país de procedencia como na súa chegada a Galicia, para conseguir unha plena inclusión na sociedade galega, desenvolvendo accións específicas de asesoramento sobre o acceso ao emprego, con carácter previo e no momento do seu retorno. Así, disporá dunha unidade de xestión integral que dea a coñecer á poboación galega residente no exterior as axudas e os programas existentes e facilite información e seguimento personalizado ás persoas galegas retornadas e ás súas familias -artigo 72, apoio no proceso de retorno-.

Neste orde de cousas, no eido da formación, do emprego e do emprendemento, ponse en marcha o Programa Galicia Retorna, nas súas modalidades de Retorna Cualifica, Retorna Emprego e Retorna Acelera Emprendemento, destinado á orientación, formación,

CSV: BOPRSDBOcnWAKBTDCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cualificación e intermediación de persoas galegas no exterior, en orde ao seu retorno a Galicia coa posibilidade de traballar na súa terra co conseguinte retorno do talento e asentamento de poboación en Galicia.

Asemade a LACEX (*Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia*) dispón agora de modernas medidas efectivas para preservar os lazos entre galegos e tecer redes coas novas modalidades migratorias, que moi pouco teñen en común coas dos séculos XIX e XX. Entre outros motivos porque a maioría dos galegos que se desprazan fóra son profesionais extraordinariamente cualificados e emprendedores en actividades con gran futuro, e a maiores con moita mobilidade internacional, sen se agrupar arredor de centros galegos tradicionais, como fixeron os nosos devanceiros. Concretamente, a LACEX prevé a levanza dun *Asento de galegos no exterior (ASGE)*, xa que as cidadás e os cidadáns coa condición política de galegas e galegos, consonte co artigo terceiro do noso Estatuto de Autonomía, que se despracen ao exterior por máis dun ano poderanse inscribir de modo voluntario no devandito ASGE, dependente do órgano de dirección responsable do apoio á diáspora galega, sen prexuízo da súa inscrición obrigatoria como residentes no exterior no Rexistro de Matrícula consular correspondente, de acordo coa normativa estatal. Así facilitarase a realización de xestións administrativas coas administracións galegas e a constitución de redes de apoio, asistencia e difusión cultural, ademais de propiciar o seu axeitado retorno a Galicia. Para a inscrición no ASGE será necesaria a presentación dunha solicitude por vía electrónica, conforme co modelo que estableza a Administración autonómica. Unha vez presentada a solicitude, o órgano de dirección responsable do apoio á diáspora galega remitirá un correo electrónico e unha comunicación postal á persoa solicitante no seu enderezo foráneo, para verificar deste xeito a súa residencia no exterior. Na comunicación postal constará unha clave persoal, que deberá remitir quen for a destinataria ou o destinatario por vía electrónica.

Para incentivar a inscrición no devandito Asento, entenderase que existen razóns de interese público para a aplicación da tramitación de urxencia aos procedementos iniciados polos galegos e as galegas inscritos no ASGE, cando estes e estas así o soliciten, á hora de realizaren trámites a distancia relacionados co eido educativo, sanitario e asistencial, como pode ser o acceso a rexistros públicos autonómicos, a emisión de certificados, a consulta do historial médico custodiado polo Servizo Galego de Saúde ou a solicitude de copias de documentos oficiais expedidos pola Administración autonómica, así como para se

CSV: BOPGDSBOG-p0AWkJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

beneficiaren de procedementos de concesión de axudas, subvencións ou bolsas de estudo. Como garantía, o ASGE estará sometido á normativa europea e española de tratamento de datos persoais. O órgano de dirección responsable do apoio á cidadanía galega do exterior e ao retorno manterá o ASGE da maneira que prevexa o correspondente regulamento -artigo 110-.

Asemade, a LACEX prevé a constitución de novas redes de galegos e galegas no exterior, dado que os inscritos no *Asento de galegos e galegas no exterior* poderán dar a súa autorización expresa ao órgano xestor da súa mantenza para utilizar os seus datos co fin de estimular a constitución de redes de apoio mutuo en cada país ou territorio en que estivesen residindo. Estas redes poderán ter ou non personalidade xurídica, tanto de dereito español coma do dereito do país de asentamento. Así mesmo, poderán ser beneficiarias de axudas ou subvencións consonte coa normativa vixente. As redes constituídas fomentarán o senso de fraternidade entre a cidadanía galega e promoverán a lingua e a cultura galegas no seu contorno -artigo 111-.

A mesma dinámica estendese na LACEX ás empresas e profesionais galegos no exterior –artigo 112-, pois a entidade instrumental do sector público autonómico promotora do comercio exterior e as cámaras de comercio poderán convidar ás empresas e aos profesionais galegos e galegas radicados no exterior a constituíren redes de asistencia, colaboración e apoio mutuo entre eles, así como para axudaren a pares radicados en Galicia que poidan ter oportunidades de negocio onde xa estean asentados. Para a constitución destas redes, as empresas e profesionais poderán inscribirse voluntariamente no *Asento de empresas e profesionais galegos no exterior* (*ASEPGE*). Esta inscrición será necesaria para acceder aos beneficios e axudas de apoio a estas redes. As redes poderán ter personalidade xurídica, tanto de dereito español coma do dereito do país de asentamento. Así mesmo, poderán ser beneficiarias de axudas ou subvencións consonte coa normativa vixente.

Daquela, non hai dúbida que os galegos do exterior, en tanto que cidadáns españois, han seguir inscritos de forma obrigada como residentes no correspondente Rexistro de Matrícula consular. Pero, a maiores e de xeito máis áxil, tamén poderán asentarse en calquera intre e dende calquera lugar no ASGE autonómico. Desta maneira teremos información de primeira cualidade e permanentemente actualizada para os novos profesionais galegos que se despracen fóra, ofrecéndolle servizos públicos a distancia,

CSV: BOPARG-b0AWkJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

ademais de preservar a restante información administrativa dependente da Administración Xeral do Estado.

Ademais, debe lembrarse o que se di no capítulo relativo á captación de investimentos desta Egaex sobre a previsión de poñer en marcha, mediante proxectos piloto, o "*Estatuto de investidor da diáspora*" (EID).

Por outra banda, cómpre intensificar os esforzos para atraer mocidade cara á Formación Profesional, acotío preterida nos seus países de residencia. Con esta medida buscarase incentivar o retorno dos galegos do exterior, non só dos emigrados, senón tamén dos seus descendentes, favorecendo a súa incorporación e a dos seus fillos nos centros de ensino secundario da Comunidade, así como no Sistema Universitario de Galicia.

Unha boa estratexia sería aproveitar o Asento de galegos no exterior (ASGE), como rede de extensión cultural de Galicia.

Aínda que non corresponde ao goberno galego encargarse das solicitudes de nacionalidade, cumpriría facilitar a tramitación da solicitude da nacionalidade diante da AXE para os descendentes de galegos no exterior.

7. Cooperación para o desenvolvemento

A política pública autonómica de cooperación para o desenvolvemento inclúe o conxunto de iniciativas, actuacións e recursos que a sociedade galega, a través do sector público autonómico, pon ao servizo das persoas, comunidades, entidades e institucións públicas en países empobrecidos e en vías de desenvolvemento, contribuíndo ao logro da axenda global de desenvolvemento humano sustentable co fin de erradicar a pobreza nas súas múltiples dimensións, reducir as desigualdades, promover a realización efectiva dos dereitos humanos, favorecer modelos de produción e consumo sustentables, loitar contra o cambio climático e promover unhas relacións internacionais baseadas na paz e na xustiza.

As actuacións en materia de cooperación para o desenvolvemento, en canto expresión do compromiso solidario da sociedade galega coa xustiza global, orientaranse á promoción de

CSV: BOPRSDBOCnpWAKB7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

cambios positivos, sustentables e a longo prazo nas condicións de vida das persoas para a realización do dereito ao desenvolvemento humano sustentable dos países e pobos cos que coopera o sector público autonómico e os axentes de cooperación, e contribuirán á construción dunha cidadanía global concienciada e comprometida, que apoia e participa nas políticas e actuacións de solidariedade e xustiza social a nivel local e global.

As actuacións e recursos que o sector público autonómico destine á cooperación para o desenvolvemento no exercicio das súas competencias contribuirán ao cumprimento da axenda global de desenvolvemento humano sustentable das Nacións Unidas e os seus organismos especializados, e do establecido na lexislación e planificación estatais nesta materia.

A denominación "Cooperación Galega" inclúe o conxunto de iniciativas e actuacións en materia de cooperación para o desenvolvemento promovidas, ben directamente polo sector público autonómico, ben a través dos outros axentes de cooperación para o desenvolvemento, que son financiadas con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Goberno galego abordou a reforma e adaptación da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, reguladora desta materia durante os últimos dezaoito anos, incorporando un título específico desta materia na lei reguladora de toda a acción exterior, a Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, en liña coa filosofía da Lei 2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo Exterior do Estado, que menciona de maneira explícita a cooperación para o desenvolvemento no seu artigo 24 como un dos ámbitos da Acción Exterior do Estado.

Concibimos, polo tanto, a cooperación para o desenvolvemento como un piar básico da acción exterior da nosa Comunidade Autónoma, expresión solidaria da cidadanía galega.

O título VIII da nosa Lei dedícase en exclusiva á cooperación para o desenvolvemento, que se constitúe desta maneira nun dos puntais da proxección de Galicia no exterior. Por outra banda, este título actualiza e moderniza os principios, os obxectivos, os criterios e as prioridades da política pública autonómica de cooperación para o desenvolvemento, así

CSV: BOPARLG-b0WAKJ7/0CZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

como a organización institucional da Cooperación Galega e os seus recursos e financiamento, co fin de facilitar un espazo de coordinación e complementariedade co resto de axentes públicos e privados da cooperación. A lei permite, ademais, contar cun anovado marco de financiamento e control das axudas e subvencións neste eido, que aporta a necesaria flexibilidade na súa xestión con garantías de cualidade, eficacia e eficiencia.

Este título VIII baséase nos estudos, investigacións, avaliacións e experiencia de preto de 30 anos da Cooperación Galega e nace coa vocación de consolidar un sistema maduro de cooperación en Galicia e de contar cunha política pública xenuína de cooperación para o desenvolvemento.

Como non podería ser doutro xeito, incorpórase na Lei a Axenda 2030 e os ODS dunha maneira substantiva (principios, obxectivos, criterios e prioridades), aínda que eludindo referencias nominais, para evitar que se produza unha obsolescencia prematura do texto lexislativo.

A Lei reforza a especialización xeográfica e sectorial da Cooperación Galega, cunha atención específica a América Latina, aos Países Africanos de Lingua Oficial Portuguesa (PALOP) e á promoción da colaboración transfronteiriza cos axentes portugueses de cooperación.

Tamén reforza o carácter participativo desta política pública nos niveis de planificación, avaliación, xestión do coñecemento e rendición de contas, e incorpora o marco normativo de referencia en transparencia, bo goberno e participación cidadá. Recoñécese como interlocutores permanentes á Coordinadora Galega de ONGD e ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. A Lei tamén pon o acento na complementariedade e coordinación entre as Administracións públicas galegas.

Polo que respecta á planificación da Cooperación Galega, cabe dicir que, tras a execución dos catro primeiros Plans directores da Cooperación Galega (I Plan director 2006-2009, II Plan director 2010-2013, III Plan director 2014-2017 e IV Plan director (2018- 2021- prorrogado para o 2022), iniciouse un novo ciclo de planificación que abrangue o período 2023-2026.

CSV: BOPGIS/BOG-h0AWkJ7/0CZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Este novo ciclo de planificación cuadrienal da Cooperación Galega baséase nunha actualización do anterior marco estratéxico, reforzando os seus principais elementos artelladores coas seguintes características:

- O aliñamento coa Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas e os ODS.
- A continuidade co IV Plan Director e o seu deseño estratéxico con base no modelo de xestión orientada a resultados de desenvolvemento, mais realizando unha revisión dos seus ámbitos estratéxicos e do marco de resultados e identificando os procesos que reforzan a identidade, as vantaxes comparativas e o valor engadido da Cooperación Galega.
- A garantía da previsibilidade dos recursos dispoñibles no marco dun crecemento do programa 331A de cooperación exterior para o desenvolvemento da Xunta de Galicia no horizonte do 0,7.
- A recuperación da dotación orzamentaria do programa 331A previa á crise económica e financeira iniciada no ano 2009.
- A xeración de incentivos para a actuación dos axentes de cooperación nos Países Menos Adiantados (PMA) ou con Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) baixo, en África e na atención aos colectivos máis vulnerables.
- A elaboración participativa de estratexias específicas nas prioridades da Cooperación Galega.
- O reforzamento da promoción dunha conciencia solidaria na cidadanía galega e a súa participación nas accións de solidariedade a nivel local e global para a transformación social.
- A ampliación do marco instrumental da Cooperación Galega para aumentar o impacto e alcance no logro de resultados das intervencións financiadas.
- A mellora da xestión do coñecemento a través de procesos de avaliación máis estratéxicos e orientados á aprendizaxe.
- A promoción dunha participación ampla e activa dos axentes galegos de cooperación durante a súa execución en coherencia cos principios dunha política pública participativa e participada.
- A transparencia e a rendición de contas activa á cidadanía galega dos seus logros na consecución dos ODS e do cumprimento dos resultados definidos participativamente no Plan Director.

CSV: BOPGIS0BOG-p0AWkJ70CZx-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

A política pública de cooperación da Xunta de Galicia baséase na aprendizaxe e a mellora continua e asume os referentes normativos, estratéxicos e operativos a nivel internacional, europeo e estatal no eido da acción exterior solidaria, a cooperación para o desenvolvemento humano sustentable, a acción humanitaria e a educación e a transformación social.

7.1. Ámbitos estratéxicos

A Cooperación Galega contribúe activamente á consecución da Axenda 2030 e os ODS con base nas súas capacidades, activos e recursos. Os sete ámbitos estratéxicos seleccionados salientan o valor diferencial e a especialización coherente da Cooperación Galega e dos axentes galegos de cooperación en diálogo e alianza cos seus socios de desenvolvemento. Complementados coas prioridades transversais definidas no artigo 85.4 da Lei 10/2021, os ámbitos estratéxicos abranguen as cinco esferas da Axenda 2030: persoas, planeta, prosperidade, paz e partenariados/alianzas.

AE 1. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.

AE 2. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables cun enfoque de soberanía alimentaria, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.

AE 3. Impulsar a igualdade de xénero cun enfoque feminista, interseccional e de diversidades, o apoderamento e o exercicio de dereitos das nenas, adolescentes e mulleres e o fortalecemento das súas organizacións.

AE 4. Promover a garantía e defensa dos dereitos humanos, a democracia e o fortalecemento da sociedade civil organizada.

AE 5. Loitar contra o cambio climático e promover a sustentabilidade e a xustiza ambientais.

CSV: BOPARLDOC-p0WAKJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

AE 6. Protexer e salvar vidas, aliviar o sufrimento e manter a dignidade humana respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade, e cunha perspectiva de redución de vulnerabilidades e fomento da resiliencia.

AE 7. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social positiva, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.

Estes sete ámbitos estratéxicos serán o destino como mínimo do 90% do total da axuda desembolsable da DXREE e UE aos axentes de cooperación.

7.2. Prioridades xeográficas

O V PD recoñece como prioritarios os seguintes 11 países:

- África Subsahariana: Cabo Verde, Guinea Bissau e Mozambique.
- América Central: Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador.
- América do Sur: Bolivia, Ecuador e Perú.
- Caribe: República Dominicana.

A selectividade xeográfica da axuda galega ten xerado unha concentración en países de ingreso medio baixo e alto en América Latina, ficando Mozambique e Guinea Bissau como PMA dentro dos países prioritarios. Co fin de promover unha atención ás necesidades específicas dos PMA e dos países cun IDH baixo, en diálogo cos axentes galegos de cooperación estableceranse incentivos nas bases de convocatorias para fomentar a reorientación xeográfica progresiva da Cooperación Galega. Neste senso, os PMA ou países cun IDH baixo seguirán a recibir, como mínimo, a mesma valoración cos países prioritarios nas bases das convocatorias de axudas de proxectos de cooperación no exterior. Ao tempo, a Cooperación Galega seguirá apoiando singularmente á poboación saharauí e á poboación palestina.

Como mínimo, o 80 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento da DXRREE e UE concentrarase nos 11 países prioritarios e na poboación

CSV: BOPGIS/BOG-h0WkJ7/0CZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

saharauí e palestina. Os PMA e os países cun IDH baixo serán o destino como mínimo do 20 % do total da axuda desembolsada no exterior en cooperación e acción humanitaria.

As alianzas de traballo cos Países africanos de lingua oficial portuguesa (PALOP) constitúe un dos valores diferenciais da Cooperación Galega en liña co interese estratéxico que representa o ámbito lusófono de África Subsahariana para a acción exterior galega tal e como establecen a Estratexia galega de acción exterior, o Horizonte post 2020 da Xunta de Galicia e o artigo 3ª da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía. Deste xeito, recoñécese a Cabo Verde, Guinea Bissau e Mozambique como países prioritarios polo valor e experiencia de traballo da Cooperación Galega cos seus socios de desenvolvemento nestes países.

7.3. Prioridades transversais

O artigo 85.4 da Lei 10/2021 establece que as actuacións da Cooperación Galega deberán integrar as seguintes prioridades de xeito transversal: a erradicación da pobreza multidimensional, a igualdade de xénero, a defensa da sustentabilidade ambiental e a loita contra o cambio climático, o enfoque baseado en dereitos humanos, o respecto polas diversidades e a promoción da interculturalidade, a equidade e loita contra as desigualdades, a participación cidadá e o fortalecemento institucional e da sociedade civil.

1. A erradicación da pobreza multidimensional.

A política pública de cooperación sitúa no seu centro a erradicación da pobreza en todas as súas dimensións sen deixar a ninguén atrás para garantir o dereito a unha vida digna de todas as persoas así como o dereito ao desenvolvemento humano sustentable de todos os países e pobos.

2. A igualdade de xénero.

As actuacións e instrumentos da Cooperación Galega integrarán de forma sistémica e transversal a perspectiva de xénero, cun enfoque feminista, interseccional, decolonial e de diversidades, orientada á participación e apoderamento das nenas, adolescentes e mulleres, á garantía e exercicio pleno dos seus dereitos, incluíndo os dereitos sexuais e

CSV: BOPRSDBOG-h0WkB7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

reprodutivos. Abordaranse as causas estruturais das desigualdades de xénero promovendo a eliminación de toda forma de discriminación e violencia contra as mulleres e a transformación das relacións de poder, as estruturas patriarcais e formas de opresión que perpetúan as desigualdades de xénero. As intervencións deberán integrar diagnósticos de xénero no seu deseño e tomarán en consideración na súa execución e avaliación o impacto diferenciado que as intervencións poden ter sobre as mulleres e homes, así como nas relacións entre ambos, para a construción dunha cultura de igualdade. Ao tempo, apoiarase o fortalecemento das organizacións feministas e de mulleres e a súa capacidade de acción e autorganización.

3. A defensa da sustentabilidade ambiental e a loita contra o cambio climático.

As actuacións da Cooperación Galega integrarán medidas que apoien modelos de desenvolvemento baixo en carbono, de economía circular e resilientes ao cambio climático e que promovan a recuperación de biodiversidade e xestión sustentable dos recursos naturais. Así, promoveranse sistemas que apostan por introducir cambios nos nosos hábitos de consumo minimizando a necesidade de extracción de recursos naturais e reducindo a cantidade de residuos xerados. Fomentarase o emprego de índices ambientais, realizaranse diagnósticos ambientais, incentivarase o uso de tecnoloxías apropiadas e as enerxías limpas e renovables, e promoveranse o comercio xusto, o consumo responsable e as compras de bens e a utilización de servizos acreditados con certificacións ou selos que garantan o cumprimento de determinados criterios de sustentabilidade e xustiza ambiental e social. Así mesmo, recoñecerase o papel das persoas defensoras da natureza e do territorio, pobos indíxenas e comunidades tradicionais, fomentando a protección tanto da súa cultura, como do seu territorio e medios de vida.

4. O enfoque baseado en dereitos humanos.

As persoas que participen nas actuacións da Cooperación Galega serán recoñecidas como titulares de dereitos e liberdades. Promoverase a protección, defensa e realización dos dereitos humanos individuais e colectivos orientados ao apoderamento das persoas e comunidades e á súa participación activa e plena na vida social, política, económica e cultural. Ao tempo, contribuirase a que as persoas e institucións titulares de obrigas melloren as súas capacidades para o cumprimento das súas responsabilidades e a

CSV: BOPGIS0BOCnpWAKB7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

promoción e protección dos dereitos. Neste senso, a promoción e protección dos dereitos da infancia en todas as súas dimensións, incluída a súa participación activa, serán obxecto dunha especial atención nas actuacións da Cooperación Galega así como na identificación, deseño, execución das intervencións financiadas.

5. O respecto polas diversidades e a promoción da interculturalidade.

As actuacións da Cooperación Galega respectarán o dereito das persoas á súa identidade propia en todas as súas dimensións. Ademais, promoverán o dereito das persoas, pobos e minorías á defensa e promoción da súa lingua, cultura e identidade cultural. Nas súas actuacións, a Cooperación Galega respectará a diversidade cultural, protexerá o patrimonio material e inmaterial e fomentará o diálogo e convivencia intercultural. Ao tempo, combaterase o racismo e a xenofobia e as dinámicas e contextos de exclusión, discriminación, marxinación ou persecución das persoas e minorías a causa da súa identidade cultural, lingüística, relixiosa ou sexual. A identificación, deseño, execución e avaliación das actuacións tomarán en consideración as identidades e culturas das persoas e comunidades nas que se desenvolven.

6. A equidade e a loita contra as desigualdades.

As actuacións da Cooperación Galega promoverán un desenvolvemento con equidade orientado á diminución das desigualdades mediante a promoción dos dereitos, oportunidades, opcións e dignidade das persoas. De vez, ampliaranse as oportunidades das persoas para acadar un desenvolvemento equitativo, reduciranse as desigualdades promovendo o recoñecemento social e legal de dereitos e o exercicio de poder, e apoiaranse medidas e políticas públicas redistributivas e sistemas e mecanismos de cohesión social.

7. A participación cidadá e fortalecemento institucional e da sociedade civil.

As actuacións da Cooperación Galega fomentarán a apropiación democrática dos procesos de desenvolvemento a través da promoción activa da participación cidadá e da sociedade civil organizada, cunha atención especial á promoción activa da participación da infancia e dos colectivos prioritarios desta. Fortalecerase a súa capacidade para participar nos procesos de decisión colectiva, exercer o seu dereito de control dos poderes públicos,

CSV: BOPGIS/BOG-h0WKB7/0CZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

comprometerse cos bens comúns e públicos, mellorar a gobernanza democrática das institucións, xerar conciencia crítica e coñecemento colectivo, e reforzar a súa resiliencia. Ao tempo, as actuacións da Cooperación Galega promoverán o fortalecemento das capacidades da Administración pública nos países e comunidades socias, fortalecendo o bo goberno, a gobernabilidade democrática e o estado de dereito, a participación cidadá así como a modernización da estrutura e os sistemas de xestión do sector público. Ademais, en todos os seus eidos de actuación a Cooperación Galega impulsará activamente a tecnoloxía para o desenvolvemento humano sustentable e as súas ferramentas (licenzas copyleft, software libre, bases de datos abertas, etc.), de tal xeito que se empreguen as tecnoloxías apropiadas a cada contexto cultural, social e xeográfico co fin de aumentar as capacidades e coñecementos de todas as persoas e comunidades, evitando dependencias tecnolóxicas, e permitindo gañar en liberdade e autonomía nos procesos de desenvolvemento individuais e colectivos.

7.4. Colectivos prioritarios

A Cooperación Galega integra o principio universalista de "non deixar a ninguén atrás" da Axenda 2030 das Nacións Unidas, mais identifica os seguintes grupos de poboación en situación de vulnerabilidade ou en risco de marxinación, exclusión ou discriminación que demandan unha atención preferente.

- As nenas, adolescentes e mulleres e persoas LGTBIQ+, particularmente as que vivan en zonas empobrecidas e sen recursos e que poidan ser obxecto de múltiples discriminacións.
- A infancia, adolescencia e mocidade, especialmente a aquela en risco ou con diversidade funcional, en situación de explotación infantil ou exclusión en todas as súas dimensións.
- A poboación indíxena e/ou afrodescendente e minorías étnicas e, dentro delas, os grupos que poden ser obxecto de múltiples discriminacións.
- As persoas con diversidade funcional, as persoas maiores dependentes e as persoas doentes sen recursos, especialmente as que poden ser obxecto de múltiples discriminacións.

CSV: BOPRSDBOG-h0WAkJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

- As persoas defensoras dos dereitos humanos e a sociedade civil organizada en contextos de represión, persecución e regresión democrática e autoritarismo con restrición dos dereitos e as liberdades fundamentais.
- A poboación migrante, refuxiada ou desprazada ou en situación de retorno ou reasentamento por razóns políticas, económicas, sociais ou medioambientais, cunha atención específica aos colectivos máis vulnerables e prioritarios da Cooperación Galega. Dentro deste grupo, a Cooperación Galega seguirá apoiando singularmente á poboación saharauí e á poboación palestina e aquelas outras afectadas por conflitos armados e crises esquecidas.
- As persoas e grupos de poboación en situación de vulnerabilidade ou en risco de marxinación, exclusión ou discriminación que teñan sido máis afectadas pola pandemia da COVID-19 ou por emerxencias globais.

7.5. Capacidades e axentes galegos de cooperación

Os axentes galegos de cooperación, as súas obrigas, as súas características específicas e achegas ao sistema galego de cooperación son descritos no capítulo V da Lei 10/2021. Do conxunto de axentes, as ONGD e a Coordinadora Galega de ONGD (CGONGD) son recoñecidas como interlocutores permanentes da Xunta de Galicia no eido da cooperación para o desenvolvemento. Esta condición é compartida coas entidades locais e as súas organizacións representativas como a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Canda a elas, as Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación universitaria para o Desenvolvemento (RGCUD) tamén realizan unha achega relevante para o diálogo de políticas e o fortalecemento do sistema galego de cooperación. Por outra banda, a Cooperación Galega seguirá a manter as alianzas de traballo coas axencias das Nacións Unidas e os seus comités estatais ou organizacións que as representen en España, especialmente no eido da acción humanitaria e na formación de persoas expertas en cooperación ao desenvolvemento, ao abeiro da convocatoria específica de bolsas de formación. Ao tempo, recoñécese a achega que outros axentes realizan á Cooperación Galega desde o seu eido de especialización promovendo a innovación ao servizo do logro dos ODS e o fomento da prosperidade compartida nos países e comunidades socias.

CSV: BOPGIS0BOC-p0AWkJ7/0CZx-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

A Cooperación Galega desenvolverá medidas que faciliten a posta en valor da experiencia dos diferentes axentes de cooperación e fortalezan a súa capacidade. De vez, seguirá promovendo a complementariedade entre os actores e axentes de cooperación a través do impulso da súa coordinación, colaboración e concertación. Ao tempo, dotarase dun marco orzamentario que garanta a previsibilidade dos recursos e instrumentos, a solvencia financeira e a viabilidade operativa como instrumento ao servizo da súa sustentabilidade institucional canda ao financiamento de actuacións de capacitación e formación especializada dirixida aos axentes galegos de cooperación.

7.6. Marco de resultados de xestión do V PD

O V PD incorpora un marco con 6 resultados de xestión (R.X.) e 22 liñas de acción (L.A.) e 39 indicadores que permitirán medir o grao de cumprimento do plan ao remate da súa vixencia.

R.X.1. A Cooperación Galega aliña o seu marco estratéxico e operativo coa Axenda 2030 e os ODS.

- L.A.1.1. Contribuír a coherencia de políticas para o desenvolvemento sustentable en todos os niveis da Administración pública galega.

A DXRREE e UE participará activamente nas iniciativas e espazos da Xunta de Galicia para a implementación e logro da Axenda 2030 como a Comisión interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia. Ao tempo, asumirá o impulso proactivo da coherencia de políticas, promovendo a participación e diálogo cos axentes de cooperación, nos eidos da súa responsabilidade consonte ao carácter participado e participativo da política pública de cooperación tal e como establece a Lei 10/2021.

- L.A.1.2. Fomentar a participación e o diálogo de políticas no Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.

Darase continuidade aos grupos de traballo específicos, como o de educación para a cidadanía global, e valorarase a continuidade da comisión dinamizadora do proceso de elaboración do Plan Director para o acompañamento dos procesos de avaliación e xestión

CSV: BOPGDSBOG-p0AWkJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

do coñecemento desenvolvidos ao abeiro do mesmo. Tamén se valorará a creación de grupos de traballo específicos en acción humanitaria e emerxencias.

- L.A.1.3. Garantir a previsibilidade dos recursos orzamentarios e a solvencia da Cooperación Galega.

No horizonte do 0,7 %, o programa 331A de cooperación exterior e ao desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023 (8.915.485 €). Garantirase, ademais, un crecemento anual deste programa igual ou superior ao incremento porcentual anual dos gastos non financeiros xerais previstos na devandita Lei.

En liña cos anteriores Plans Directores da Cooperación Galega, executarase como mínimo o 95 % do orzamento operativo anual da DXRREE e UE previsto nos Plans Anuais da Cooperación Galega.

- L.A.1.4. Promover a participación doutros departamentos da Xunta de Galicia na política pública de cooperación.

A DXRREE e UE promoverá activamente a participación doutros departamentos da Xunta de Galicia na política pública de cooperación para o desenvolvemento e fomentará a previsibilidade dos seus desembolsos integrándoos no marco orzamentario dos Plans Anuais da Cooperación Galega.

R.X.2. A Cooperación Galega concentra a súa axuda con criterios de eficacia.

- L.A.2.1. Concentrar a axuda en cooperación ao desenvolvemento nos 11 países prioritarios e na poboación saharauí e palestina.

Como mínimo o 80 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE concentrarase nos 11 países prioritarios e na poboación saharauí e palestina.

CSV: BOPRSDBOg-pAWkB7DCZx-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

- L.A.2.2. Asegurar que unha parte da axuda se destina aos Países Menos Adiantados ou cun Índice de Desenvolvemento Humano baixo.

No marco da reorientación xeográfica progresiva da Cooperación Galega e en diálogo cos axentes de cooperación estableceranse incentivos para que, como mínimo, un 20 % da axuda desembolsada no exterior pola DXRREE e UE en cooperación e acción humanitaria sexa destinada aos Países Menos Adiantados ou cun IDH baixo.

- L.A.2.3. Incrementar os fondos dirixidos a actuacións con marcos de planificación plurianuais.

Durante a vixencia do V PD promoveranse programas no exterior e de educación para a cidadanía global co fin de mellorar o alcance e impacto das actuacións financiadas e aumentar a duración e promedio de financiamento das intervencións en cooperación exterior e educación para a cidadanía global.

R.X.3. A Cooperación Galega especializa a súa axuda nos ámbitos estratéxicos nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas.

- L.A.3.1. Reforzar a especialización sectorial estratéxica da cooperación exterior.

Como mínimo o 60 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios aos axentes de cooperación pola DXRREE e UE destínase aos cinco ámbitos estratéxicos relativos á cooperación ao desenvolvemento. Ao tempo, promoverase a elaboración participativa de estratexias específicas que se definirán en diálogo cos axentes de cooperación, cunha atención especial aos dereitos humanos e ao enfoque de xénero e feminista. As estratexias basearanse nun diagnóstico participativo das actuacións desenvolvidas e das capacidades existentes no sistema galego de cooperación e integrarán a identificación de aprendizaxes e recomendacións para o fortalecemento dos axentes de cooperación en Galicia e nos países e comunidades socias.

- L.A.3.2. Realizar unha acción humanitaria integral e de calidade.

Como mínimo o 20% do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE no exterior destinarase a acción humanitaria. Ao tempo,

CSV: BOPGIS0BOCnbWAKJ7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

subscribiranse convenios con axentes especializados en acción humanitaria para a atención de emerxencias, crises humanitarias e poboación migrante, refuxiada e desprazada. E darase continuidade á colaboración co fondo humanitario común coordinado pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) ou instrumentos análogos.

- L.A.3.3. Mellorar a calidade e impacto da educación para a cidadanía global.

Como mínimo o 15 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE destinarase ao ámbito estratéxico da educación para a cidadanía global. Estas medidas complementaranse co financiamento de programas de educación para a cidadanía global.

R.X.4. Os axentes da Cooperación Galega coordinan e complementan as súas actuacións para a consecución dos ODS.

- L.A.4.1. Participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da Cooperación española.

A DXRREE e UE seguirá a participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da Cooperación Española como os Encontros anuais de Comunidades Autónomas e cooperación para o desenvolvemento ou a Conferencia Sectorial de Cooperación para o Desenvolvemento Sustentable e a Solidariedade Global. Ao tempo contribuirá á planificación e ao sistema de xestión de coñecemento da Cooperación Española e ao seu compromiso coa transparencia e rendición de contas, especialmente a través do envío a info@od de datos e información rigorosa sobre a AOD da Xunta de Galicia.

- L.A.4.2. Incentivar a actuación conxunta e complementaria dos axentes galegos de cooperación.

As convocatorias de axudas establecerán incentivos para a actuación conxunta e complementaria dos axentes de cooperación. A DXRREE e UE promoverá e apoiará as alianzas de traballo multiactor con outros axentes galegos de cooperación nos ámbitos estratéxicos e países prioritarios. Neste senso, reforzarase o diálogo co Fondo Galego, a

CSV: BOPGIS/BOG-h0WKJ7/0CZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

FEGAMP e as Administracións locais galegas para a apertura de espazos de colaboración que poñan en valor a experiencia e saber facer da cooperación local, as súas redes de traballo e os seus programas de cooperación técnica.

- L.A.4.3. Impulsar a colaboración cos axentes de cooperación da Lusofonía.

A DXRREE e UE apoiará as actividades dos axentes galegos de cooperación nas que participen axentes de cooperación da Lusofonía, dando continuidade e ampliando as experiencias previas do Fondo Galego, da Coordinadora Galega de ONGD e das Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.

R.X.5. Os axentes da Cooperación Galega fortalecen a súa capacidade para a consecución dos ODS.

- L.A.5.1. Reforzar as capacidades técnicas e de xestión da DXRREE e UE en avaliación e xestión do coñecemento.

Durante a vixencia do V PD, priorizaranse as asistencias técnicas no eido da avaliación e xestión do coñecemento para o reforzamento da capacidade da DXRREE e UE.

- L.A.5.2. Fortalecer a capacidade da Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e das Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.

Seguirase apoiando, a través de cadanseu convenio anual, á Coordinadora Galega de ONGD, ao Fondo Galego e ás Universidades públicas galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.

- L.A.5.3. Apoiar a formación e capacitación especializada dos axentes galegos de cooperación.

A DXRREE e UE financiará a realización de actividades de capacitación e formación especializada para o reforzamento da capacidade dos axentes galegos de cooperación a

CSV: BOPGDOcnuAWkJ7DCZx-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

través de dous medios: os convenios coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento, e das convocatorias de axudas en concorrencia competitiva que inclúen a posibilidade de financiar este tipo de actividades. Darase continuidade á convocatoria anual das bolsas de formación de persoas expertas en cooperación ao desenvolvemento co fin de promover o desenvolvemento de carreira profesional no eido da cooperación e fornecer aos axentes de cooperación de persoal técnico especializado.

- L.A.5.4. Reforzar a cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe colectiva dos axentes de cooperación.

Promoverase a aprendizaxe colectiva do conxunto de axentes da Cooperación Galega a través da celebración de encontros públicos de socialización, presentación de resultados e rendición de contas. Ao tempo, financiarase a convocatoria de investigación para o desenvolvemento dirixida aos grupos e centros de investigación das Universidades galegas e os Plans Anuais da Cooperación Galega integrarán un plan anual de avaliación e estudos. O conxunto de insumos que integran a xestión do coñecemento da Cooperación Galega (memorias anuais, avaliacións, investigacións, etc.) serán accesibles á cidadanía e divulgados publicamente.

- L.A.5.5. Dar continuidade ao investimento en recursos humanos especializados dos axentes de cooperación.

Os proxectos financiados pola DXREE e UE subvencionarán a contratación de persoal técnico especializado co límite do 70% do custo total do proxecto. Os axentes de cooperación deberán respectar a lexislación laboral vixente tanto nos países socios como en Galicia promovendo a calidade na contratación, o traballo decente, a conciliación, e a igualdade de xénero e de oportunidades.

- L.A.5.6. Facilitar o acceso dos axentes galegos de cooperación a fontes de financiamento nacional e internacional

A DXRREE e UE apoiará financeiramente aos actores e axentes galegos que procuren financiamento a nivel nacional e internacional nos ámbitos estratéxicos en países

CSV: BOPGIS/BOG-h0AHkJ7/0CZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

prioritarios da Cooperación Galega ben a través de convenio específicos, ben a través das convocatorias públicas en concorrencia competitiva.

- L.A.5.7. Favorecer a concorrencia competitiva no acceso aos recursos desembolsables da Cooperación Galega.

Como mínimo o 75 % da axuda desembolsable da DXRREE e UE aos axentes de cooperación canalizarase a través de convocatorias públicas.

R.X.6. A cidadanía galega e os axentes de cooperación acceden a unha información de calidade sobre os logros colectivos da Cooperación Galega na consecución dos ODS.

- L.A.6.1. Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación

A DXRREE e UE dará continuidade ao seu compromiso coa transparencia e a rendición de contas á cidadanía acerca do valor, do impacto e dos resultados de desenvolvemento da Cooperación Galega. A páxina web da Cooperación Galega actualizarase permanentemente, permitindo o acceso da cidadanía á información relativa ás actividades de cooperación e aos documentos producidos no eido da planificación, seguimento e avaliación.

- L.A.6.2. Render contas á cidadanía galega e aos axentes de cooperación sobre os resultados da política pública de cooperación.

A DXRREE e UE promoverá a realización dunha análise externa intermedia de seguimento e unha avaliación final externa, participativa e independente da execución do V Plan Director da Cooperación Galega. Os seus resultados serán difundidos publicamente e serán presentados no Parlamento de Galicia canda ao informe anual de execución do Plan Director. Ao tempo, renderase contas e presentaranse os resultados da Cooperación Galega aos axentes de cooperación no CONGACODE.

CSV: BOPRSDBOG-pdWkBTdCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

7.7. Marco orzamentario

No V PD recóllese o seguinte compromiso orzamentario:
"No horizonte do 0,7 %, o programa 331A de cooperación exterior e ao desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023 (8.915.485 €). Garantirase, ademais, un crecemento anual deste programa igual ou superior ao incremento porcentual anual dos gastos non financeiros xerais previstos na devandita Lei".

8. Ámbitos xeográficos e institucionais

A determinación engadida de obxectivos xeográficos -a maiores dos inicialmente precisados nas áreas temáticas e sectoriais previamente expostas- obedece á necesidade de coordinar e concentrar esforzos mediante unha axeitada cooperación público-privada.

Sendo limitados os recursos e a escala do país, a intensificación das iniciativas nun espazo e nun tempo determinados sen dúbida xerará beneficios para todos os actores e axentes implicados, grazas á converxencia de esforzos nun espazo e nun tempo determinados.

Por iso, a concreción de certos territorios dentro de diversas rexións xeográficas debe ser considerada como unha recomendación máis que como unha directriz, estimulando a concertación e a planificación entre as entidades públicas do país con proxección exterior e os axentes privados definidos no artigo 2 da LACEX, posteriormente perfilados nos artigos 7 e 8 da mesma Lei.

Nesta Estratexia postúlase e non obrígase, pero si quérese salientar a relevancia do apoio mutuo entre os suxeitos galegos no eido internacional.

Galicia ten un gran potencial cara fóra por ser un país e unha sociedade onde conflúen as correntes culturais de matriz ibérica, é dicir, a de xénese española e a da xénese portuguesa, que se estenderon por todo o planeta dende finais do século XV, sendo a vangarda do liderado europeo e occidental que se consolidou ata o século XX, sen esquecer no medio

CSV: BOPRSDBOG-p04ka7f0fCZx-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

aquelo sobre o que reflexionou Antero de Quental, isto é, as *Causas da Decadência dos Povos Peninsulares*.

Mais os recursos e os medios para cultivar ese potencial son modestos consonte cos nosos parámetros de PIB, no entorno dos 60.000 millóns de euros, mesmo considerando o PIB de Portugal -da orde duns 210.000 millóns de euros-. As posibilidades poden ser moitas, pero as probabilidades de atinxir un posicionamento sólido e rendible de imaxe ou de presencia son necesariamente menores, polo que cómpre priorizar con tino.

En consecuencia, albiscando rexións xeográficas de interese para nós alén dos naturais espazos europeo e iberoamericano, xa de por si amplos e mestos, procede focalizar os nosos esforzos nos marcos territoriais que seguen.

8.1 Portugal e países da lusofonía

Dende unha perspectiva exclusivamente galega, cualificar a Portugal como *ámbito exterior* resulta certamente difícil de manter a causa do noso elo histórico co país irmán. Porén, a lexislación española de acción exterior non efectúa distinción, aínda que a LACEX foi alén dese marco e formula unha nova perspectiva que está á marxe do eido internacional e tamén da UE. Por iso, podemos afirmar que a nosa relación con Portugal é tan singular como fraterna.

Se Portugal é o noso país veciño, a súa rexión Norte forma un espazo continuo con Galicia. Ambas constituíron unha Comunidade de Traballo (CdT) en 1991, creada ao abeiro do Convenio Marco do Consello de Europa sobre Cooperación Transfronteiriza entre Comunidades e Autoridades Territoriais. Esta CdT tivo continuidade coa posta en marcha do Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (*AECT'GNP*), é dicir, coa AECT da Eurorrexión e coa aprobación de Plans de Investimentos Conxuntos (PICs), aliñados cos obxectivos da UE para decidir xuntos as prioridades de investimento nos correspondentes períodos de programación comunitaria. A posta en marcha do AECT'GNP serviu de base para a creación doutros dous AECTs de ámbito inferior e de catro Eurocidades na contorna da fronteira.

CSV: BOPARL-b0WkJ7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Pero as relacións non se esgotan no Norte. A presenza galega no resto de Portugal, as constantes visitas de autoridades galegas a Lisboa e de homólogos lusos a Galicia, e ata o Camiño portugués a Santiago -o que máis está a medrar de todos os Camiños- abondan nesta idea. Ademais, a *Lei Paz Andrade*, para reforzar os vínculos con Portugal e cos países lusófonos, así como a integración de España -a iniciativa e impulso de Galicia- na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (*CPLP*) como "observador asociado", onde xa figuran varias institucións galegas como "observadores consultivos", mesmo estenden agora estes vínculos alén de Portugal cara ao resto dos países lusófonos.

Grazas aos Fondos da UE, a Eurorrexión conseguiu importantes avances en diferentes ámbitos, como foi a creación do Laboratorio Ibérico Internacional de Nanotecnoloxía (INL), a rede viaria de conexión entre Galicia e o Norte de Portugal, ou a creación do Centro de Desenvolvemento, Cooperación e Servizos Empresariais Transfronteirizos (CECOTRAN). Simultaneamente, o Eures Transfronteirizo serviu para dar resposta ás necesidades de información relacionadas coa mobilidade de traballadores e empresarios, axustando oferta e demanda co propósito de ir consolidando un verdadeiro mercado laboral integrado.

Esta nova EGAEX cadra co inicio do arranque efectivo do período de programación dos Fondos europeos 2021-2027. Consecuentemente, a política da Eurorrexión ha estar en consonancia coas prioridades que rexerán o Marco Financeiro Plurianual.

A política eurorrexional tamén ha ter presente a Estratexia Común de Desenvolvemento Transfronteirizo, aprobada en 2020 polos gobernos da República Portuguesa e do Reino de España. Esta ferramenta é un documento marco que permitirá abordar de forma conxunta o reto demográfico e garantir a igualdade de oportunidades, o crecemento económico, a xeración de emprego, a conectividade e a mellora da cualidade de vida das persoas que viven a ambos os dous lados da fronteira, con especial atención ás mulleres e aos mozos.

CSV: BOPRSDBOG-b0AWkJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Unha Estratexia Eurorrexional: O Plan de Investimentos Conxuntos (PIC) da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal (2021-2027) e a RIS3-T

Os dous instrumentos de programación máis importantes da Eurorrexión foron o PIC (Plan de Investimentos Conxuntos 2014-2020) e a RIS3-T (Estratexia de Especialización Intelixente Transfronteiriza).

Facendo balance, temos que salientar o carácter pioneiro do PIC 2014-2020, xa que foi a primeira ocasión en que dúas rexións europeas decidiron planear conxuntamente cales ían ser as súas prioridades de investimento para un novo período de financiamento comunitario. Deste xeito, o PIC conseguiu determinar en gran medida o resultado do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza (POCTEP) Interreg V-A España-Portugal 2014-2020. Como consecuencia, o noso PIC foi un documento estratéxico que serviu para analizar e decidir entre os proxectos que se presentaron ao POCTEP.

Para o vixente período xa contamos con outro PIC e está en marcha tamén a coetánea RIS3-T. Ambos documentos poñen especial énfase nas capacidades de investigación conxunta da Eurorrexión para abordar a situación post COVID-19. Por iso, consideramos fundamental que no próximo período de programación se reforcen os programas de cooperación territorial e que se doten dun financiamento axeitado, que permita cumprir satisfactoriamente os obxectivos nelas contemplados.

A AECT'GNP foi a encargada da redacción do anterior PIC e tamén é a responsable do novo PIC para o período 21-27. Este PIC establece os principios que definirán a política de cooperación da Eurorrexión nos vindeiros sete anos:

1. Consolidación da capacidade de resiliencia da Eurorrexión: Trátase dunha oportunidade para traballar sobre os recursos dos que dispoñemos a fin de superar as dificultades e poder reaccionar con rapidez a crises futuras.

2. Reforzo da confianza entre a cidadanía da Eurorrexión para fortalecer as potencialidades de cooperación e complementariedade.

CSV: BOPARLAMENTODEGALICIA-202410-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

3. Promoción dun alicerce eurorrexional de dereitos sociais, en liña co europeo e coa intención de ir mitigando o efecto fronteira no mercado de traballo, na inclusión social, nos servizos públicos de formación, de saúde, de lecer e de cultura.

4. Adaptación avanzada do proceso de dixitalización, cuxa implantación se producirá nun período de tempo máis reducido: a transformación dixital implica un amplo proceso de capacitación das poboacións, organizacións e empresas que é importante desenvolver.

5. Impulso decidido, intelixente e sustentable das diferentes transicións que imos vivir: sen dúbida que a transición dixital e a enerxética estarán entre as máis importantes, pero tamén entre as máis coñecidas. Asemade, a transición industrial camiña en dirección cara unha crecente automatización, con importantes esixencias de adaptación formativa. A transición do mercado laboral apunta a novas relacións entre empresarios e empregados, das que o teletraballo é só a punta do iceberg.

6. Carácter dinámico do PIC no que respecta aos proxectos de investimento, garantido pola existencia dunha comisión de seguimento -con participación das institucións implicadas no seu desenvolvemento- e pola correspondente avaliación intermedia, en liña cos principios da programación comunitaria.

Guiados por estes principios, preténdense alcanzar os seguintes cinco obxectivos e superar dous desafíos:

1º) Traballar en conxunto para conseguir unha saída socialmente xusta da crise do COVID-19.

2º) Garantir a cooperación de proximidade, especialmente nas zonas con maior densidade poboacional, como é o caso da bacía do Miño, espazo en que as distancias entre os núcleos residenciais son moi pequenas e as sinerxías sociais, económicas e culturais son máis fortes.

3º) Abordar a cooperación segundo unha visión holística da competitividade, permitindo que a suma dos esforzos dos actores implicados xere unha plusvalía evidente, que visibilice a mellora dos resultados alcanzados.

CSV: BOPRSDBOG-pdwkb7ZZ-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

4º) Fomentar a participación da sociedade civil na cooperación, sen limitala ao nivel institucional. A cooperación na Eurorrexión xa atinxiu a madurez suficiente para dar este paso.

5º) Contribuír a mitigar o desequilibrio territorial, mediante políticas públicas proactivas que permitan aos axentes sociais desenvolver todas as potencialidades dos territorios interiores e rurais, aproveitando as oportunidades que poderán resultar dos novos paradigmas, como a descarbonización, a economía circular e o desenvolvemento sustentable.

Os desafíos formulados para o novo período de programación consisten en comezar a aproveitar o cambio demográfico, para sacar partido das oportunidades que ofrece unha poboación cuxa esperanza de vida é cada vez máis elevada, e acometer unha aposta decidida pola promoción dun panorama de cooperación máis ambicioso e na contorna dos novos contextos, provocados polas transicións dixital e enerxético-ambiental.

Tendo en conta as prioridades da programación europea e eurorrexional, establecemos para o PIC catro eixos estratéxicos coas súas correspondentes prioridades:

- Eixo 1: Unha Eurorrexión máis competitiva e conectada que se apoia na innovación, na dixitalización e na internacionalización como instrumentos para a mellor calidade da creación de emprego:

  - Estruturas de investigación e transferencia para a adopción de maiores capacidades e desenvolvemento das novas tendencias tecnolóxicas nas PEMEs.

  - Conectividade das persoas, das mercadorías e dos servizos avanzados.

  - Estratexia eurorrexional de internacionalización para mellorar a competitividade das empresas.

- Eixo 2: Unha Eurorrexión máis ecolóxica e descarbonizada para superar o cambio climático global e unha transición enerxética xusta:

CSV: BOPARLDIGITAL-07/02/24-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

- Fomento da resiliencia fronte ao cambio ambiental global.

- Promoción da economía circular e do uso sustentable dos recursos naturais.

- Eixo 3: Unha Eurorrexión máis social, integradora, resiliente e segura para enfrontar o reto demográfico e as ameazas á saúde pública:

  - Inclusión da perspectiva demográfica nas políticas públicas.

  - Afirmación dos dereitos sociais para limitar a vulnerabilidade e a desigualdade con enfoque de xénero.

  - Incremento da resiliencia fronte ás ameazas á saúde pública.

- Eixo 4: Unha Eurorrexión máis cohesionada en beneficio da cidadanía:

  - Aposta polo equilibrio territorial, na dobre dimensión litoral/interior e rural/urbana.

  - Impulso da cooperación transfronteiriza como instrumento eficaz para mellorar a calidade de vida da cidadanía.

Hai que ter tamén en conta que o PIC'GNP non esgota a dinámica de cooperación e representa un importante instrumento de programación ao servizo do fortalecemento institucional da Eurorrexión. Así o PIC, ademais de dar resposta aos desexos e expectativas de investimento dos principais actores de Galicia e do Norte de Portugal, tamén debe ser visto como unha oportunidade para capitalizar a diversidade de procesos de cooperación xa logrados, promover o fortalecemento institucional e a calidade do investimento na Eurorrexión. É por iso que é un documento aberto, e sempre que as circunstancias o xustifiquen, debe ser revisado para a súa debida adaptación.

Aínda existen diferenzas en canto ao estatus político-institucional dos dous territorios e dos respectivos réximes que enmarcan a aplicación dos Fondos Estruturais e de

CSV: BOPRSDBOG-h0WAkB7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Investimento Europeos (FEEI). Ademais, a mínima harmonización das condicións salariais, de cotizacións sociais e de tributación, así como as diferentes condicións de acollida das empresas, en ocasións pode provocar fricciónes.

O afondamento da Eurorrexión debe responder ás expectativas e aspiracións dos cidadáns na súa vida diaria, como é o caso dos traballadores que residen nun territorio e traballan noutro, e ás dos cidadáns que levan moito tempo esperando unha xestión máis flexible de acceso aos servizos públicos, particularmente aos servizos de saúde existentes nos espazos transfronteirizos.

O outro gran elemento de programación luso-galaica é a RIS3-T. A especialización intelixente supón unha aproximación estratéxica ao desenvolvemento económico, fundamentada en procesos adecuados de innovación, investigación e desenvolvemento. Apóiase na idea de que un conxunto reducido de áreas prioritarias permitirá canalizar os recursos de maneira máis eficiente cara investimentos cun maior impacto potencial na economía.

No anterior período de programación a Unión Europea relacionaba os fondos destinados á innovación coa existencia nas rexións dunha estratexia de especialización intelixente (RIS3). En consecuencia, tanto Galicia como o Norte de Portugal elaboraron as súas respectivas RIS3. Con todo, ambas decidiron conxuntamente dar un paso máis na cooperación transfronteiriza e elaboraron, a partir das súas respectivas estratexias, a que ata o de agora é o único caso en Europa dunha RIS3 Transfronteiriza (RIS3-T).

Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal (CdT'GNP) e AECT'GNP

A cooperación institucional na Eurorrexión está fundamentalmente representada pola CdT. A arquitectura institucional da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal pivota sobre a CdT'GNP, que ten na AECT'GNP o brazo executor das súas políticas.

O anterior período de programación tivo como obxectivo a consolidación da Eurorrexión e xirou arredor de catro elementos fundamentais:

CSV: BOPRSDBOG-pdWkJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

1º) A actividade da AECT, que se converteu en referente das demais AECsT da Península Ibérica, tendo sido a primeira AECT de alcance eurorrexional de toda a UE e a segunda en ser constituída, logo da AECT local Eurométropole Lille–Kortrijk–Tournai.

2º) A xestión dun POCTEP cofinanciado pola UE, que supuxo ata o de agora a aprobación dun investimento total na Eurorrexión de 163 millóns de euros, repartido en 85 proxectos, ao longo das convocatorias adxudicadas ata mediados de 2021.

3º) O impulso á cooperación de proximidade entre cidades da fronteira, coa creación de dúas novas eurocidades (Cerveira-Tomiño e Salvaterra- Monção) e dunha nova AECT de ámbito provincial e comarcal (Río Minho).

4º) O achegamento ao ámbito lusófono, seguindo as pautas da *Lei Paz Andrade*, para que España, e principalmente Galicia, se insiran no ámbito da Lusofonía.

Pola súa banda a CdT'GNP centrou os seus esforzos en varios obxectivos. O primeiro obxectivo foi avanzar na articulación da Eurorrexión a través da mellora das infraestruturas. Avanzouse na electrificación do treito Viana-Valença, que permitirá reducir a viaxe en tren Vigo-Porto a 90 minutos. O segundo obxectivo foi potenciar a innovación e o crecemento económico. O POCTEP permitiunos financiar moitos proxectos conxuntos, posibilitando compartir recursos e obter economías de escala xunto con complementariedades que tamén se traducen en vantaxes competitivas.

A vertebración do territorio e o crecemento económico contribuíron a avanzar cara ao terceiro obxectivo estratéxico: a dinamización demográfica e o envellecemento activo.

No futuro inmediato abranguido pola EGAEX, Galicia seguirá exercendo unha posición de liderado en materia de cooperación transfronteiriza, e continuará reforzando o seu papel como referente europeo e como interlocutor coa UE na defensa dos intereses comúns. En concreto, reclamando ás instancias europeas que incrementen os fondos destinados á cooperación transfronteiriza, e que se manteñan as áreas territoriais de cooperación incluídas nos períodos de programación anteriores.

CSV: BOPARLDIGITAL-DOCUMENTO-CZZ-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

A AECT da Eurorrexión está formada pola Xunta de Galicia e pola *Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte de Portugal (CCDR-N)*. A súa principal misión é a cooperación transfronteiriza para o desenvolvemento económico e a cohesión social. Céntrase na definición da cooperación estratéxica e das iniciativas de coordinación de interese eurorrexional. No que se refire ao nivel de administración, é unha Administración conxunta cun único nivel de gobernanza.

A AECT'GNP busca potenciar a creación de valor engadido no tecido empresarial a través da cooperación en innovación e coñecemento, tendo moi presente a base empresarial da Eurorrexión, e ademais aumentar a cohesión social e institucional. O obxectivo xeral pasa por fomentar a cooperación territorial e, en concordancia coa CdT'GNP, desenvolver actividades para cumprir os obxectivos eurorrexionais. O balance da AECT'GNP nos servizos prestados á CdT foi extraordinario, e agora ten por diante incrementalo, así como coordinar as contribucións que a Xunta de Galicia e a CCDR-N realizan para as reunións da Comisión Luso Española de Cooperación Transfronteiriza, que despois pasan como contribucións da Eurorrexión aos cumios ibéricos que todos os anos realizan os gobernos de Portugal e de España.

A CdT impulsa tamén a cooperación de proximidade, que trata de reforzar as políticas e instrumentos que teñen por obxectivo mellorar as condicións e a calidade de vida dos cidadáns das zonas de fronteira. Esta actividade promóvese singularmente a través das Eurocidades, como modalidade de cooperación territorial de segunda xeración, que pivota sobre as Administracións municipais.

A principal razón de existencia das Eurocidades é a de compartir infraestruturas dos seus servizos, co consecuente aforro de custos. As catro Eurocidades da Eurorrexión (Tui-Valença, Chaves-Verín, Salvaterra-Monção e Cerveira-Tomiño) están integradas na CdT, que deste xeito forma un todo articulado.

Por outra banda, a AECT Río Minho representa un territorio transfronteirizo formado por 26 concellos, 16 do sur de Pontevedra e as 10 cámaras que compoñen a CIM Alto Minho. Os concellos que conforman as Eurocidades de Tui-Valença, Tomiño-Vila Nova de Cerveira e Salvaterra–Monção forman parte desta AECT, que naceu para xestionar Fondos europeos que permitan desenvolver socioeconomicamente a zona e mellorar as condicións de vida

CSV: BOPRSDBOG-h0WAkB7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

da cidadanía. Entre os seus obxectivos destacan o de crear instrumentos de xestión común, que permitan manter un catálogo de servizos conxuntos; desenvolver un turismo sustentable; valorizar a cultura como elemento integrador para a sociedade deste territorio; favorecer a mobilidade interna e externa do territorio ou potenciar a innovación nas actividades produtivas primarias, secundarias e terciarias.

De agora en diante, é necesario que no caso dunha crise como a recente da pandemia COVID-19, as Eurocidades teñan unhas restricións menos severas de mobilidade para que, no suposto de peche de fronteiras, non se vexa tan minguada a súa porosidade nin os accesos aos servizos comúns.

O impacto pola pandemia da COVID-19 afectou aínda máis á zona de fronteira e ás Eurocidades pola perda de mobilidade. Para minimizar no posible as súas repercusións negativas, CdT'GNP e a súa ferramenta AECT'GNP elaboraron un *Plan de Reactivación da Cooperación de Proximidade*, contando coa achega das Eurocidades e doutras AECTs, ás que consultaron para pedirlles os seus pareceres, materializándose a través de proxectos que axudasen á recuperación dos territorios. Os proxectos deberían ser susceptibles de incorporación aos Fondos de Recuperación da UE. Ao abeiro deste Plan, formularon unha batería de proxectos que foron incluídos nas propostas susceptibles de ser financiados cos Plans de Recuperación e Resiliencia, co obxectivo de que a revitalización deses territorios fose efectiva.

O horizonte a seguir debe ser a consolidación da Eurorrexión e o afianzamento da cooperación trasfronteriza. A creación no anterior período de diversas AECTs e de Eurocidades debe dar paso a unha política común, que reflicta unha integración máis efectiva e unha cada vez maior identidade luso-galaica.

A CdT'GNP tamén poñerá especial énfase na loita pola eliminación dos custos de contexto que aínda lastran o día a día dos veciños da fronteira. A redución das asimetrías xurídicas, institucionais e administrativas que supoñen unha barreira para o exercicio de diversas actividades económicas é un obstáculo para a mobilidade intracomunitaria das empresas e dos traballadores transfronteirizos. Cómpre promocionar a xestión conxunta e o uso compartido de equipamentos e servizos de municipios transfronteirizos, nas áreas da educación, saúde, servizos sociais, protección civil, etc., que permitan aforrar custos e

CSV: BOPGIS0BOCnpWAKJ7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

elevar a calidade dos servizos, contribuíndo a reducir as desigualdades no acceso a estes servizos e a unha maior integración.

Débese intensificar a proxección da Eurorrexión de cara ao exterior, tanto na captación de investimentos como no desenvolvemento dunha estratexia conxunta nos ámbitos cultural e empresarial. A visibilidade da Eurorrexión foi un traballo continuo e conxunto, tanto participando en foros internacionais, como unificando as posturas e os esforzos en demandas comúns que nos afectan, ou mesmo expoñendo as nosas experiencias en foros afastados das nosas fronteiras.

Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP)

O Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) ten a súa Unidade de Coordinación na Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea (DXREUE), con responsabilidades pactadas coa Autoridade de Xestión do Programa para o seu mellor seguimento e execución.

Galicia recoñece o papel dos Fondos FEDER da Iniciativa INTERREG e, en concreto, do Programa POCTEP, como elementos chave na consecución dunha cohesión e un desenvolvemento cada vez maior, polo que seguirá apostando firmemente por acordar unha postura común coa CCDR-N na política de investimentos na Eurorrexión.

Este Programa, no que participan todo tipo de organismos, tanto públicos como privados, demostrou suscitar un interese evidente. En concreto, a nosa Eurorrexión foi a área de cooperación que máis candidaturas presentou nas convocatorias para o conxunto da fronteira hispano-lusa. Este sinal de vitalidade evidénciase tanto no número de proxectos aprobados (85) como na proporción de Fondos do Programa que captou -un investimento de 163 millóns de euros-.

Tendo en conta a estrutura do Programa, destaca o éxito habido no seu Eixo 1 -"Crecemento intelixente a través dunha cooperación transfronteiriza para o impulso da Innovación"-, no que se aprobou un investimento de 42,11 millóns de €, repartido en 22 proxectos de ámbito transfronteirizo. Tamén destaca o Eixo 3 -"Crecemento sustentable a través dunha

CSV: BOPGIS0BOCnpWAKJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

cooperación transfronteiriza pola prevención de riscos e a mellora da xestión dos recursos naturais"-, no que se están desenvolvendo 31 proxectos, cun investimento que alcanza os 70,64 millóns de €.

Pola súa banda, a demanda no Eixo 4 -"Mellora da capacidade institucional e a eficiencia da Administración pública a través da cooperación transfronteiriza"- foi superior á planificada inicialmente. Neste eixo aprobáronse 15 proxectos, cun investimento total de 21,4 millóns de euros. Só os actores correspondentes aos obxectivos do Eixo 2 -"Crecemento integrador a través dunha cooperación transfronteiriza a favor da competitividade empresarial"- mostráronse un pouco menos dinámicos, posiblemente por ser a primeira vez na que se aceptaba a participación de empresas privadas. Aínda así, aprobáronse 17 proxectos na Eurorrexión, cun investimento de 29 millóns de euros.

Cumios Luso-Españois

Tamén é moi importante o labor que está a realizar AECT'GNP para coordinar as contribucións que a Xunta de Galicia e a CCDR-N fan cara ás reunións da Comisión Luso Española de Cooperación Transfronteiriza, en tanto que contribucións da Eurorrexión aos Cumios Ibéricos que todos os anos desenvolven os gobernos de Portugal e España. Previamente a estes Cumios celébranse varias reunións, ás que asiste persoal de ambos gobernos, das CC.AA. españolas e das CCDR lusas, nas que se presentan unha serie de propostas e reivindicacións das instancias e institucións que traballan habitualmente no ámbito transfronteirizo.

A Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal (CCDR-N) e a Xunta de Galicia acordan regularmente uns documentos cun conxunto de demandas, que fan chegar aos gobernos portugués e español. Estas propostas son un reflexo das necesidades da Eurorrexión. Froito deste traballo xurdiron solucións a problemas tan transcendentais como a aposta común para que Europa puxese fin ao *roaming*, a coordinación en materia de loita contra os incendios forestais, a mellora das estruturas ferroviarias, en concreto a do tren Vigo–Porto (con paradas en Tui-Valença, Viana do Castelo e Braga–Nine) e a introdución dun billete único. Tamén a posta en marcha dun sistema de interoperabilidade nas autovías portuguesas, medidas para facilitar a

CSV: BOPARL-b0f4ab7f-0f2c-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

mobilidade dos traballadores transfronteirizos, promoción das contornas da Reserva da Biosfera Gerês-Xurés e do estuario do Miño, etc.

Algúns dos últimos temas abordados nestas reunións foron:

* No campo da demografía, a defensa da Eurorrexión mediante colaboración entre Administracións Públicas cara ós desafíos inmediatos.

* O apoio á terceira interconexión gasista entre Portugal e España, así como a consolidación do acceso a un mercado ibérico do gas natural.

* A importancia da cooperación no ámbito educativo para promover a educación bilingüe e o ensino das linguas.

* Reivindicacións no que respecta á avaliación ambiental de programas e plans transfronteirizos.

* Colaboración en materia de sanidade animal e vexetal, e de equiparación das medidas en ambos países.

* Conexións ferroviarias, expresamente o desenvolvemento das obras de modernización e electrificación do tramo Nine/Viana/Valença ata a fronteira, e na parte española o tramo Tui-Guillarei, ademais da obra da saída sur de Vigo.

* Finalización da liña de Alta Velocidade Vigo–Porto, e mentres tanto o funcionamento en condicións axeitadas de prestacións e frecuencias do actual "tren Celta".

* Apoio e impulso á necesaria conexión por autovía entre o Nordés portugués e Galicia, concretamente por Macedo de Cavaleiros, pasando por Vinhais ata chegar Á Gudiña.

* Colaboración no terreo turístico, en especial a cooperación bilateral, así como a cooperación en materia de posta en valor, delimitación, sinalización e promoción dos Camiños de Santiago en Portugal.

CSV: BOPRSDBOG-b0AWA7D7CZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Da Eurorrexión á Lusofonía

Un dos propósitos do anterior período foi o achegamento ao ámbito lusófono, seguindo as pautas da *Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía*, coñecida como *Lei Paz Andrade*. A consecuencia deste paso, desenvolveuse toda unha estratexia de país para que España, motivada por Galicia, se achegase como Observador Asociado á Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP). A finais de setembro de 2019 a Xunta de Galicia enviou ao Goberno español dous documentos coa achega a prol da adhesión á CPLP: un Plan de acción e outro de actividades, indispensables para a devandita adhesión.

É de suma importancia que se recoñeza o papel preponderante que tivo Galicia na entrada do Reino de España como Observador Asociado na CPLP, non só pola intensidade da relación de Galicia co mundo lusófono, pola antigüidade deste trato e pola proximidade das linguas galega e portuguesa, senón tamén porque Galicia foi a principal promotora do ingreso español, demostrando que se pode realizar acción exterior de alto nivel mediante unha cooperación leal e institucional recíproca.

De agora en diante, a Xunta de Galicia poderá estar presente nos grupos de traballo que se vaian creando na CPLP e sexan de especial relevancia para nós, tales como os relacionados cos temas da pesca, a cooperación ao desenvolvemento e a difusión da lingua.

Tradicionalmente Galicia mantén uns fortes lazos co mundo da Lusofonía e en particular coas comunidades portuguesas. No corpus xurídico galego hai exemplos de colaboración coa Lusofonía para ir promovendo a presenza do idioma portugués en distintos ámbitos profesionais e administrativos de Galicia, sen esquecer a presenza da realidade galega na *Rádio e Televisão* de Portugal e da realidade lusa na Televisión de Galicia. Xa o Decreto 178/2015, de Acción Exterior da Comunidade Autónoma, tivo como un dos seus obxectivos o estreitamento dos vínculos con Portugal e coa comunidade lusófona de nacións.

Por outra banda, a LACEX *-Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia-*, dedica o seu título IV á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e á Lusofonía, tendo en conta o carácter estratéxico de nosa cada vez máis vizosa cooperación coa República irmá e coas nacións da súa comunidade lingüística.

CSV: BOPRSDBOG-p04kfJ7DCZx-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

XUNTA DE GALICIA

Da cooperación territorial europea á cooperación rexional europea:

A Macrorrexión RESOE e a ARFE

Pola súa experiencia na cooperación territorial transfronteiriza, Galicia considera moi importante a cooperación rexional europea e é moi activa na procura de novas vías para estender a colaboración con outras entidades territoriais da UE. Así, xa en 2010 puxo en marcha a Macrorrexión das Rexións do Suroeste de Europa (RESOE) mediante un Memorando de Entendemento asinado por Castela e León, Galicia e o Norte de Portugal. En 2014 ampliouse coa adhesión do Principado de Asturias e da Rexión Centro de Portugal. Finalmente, en 2017 sumouse a Comunidade Autónoma de Cantabria, con vocación de expandirse cara outras rexións. Esta iniciativa de cooperación interrexional ten entre os seus obxectivos:

- Desenvolver e ampliar as posibilidades da cooperación territorial europea.
- Deseñar fórmulas de cooperación flexibles e eficaces.
- Fomentar o desenvolvemento da sociedade do coñecemento, apoiar a competitividade das empresas e loitar contra o desemprego e o declive demográfico.

Dos seis grupos de traballo que existen, Galicia lidera o Grupo de Educación, Cultura e I+D+i, no que está integrada a Conferencia de Reitores do Suroeste de Europa (CRUSOE), que é unha asociación sen ánimo de lucro constituída polas universidades de Galicia, Castela e León, Asturias, Cantabria, Rexión Norte e Rexión Centro de Portugal.

Neste período acompañamos e potenciamos as dinámicas da RESOE, para que actúe como un altofalante das nosas prioridades e necesidades. Eis, fomos capaces de introducir dentro da axenda da RESOE asuntos moi importantes en Galicia–Norte de Portugal, como o Camiño de Santiago ou o problema do avellentamento da poboación e o declive demográfico.

Aínda que hai gran interese sobre este tema a nivel europeo, os habitantes e autoridades das zonas rurais teñen expresado en diferentes instancias institucionais a súa preocupación

CSV: BOPGIS/BOG-h0WAKJ7/0CZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/ CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

pola falla de coordinación entre as Administracións na implementación de accións efectivas. O ditame do Comité Europeo das Rexións "*A resposta da UE ao desafío demográfico*" (2017/C017/08) mostra que o cambio demográfico é un dos maiores desafíos que enfronta a UE. Tamén especifica que as áreas rurais remotas experimentan retos demográficos en todo o continente, e chama a atención sobre o enorme impacto deste problema na economía, no sector social, orzamentario e ecolóxico, tanto a nivel nacional como rexional e local, e que afecta á sustentabilidade dos sistemas de pensións e saúde.

Conscientes da necesidade de articular unha posición común fronte ao problema demográfico, especialmente nas zonas rurais, a Eurorrexión continúa reclamando en Europa que a demografía sexa unha prioridade política e que se reflicta nunhas liñas de acción e nuns obxectivos específicos. Froito desa preocupación resulta a súa actual participación, xunto coas demais rexións españolas da Macrorrexión RESOE, no "Plan estratéxico de gobernanza para o despoboamento rural" (*Strategic Governance Plan for rural depopulation*), presentado no marco dos Fondos *Structural Reform Support Programme* (SRSP) da Comisión Europea.

Dese paso xurde a elaboración duns plans singulares por C.A., que terán o seu propio plan de acción personalizado e adaptado ás características de cada unha. Ademais, os plans intégranse nun documento final do Plan estratéxico de gobernanza na loita contra a despoboación nas zonas rurais. O obxectivo é ter á nosa disposición unha guía para a toma de medidas conxuntas que podería ser replicable e extrapolable a outras CC.AA. ou rexións portuguesas afectadas tamén por esta problemática, como é o caso das CCDR Norte e Centro.

Como Eurorrexión, fixemos escoitar a nosa voz de forma conxunta. En primeiro lugar a través das nosas respectivas instancias nacionais, pero tamén en todos os foros europeos dos que formamos parte, como a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM), ou na Asemblea das Rexións Fronteirizas de Europa (ARFE) e, dunha maneira moi especial, a través dos ditames do Comité das Rexións (CdR) e no grupo creado *ad hoc* na Comisión do Arco Atlántico.

A ARFE creouse para analizar as oportunidades de desenvolvemento conxuntas das rexións, á vez que promover a relación pacífica e a integración entre territorios fronteirizos

CSV: BOPRSDBOCnpWAKJ7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

europeos, sensibilizando sobre as condicións e necesidades particulares das rexións. ARFE traballa co obxectivo de:

* salientar o seu papel no panorama político;
* representar os seus intereses comúns;
* mellorar a cooperación entre rexións fronteirizas europeas;
* promover o intercambio de experiencias, información e solucións a obstáculos comúns.

As rexións fronteirizas enfrontan desafíos específicos debido á súa posición xeográfica, que a miúdo conleva infraestruturas, servizos públicos e subministro de bens deficientes. Nestes territorios, a cooperación é esencial, especialmente porque moi a miúdo cómpre manter as cadeas de valor, o mercado laboral e outras liñas de vida económicas e sociais. A Xunta de Galicia forma parte da ARFE dende 1986, sendo a primeira Comunidade Autónoma española que se adheriu. Durante a pandemia da COVID-19 a ARFE estivo moi atenta ao peche das fronteiras, para tentar evitar as consecuencias negativas derivadas do devandito peche.

8.2 Unión Europea e Estados da UE

Contorna europea

A Unión Europea atravesou duras probas nos últimos anos como o Brexit ou a pandemia que, lonxe de debilitar o proxecto de construción europea, reforzouno. No caso do Brexit, deixou en evidencia a dificultade dunha separación, dada a magnitude do acervo lexislativo común e dos intensos lazos existentes, e os prexuízos que aquela supón no ámbito económico e social no Reino Unido, cando menos a curto prazo. No caso da crise provocada pola COVID-19, a UE aproveitou ao máximo o marco normativo actual para coordinar a resposta europea nunha área na que apenas ten competencias, a sanitaria, e conseguiu sacar adiante un paquete de recuperación económica sen precedentes na historia, mediante a emisión de débeda pública amparada no orzamento comunitario.

Neste contexto, a UE ten agora diante súa o gran reto da recuperación económica que, ademais, pretende converter nunha oportunidade, apostando polas transicións verde e

CSV: BOPARLAMENTO-d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

dixital para saír máis reforzados da crise e máis resilientes ante futuras ameazas, co obxectivo de non deixar a ninguén atrás. Sen embargo, a invasión de Ucraína por orde do Kremlin vai alterar de xeito significativo os plans de recuperación socioeconómica impulsados dende Bruxelas.

Tendo isto en conta, as tres institucións europeas que participan no proceso lexislativo -Comisión Europea, Parlamento Europeo e Consello- acordaron por primeira vez uns obxectivos políticos comúns:

- A recuperación completa da pandemia de COVID-19 mentres se constrúe unha Unión Europea da Saúde.
- A transición cara a unha sociedade máis xusta, máis saudable, máis verde e máis dixital.
- O liderado mundial na loita contra o cambio climático.
- Apostar polas solucións dixitais en Europa a fin de establecer a soberanía dixital da UE.
- Facer que a economía europea sexa máis resistente e robusta.
- Defender os valores europeos comúns e fortalecer o modelo democrático europeo.
- Ampliar o papel da UE como actor global.

Estes obxectivos guían a acción da UE durante os vindeiros anos, polo que deberían inspirar tamén dalgún xeito a acción de Galicia perante a UE, aínda que só fose para inserir nos debates europeos a posición estratéxica da nosa sociedade a o respecto.

A máis longo prazo, Galicia debe ter tamén en conta as catro tendencias globais que a Comisión Europea vén de identificar no horizonte de 2050 e que afectan á capacidade e á liberdade de acción da UE: o cambio climático e outros desafíos ambientais; a hiperconectividade dixital e transformación tecnolóxica; a presión sobre a democracia e os valores; e os cambios na orde mundial e na demografía.

En vista destas tendencias, e dentro dos esforzos que está a desenvolver a UE para elaborar políticas con visión de futuro facendo pleno uso dos coñecementos existentes, a Comisión Europea vén de identificar dez áreas estratéxicas de actuación de cara a 2050:

CSV: BOPARLDOC-p0AWkBTDCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

- Garantir sistemas alimentarios e de saúde sostibles e resilientes;
- Garantir unha enerxía accesible e descarbonizada;
- Fortalecer a capacidade de xestión de datos, intelixencia artificial e tecnoloxías de última xeración;
- Garantir e diversificar a subministración de materias primas esenciais;
- Crear sistemas económicos e financeiros resistentes e de futuro;
- Fomentar e reter habilidades e talentos que se correspondan coas ambicións da UE;
- Reforzar as capacidades de seguridade e defensa e o acceso ao espazo;
- Colaborar con socios mundiais para promover a paz, a seguridade e a prosperidade para todos;
- Fortalecer a resiliencia das institucións.

Este traballo de "prospectiva estratéxica", que definiu en 2020 o concepto de "resiliencia", en 2021 o de "autonomía estratéxica aberta" e en 2022 explorou as interaccións entre as transicións dixital e ecolóxica.

Os cambios no clima, as tecnoloxías dixitais e a xeopolítica están afectando profundamente á vida dos europeos, como así ocorre en Galicia. Soamente unha acción coordinada a nivel europeo, nacional e subestatal pode dar resposta a estes desafíos.

Ademais deste traballo prospectivo por parte das institucións, por primeira vez lanzouse un gran foro de debate deseñado para dar aos cidadáns a oportunidade de contribuír ao que será a Unión Europea do porvir. A *Conferencia sobre o futuro de Europa* pretendeu debater e recoller as opinións da cidadanía europea sobre cuestións que afectan á Unión e ao seu funcionamento. Aínda que a Conferencia non crea obrigas legais, foi unha oportunidade única para establecer un camiño común cara ao futuro cunha perspectiva de abaixo a arriba. Galicia contribuíu activamente ao debate en temas que lle afectan especialmente, como os retos do envellecemento da poboación, a economía marítima ou a cooperación transfronteiriza.

CSV: BOPRSDBOCnpWAKJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

A Xunta de Galicia, xunto cos principais actores económicos e sociais galegos, está totalmente implicada e comprometida na captación de fondos e na preparación de proxectos que consoliden unha Galicia economicamente máis competitiva e socialmente máis igualitaria. Os proxectos galegos para o plan de recuperación apóianse sobre cinco alicerces transversais que coinciden ao milímetro cos obxectivos da Comisión Europea:

+ Economía circular e a transición enerxética
+ Mobilidade sustentable
+ Hubs de innovación industrial e dixital
+ Cadea mar-industria e agro-industria
+ Sanidade e atención sociosanitaria

O esforzo realizado no recoñecemento das necesidades do país durante a elaboración destes proxectos e grazas á implicación de todos os actores, debe traducirse nunha integración real dos nosos principais proxectos no Plan Nacional de Recuperación, Transformación e Resiliencia formulado por España diante de Bruxelas. Desde o inicio da pandemia, as CCAA estivemos á vangarda para afrontar a crise da COVID-19 e as súas repercusións socioeconómicas. Somos o nivel de goberno máis próximo á cidadanía e ás empresas e, por tanto, os máis conscientes das súas necesidades, problemas e arelas. A recuperación económica e social, así como as transicións ecolóxica e dixital -e en particular a dixitalización das Administracións Públicas-, só poderán ter éxito se participamos directamente na execución dos plans nacionais de recuperación e resiliencia.

Nos anos 2022 e 2023 coincidiu a execución final dos Fondos estruturais e de investimento (FEDER, FSE, FEADER e FEMP) 14-20, a inxección extra que supuxo a iniciativa REACT-EU para facer fronte a curto prazo ás consecuencias da pandemia e o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia (MRR), ademais da programación do período 21-27. Asegurar as sinerxías e complementariedades entre todos estes recursos financeiros europeos é un reto para todas as Administracións, aínda que Galicia ten xa unha boa base de traballo coa súa estratexia *Next Generation Galicia*, chantada nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, na revisión do Plan Estratéxico de Galicia cara a 2030 e nas prioridades europeas para a execución do MRR. Debemos aproveitar este contexto económico para deseñar a Galicia do

CSV: BOPGIS0BOCnpWAKJ7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

futuro, converténdoa nun país máis verde, máis dixital, socialmente xusto e resiliente. Para iso, devén fundamental blindar sectores estratéxicos nos que Galicia conta con empresas e cadeas de valor referentes a nivel nacional e internacional, tales coma o téxtil, automoción, agroalimentario, biotecnolóxico, aeronáutico, forestal ou enerxético, entre outros. Ao mesmo tempo, a estratexia galega no horizonte 22-30 aspira a favorecer os valores diferenciais de Galicia como factores de desenvolvemento, entre os que destacan a lingua, a cultura e o medio ambiente, para facer de Galicia un lugar atractivo para traballar, investir e convivir.

Respecto á programación dos novos Fondos estruturais posteriores a 2027, Galicia participará nos debates previos á negociación do ulterior orzamento comunitario. O reparto entre as políticas tradicionais (PAC e Cohesión) e outras políticas como a I+D+i, ou a Seguridade e Defensa, volverán sen dúbida aos debates que acompañan á elaboración da proposta por parte da Comisión, cuxa publicación podería preverse para 2024. Estes debates nutriranse dos resultados da *Conferencia sobre o futuro de Europa* e do traballo de prospectiva que está a efectuar a Comisión Europea, centrado de momento na autonomía estratéxica aberta da UE e na avaliación do grao de resiliencia das economías europeas. A Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM), á que pertence Galicia, recolleu as achegas dos seus membros en 2022, e elaborou un posicionamento en 2023 para anticiparse á proposta da Comisión Europea. Galicia contribúe pois activamente a este debate, definindo previamente os seus intereses específicos.

Entre os principais desafíos para Galicia nos vindeiros anos, en relación coas políticas europeas, figuran o reto demográfico, unha Galicia máis verde e sostible, incremento da competitividade e do crecemento ou o fomento da cohesión social e territorial. Respecto das liñas de actuación concretas en relación con estes obxectivos, destacamos:

- Pacto Verde: A Comisión Europea está a promover o desenvolvemento dunha estratexia de infraestruturas verdes (terreo) e azuis (auga) baseadas na natureza, que ademais de proporcionar beneficios medioambientais, e beneficios na saúde e no consumo dos cidadáns, tamén serva de soporte para unha economía máis verde, creando oportunidades económicas e de emprego. As infraestruturas verdes e azuis no só inclúen áreas naturais con gran biodiversidade, como bosques, costas marítimas ou brañas por poñer algúns exemplos, senón tamén espazos seminaturais como parques e xardíns,

CSV: BOPGIS0BOCnpWAKJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

campos agrícolas, ou mesmo elementos artificiais construídos para a mellora dos servizos ecosistémicos (como os sistemas para recoller e usar auga da choiva). Por tal motivo, as infraestruturas verdes e azuis deben ser planificadas de acordo co seu carácter multifuncional.

Galicia foi unha das primeiras rexións europeas en comprometerse coa neutralidade climática en 2019, coa aprobación da súa Estratexia de Cambio Climático e Enerxía 2050, complementada pola posterior Estratexia de Economía Circular 2019-2030 e a Lei de residuos e solos contaminados. Logrou ademais que un 85% dos concellos se sumen ao Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía, e conseguiu reducir as emisións contaminantes en máis dun 23% respecto aos valores de 1990, superando así o obxectivo europeo fixado para 2020. Galicia ten capacidade e potencial para posicionarse como Comunidade referente en xeración e almacenamento de enerxías renovables e atópase nunha boa posición para afrontar os cambios derivados do paquete lexislativo *Obxectivo 55*. Dado o seu forte compromiso, está en posición de participar activamente no debate europeo, alertando sobre os riscos e oportunidades que sobre o terreo ten o Pacto Verde europeo. O obxectivo dunha Galicia verde e sostible debe constituír un obxectivo de carácter transversal en todas as liñas de actuación. Así, entre os retos que debemos abordar neste eido figura o desenvolvemento dun sector enerxético baseado maioritariamente en enerxías renovables autóctonas, situando a Galicia á cabeza no eido da enerxía eólica e da biomasa. O fomento das comunidades enerxéticas (público-privadas) pode axudar a universalizar o autoconsumo e as solucións enerxeticamente eficientes. Destaca tamén o fomento dunha mobilidade sustentable e alternativa, promovendo o uso do transporte público e a transformación da industria galega de automoción cara a unha cadea de valor dixital, verde e resiliente, baseada na innovación e desenvolvemento de procesos de fabricación e de produtos limpos, intelixentes e sostibles. Fomento da creación de centros loxísticos e aumento da capacidade en investigación e innovación en materia de cambio climático, en especial no desenvolvemento de modelos predictivos e de alerta temperá a través da supercomputación. Impulso dun modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e á protección do patrimonio cultural.

- Transición xusta: o aumento da ambición climática europea implica importantes cambios normativos e políticos que poden afectar negativamente a determinados sectores

CSV: BOPGIS0BOG-p0AWkB7DCZx-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

económicos galegos, como por exemplo ás industrias electrointensivas ou ao sector primario. O novo Mecanismo para unha Transición Xusta aborda os efectos sociais e económicos da transición verde mediante un fondo -que en Galicia beneficiará ás comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas-, unha garantía orzamentaria do BEI para o sector privado e un novo instrumento de préstamos ao sector público. Pola súa parte, o Fondo Social para o Clima pretende abordar os impactos sociais derivados dun probable aumento dos prezos dos combustible fósiles por mor da inclusión do comercio de dereitos de emisión dos sectores da construción e do transporte por estrada. Galicia deberá traballar daquela por tirar o máximo proveito destas novas ferramentas, confiando en poder participar na elaboración dos plans nacionais que rexen a súa execución (Plan de Transición Xusta e Plan Social para o Clima).

• Posible establecemento dunha Macrorrexión Atlántica: tras anos de debate, España e Portugal apoian a creación dunha Macrorrexión Atlántica, que permita reforzar a cooperación política e económica das rexións atlánticas, máis aló da actual estratexia marítima. Galicia apoia a creación desta macrorrexión a nivel europeo, baseándose na experiencia acumulada desde 2010 da macrorrexión RESOE, que agrupa a Comunidades españolas e rexións portuguesas do Noroeste peninsular.

• Execución da Rede Transeuropea de Transporte (RTE-T) en Galicia: unha vez estendido o Corredor Atlántico ata o Noroeste peninsular, Galicia aspira agora a que o tramo portugués da conexión ferroviaria Vigo-Porto se conclúa. Os Estados membros teñen o compromiso de rematar as infraestruturas da rede principal, entre elas o Corredor Atlántico. Galicia ha velar polo cumprimento desta execución no marco das súas competencias.

• Integración da economía marítima no Pacto Verde Europeo: Galicia contribúe activamente a este debate para defender a integración dos aspectos sociais e económicos na Política Pesqueira Común, un comercio pesqueiro xusto e en igualdade de condicións con terceiros países, unha pesca sostible e compatible coa conservación da biodiversidade e coa seguridade alimentaria e un maior papel do sector pesqueiro na gobernanza da PPC. Entre outras actividades, Galicia participa nas accións de *lobby* realizadas pola CRPM para que estas mensaxes teñan máis peso na esfera comunitaria.

CSV: BOPARLDIGCHAWAKB7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

• Posta en marcha da nova Política Agrícola Común (PAC): Os sectores primarios e da industria da agroalimentación son outro dos grandes piares na economía e emprego de Galicia. Nos vindeiros anos tratarase de dixitalizar toda a cadea de valor para facela máis competitiva e ambientalmente sostible. As novas estratexias de Biodiversidade e "Da Granxa á Mesa"[18] pretenden establecer un novo equilibrio entre a natureza e a actividade humana, e terán un impacto directo na arquitectura verde da nova PAC. Por outro lado, o novo Plan Europeo de Loita contra o Cancro incentiva o consumo de produtos saudables e con baixo impacto mediombiental, que levará a unha redución da demanda de certos produtos agrícolas. Galicia debe garantir que o seu sector agrario consegue adaptarse ao novo paradigma, sempre desde o respecto ao modelo agrícola familiar da nosa Comunidade. Levar a cabo con éxito esta transformación é unha condición necesaria para que Galicia sexa líder na transición verde, que está na base da nova Política Agrícola Común.

• Retos demográficos: Galicia leva anos chamando a atención a nivel europeo sobre as dificultades que supón o declive demográfico. Agora que este debate está dentro da axenda europea, cunha vicepresidencia da Comisión Europea dedicada a este tema e cun programa de traballo concreto no eido do envellecemento, a revitalización das zonas rurais e a loita contra a pobreza infantil, Galicia debe seguir contribuíndo coa súa experiencia. Malia que parte destes desafíos teñen unha marcada dimensión interna ou esixen unha aplicación a nivel nacional ou autonómico, cómpre non perdelos de vista na acción exterior de Galicia cara a UE, para poder explicar como se están executando sobre o terreo as políticas europeas e así poder contribuír ás eventuais modificacións ou reformas, tentando incrementar os recursos financeiros europeos que apoien as solucións indispensables. Ademais das políticas a favor do retorno de emigrantes, a Administración galega enfróntase neste momento á necesidade de artellar políticas de retención e captación do talento para facilitar o retorno dunha xeración adulta nova en posesión dun importante capital humano e con motivacións fundamentalmente económicas e de promoción da súa carreira profesional e de investigación, que previamente os levou a desenvolver o seu proxecto profesional no exterior.

O cambio demográfico, o aumento da esperanza de vida e as novas tipoloxías de familia, están a variar as expectativas das persoas e as relacións entre xeracións. Asistimos a un

18 Farm to Fork strategy, for a fair, healthy and environmentally-friendly food system.

CSV: BOPRSDBOG-b0AWJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

alongamento da vida co que entraña tamén de aumento do tempo posible de relación, que non ten por que pensarse como unha relación estática nin menos que estea a se debilitar. A xeneralidade de estudos apuntan máis ben ao proceso de transformación que afecta ás relacións intra e interxeracionais e ao mantemento de redes familiares de distinta intensidade.

A situación producida pola pandemia da COVID-19 vai acelerar procesos estratéxicos que xa estaban en marcha e virar a atención socio sanitaria cara a unha vertente máis social, cunha orientación público-privada e con grandes oportunidades empresariais ligadas á *silver economy*, o que pode tamén acelerar a *silver Tech* e con ela dar un pulo ao tecido empresarial de primeiro nivel tecnolóxico, onde a innovación e a dixitalización piden paso. As oportunidades para a xente nova virán da man da innovación. Se ben Galicia ten unha posición relativa moderada na xeración de innovación e na ocupación de actividades intensivas en empresas innovadoras, presenta elementos dabondo para reducir a fenda tecnolóxica, como así o demostran os últimos resultados do informe PISA e a constatación do desenvolvemento dunha industria de *hardware* potente e ben posicionada en sectores punteiros coma o automobilístico, aeronáutico, agrotecnolóxico, etc. Da simbiose que se consiga nos diversos ámbitos da estratexia de especialización RIS3, enfiada coas grandes liñas marcadas por Europa, vai depender o éxito da celeridade dos cambios que se precisan para a democratización da intelixencia artificial, a economía dixital e tódolos cambios que trae consigo a dixitalización.

Xa que logo, entre os retos que debemos afrontar figuran:

- ✓ Facer fronte ao problema demográfico de Galicia e atender as necesidades das familias, co obxectivo de acadar a súa protección integral na orde xurídica, económica e social.

- ✓ Promover iniciativas empresariais baseadas nas persoas e na cooperación como alternativa estable e de calidade para o emprego e o autoemprego colectivo, en particular entre as mulleres, a xuventude, as persoas con discapacidade ou en situación de vulnerabilidade, especialmente no medio rural.

CSV: BOPRSDBOCnpWAKJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- ✓ Promover medidas de mellora da accesibilidade, habitabilidade e eficiencia enerxética das vivendas, que sexan saudables e que se adapten aos futuros cambios demográficos, ás novas tecnoloxías e aos retos que supón o cambio climático.

- ✓ Garantir a igualdade de oportunidades e o acceso ao mercado laboral e aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante.

- ✓ Mellorar a cobertura socioasistencial á emigración galega e á poboación retornada e inmigrante.

- ✓ Facilitar o retorno orientado e amparado a Galicia de galegos e galegas no exterior, persoas de segunda e terceira xeración que poidan asentarse en Galicia.

- ✓ Vender un modo de vida galego, para posicionar Galicia como lugar atraínte para residir e traballar, coa finalidade de dinamizar demográficamente a nosa Comunidade co incremento da poboación.

Reforzo das ferramentas para influír na esfera da Unión.

A participación no proceso colectivo europeo de toma de decisións debe avanzar no recoñecemento dunha verdadeira Europa das Rexións. Como obxectivo estratéxico na UE, Galicia está a traballar na creación dun clima propicio para que na seguinte reforma dos tratados as rexións con capacidade lexislativa da UE teñamos o debido recoñecemento institucional.

O Comité Europeo das Rexións (CdR) é unha das asembleas europeas que máis está puxando polo reforzo do papel das Rexións. En febreiro de 2020 inaugurouse un novo mandato. O Presidente da Xunta de Galicia foi elixido vicepresidente da mesa do CdR en representación da delegación española no período 20-25. Galicia traballou especialmente na defensa do seu posicionamento en dous ditames: o relativo á nova Reserva de Adaptación ao Brexit (*BAR*) e o relativo á Estratexia Europea de Mobilidade, onde se defendeu a importancia do bus na conectividade das áreas rurais. Destaca igualmente o labor de Galicia para a defensa

CSV: BOPGIS0BOCnpWAKB7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

neste eido do Xacobeo 2021-2022 como un modelo de turismo sostible e a participación da nosa Comunidade no marco da Conferencia sobre o Futuro de Europa.

O CdR foi presentado no seu día por moitos como o embrión dun futuro Senado da Unión. Hoxe ese órgano merece reformular o seu deseño para reforzar o papel das Rexións na gobernanza europea, con especial atención ás Rexións con competencia lexislativas.

En canto á participación autonómica no Consello no período 22-26, Galicia representará ás CC.AA. en sete formacións -política social e emprego, sanidade, xuventude, medio ambiente, consumo, educación e cultura, e pesca-. Atendendo ás necesidades do eido da cultura un exemplo de cooperación sería a creación de foros que favorezan a interlocución cos responsables de cultura doutros gobernos estatais ou rexionais da Unión Europea e que polo tanto permitan crear intercambios e creación de redes e experiencias con outros países. Sería interesante de cara á presidencia de España do Consello no ano 2023.

Tras 17 anos de participación autonómica no Consello, a efectividade desta é moi dispar entre as diferentes formacións. Unha maior interlocución entre a Administración Xeral do Estado e as CC.AA. sobre os temas a debate no Consello a través das conferencias sectoriais contribuiría a mellorar esta participación autonómica. Mellorar a coordinación entre os distintos niveis da Administración e reforzar as conferencias sectoriais é unha das reformas contempladas no plan español de recuperación e resiliencia, seguindo as recomendacións dadas pola UE nos últimos anos no marco do Semestre Europeo. Este podería ser, por tanto, un bo momento para mellorar a participación autonómica na definición da posición española no marco do Consello.

Os funcionarios da Xunta de Galicia tamén participan dende 1998 nos Comités da Comisión Europea, na área tamén denominada "*comitoloxía*", podendo intervir deste xeito no desenvolvemento e implementación dos actos delegados da Comisión Europea xunto co correspondente representante estatal, e coñecendo así de primeira man a normativa executiva de inmediata aplicación. No período 18-21 Galicia participou activamente en 21 comités da Comisión Europea, destacando especialmente os relacionados co Programa Horizon 2020. Actualmente estase a iniciar o proceso de negociación entre o Estado e as CCAA dos comités abertos a participación autonómica para o período 2022-2025. Por parte da nosa C.A. velarase pola elección coordinada daqueles comités que permitan unha mellor

CSV: BOPRSDBOG-p04kfJ7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

defensa dos intereses galegos. Respecto aos comités do Programa Horizon 2021-2027, Galicia ten atribuída a representación autonómica ao longo do período indicado en tres comités.

Cómpre dinamizar a rede de responsables de asuntos europeos na Xunta de Galicia. A raíz da aprobación da LACEX, designouse a un responsable de asuntos europeos en cada consellería co obxectivo de facilitar a coordinación dentro da Xunta e impulsar a súa participación. En particular, esta rede ha de servir para facer un seguimento e coordinar:

- A participación galega no Consello, no Comité Europeo das Rexións e nos Comités da Comisión Europea.
- A elaboración da posición galega en relación coas políticas comunitarias.
- A participación dos distintos departamentos en redes de cooperación rexional.
- A intervención nas consultas públicas da UE

A Fundación Galicia Europa (FGE) é a punta de lanza da participación galega nos asuntos europeos e, polo tanto, debe reforzar os seus efectivos. O seu labor resulta fundamental para a comprensión das políticas da Unión, a interlocución coas institucións europeas e a elaboración e posta en marcha de estratexias de *lobby*.

Por mor da pandemia, as reunións informais de alto nivel entre a Xunta de Galicia e a Comisión europea e as reunións máis técnicas organizadas pola FGE pasaron a un formato virtual, facilitando a organización dun maior número de encontros. A FGE continuará utilizando as ferramentas dixitais para organizar estas reunións, que tanto contribúen ao coñecemento da axenda europea e ao achegamento da realidade galega por parte da Comisión. Aínda así, continuará organizando axendas de visitas presenciais cando a ocasión o requira, especialmente cando cadre coa participación galega en grandes foros de debate en Bruxelas.

Tamén resulta aconsellable incrementar a formación e sensibilización en Galicia sobre asuntos europeos, actualizando permanentemente os indispensables coñecementos. Nos últimos anos, a FGE vén organizando o seu programa de especialización en financiamento comunitario, no que xa participaron máis de 400 profesionais de todo tipo de entidades públicas e privadas en Galicia. Neste curso, a explicación das políticas comunitarias

CSV: BOPGIS0BOCnpWAKB7DCZx-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

compleméntase cunha visión práctica sobre como acceder ao financiamento, co obxectivo de fornecer ferramentas ás entidades para participar en proxectos europeos ou actuar en rede a nivel da Unión. A información que oferta a FGE a través da súa *web*, boletíns electrónicos e redes sociais tamén están encamiñados a este fin, para que axentes públicos e actores privados sexan máis proactivos na elaboración e implementación das políticas europeas.

Temos a necesidade de reforzar o papel da CARUE que, a diferenza do resto de conferencias sectoriais, está ausente do debate político. A CARUE debería ser o "COREPER" español.

Tamén temos a necesidade de optimizar a participación das CC.AA. nos comités de comitoloxía: mellorar as canles de subministración da información por parte da Administración central e mellora das sinerxías entre as oficinas das CC.AA. en Bruxelas e a REPER.

A actual composición do CdR non permite consideralo como unha representación efectiva dos intereses lexítimos das CC.AA. Por iso, cómpre o reforzo do seu papel mediante a concesión ao CdR no proceso de toma de decisións da competencia de emitir ditames conformes no referente a propostas lexislativas en materia de cohesión económica e social. Como desenvolvemento desta nova competencia habería que establecer dentro deste un modelo similar ao do Eurogrupo, no que o quorum das maiorías necesarias aplicaríase so ás rexións da UE cuxos representantes fosen elixidos democraticamente, a expensas da formalización posterior do acordo no plenario do CdR. Nos debates da Conferencia sobre o Futuro de Europa non tivo especial acollida a idea de converter ao CdR nunha terceira cámara lexislativa en igualdade de condicións nas materias que afecten á política rexional na UE. De aí que sexa recomendable a apertura dun debate de como o CdR, por razón da materia, podería ser oído polo Consello Europeo -interpretación *ad hoc* das posibilidades existentes no actual artigo 307 TFUE-.

No que respecta á participación das CC.AA. no Consello da UE, urxe a mellora dos mecanismos de cooperación funcional entre as oficinas autonómicas en Bruxelas e os conselleiros da Reper, coa posibilidade de establecemento dun mecanismo legal interno de incentivo á coordinación e fixación de posicións comúns entre CC.AA.

CSV: BOPARLAMENTODEGALICIA-MAIN-B7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

XL aniversario da nosa adhesión ás Comunidades Europeas/UE

O 1 de xaneiro de 2026 celébranse os 40 anos da adhesión de España ás Comunidades Europeas e, porén, de Galicia. Esa efeméride debera conminarnos a realizar un balance dos resultados socioeconómicos atinxidos nesas catro décadas. Mais tamén debera obrigarnos a facer unha análise comparada respecto doutros Estados, territorios e comunidades da Unión nos aspectos cruciais do desenvolvemento, fundamentalmente en canto á taxa de ocupación, taxa de desemprego e PIB per cápita, sen desbotar outros harmonizados por Eurostat ou debullados por institucións ou organismos da UE, por exemplo no que atinxe á pobreza infantil, como fixo o Tribunal de Contas europeo no seu Informe Especial 20/2020 sobre este asunto-. Para mostra serva o acontecido durante 2000 a 2020 ([19])

CONVERGENCIA REAL DE LAS ECONOMÍAS EUROPEAS, 2000-2020
(PIB PER CÁPITA EN PARIDAD DE PODER DE COMPRA)



Nota: El nivel 100 en cada año corresponde con el PIB per cápita en ppc de la UE-27.
Fuente: Eurostat, febrero-2022.

19 *El desarrollo de la economía española. Retos pendientes*. Moral, MªJ. FUNCAS: https://www.funcas.es/wp-content/uploads/2022/10/Capitulo-1.pdf

CSV: BOPARG-112024-13228
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Asemade pode xa verificarse na información básica fornecida pola UE[20] como os países do antigo bloque comunista, con Polonia á cabeza, están achegándose moi axiña ao PIB per cápita español, sendo mesmo superada España neste indicador de referencia por países como Eslovenia, Chequia, Estonia ou Lituania, despuntando sen dúbida o caso irlandés, que se adheriu en 1973 cuns indicadores daquela mesmo por baixo de España, certamente agora condicionado polos elevados beneficios das empresas multinacionais asentadas nesa República e que logo repatrían gran parte deles ás súas matrices. Con todo o desenrolo irlandés, experimentado contra principios dos 90, mesmo contrastado polos seus niveis de emprego contrasta coa posición española dende 1986, que se mantén durante todo ese tempo ata hoxe como primeira ou segunda economía da UE xunto con Grecia en canto a desemprego se refire.

Niveles de vida

El nivel de vida se calcula midiendo el precio de determinados bienes y servicios en cada país en relación con la renta. Para ello se utiliza una moneda nacional común denominada «estándar de poder adquisitivo» (EPA). La comparación del producto interior bruto (PIB) por habitante en EPA proporciona una visión general del nivel de vida en toda la UE.

Cuadro



Fuente: Eurostat

20 https://european-union.europa.eu/principles-countries-history/key-facts-and-figures/life-eu_es

CSV: BOPGIS/BOG-h0AWkBTWZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por iso, a celebración do XL aniversario da incorporación española á actual UE debe ser un acicate para revisar en profundidade diversas políticas públicas nos eidos económico e social, non como erma ferramenta de crítica destrutiva, senón como oportunidade para mellorar xunto cos mellores da Unión a partires de 2026. Galicia pode xogar neste exercicio de avaliación un rol positivo, tentando coordinar o seu labor dende a nosa Eurorrexión xunto con Portugal. Non en van, a adhesión lusa e española ás Comunidades Europeas aconteceu no mesmo día e o desempeño dende aquela semella moi similar, a pesares dos matices que se desexen subliñar para cada Estado.

8.3 Europa extra-UE

8.3.A Reino Unido

A saída do Reino Unido da UE supuxo a sinatura do primeiro acordo comercial da historia que implica establecer barreiras no canto de derrubalas. Os "Acordos de Noiteboa" -Acordos do 24 de decembro de 2020- implican a primeira rotura do proxecto europeo, sen precedentes para a Unión. Unha das prioridades neste eido debe ser a xestión dos Acordos sobre a relación futura entre a UE e o Reino Unido.

Respecto da nosa Comunidade Autónoma cobra especial relevancia a regulación establecida no Título VI da LACEX -*Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia*-. En concreto, respecto da afectación da saída do RU ao sector pesqueiro galego, a Administración autonómica promoverá unha política activa de acordos da UE con terceiros Estados para manter a autonomía europea no aprovisionamento de alimentos e produtos do mar. Do mesmo xeito, estimulará a concertación privada de acordos entre axentes galegos do sector do mar e autoridades de terceiros Estados, a fin de garantir o acceso ás súas augas, sempre consonte coa normativa europea e española na materia.

CSV: BOPRSDBOG-pdwkb7ZZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Farase igualmente un seguimento á afectación da saída do RU a outros sectores económicos estratéxicos de Galicia, como automoción, téxtil, metal-mecánico, agroalimentario, bio, etc.

As principais barreiras que se presentan despois de que o Reino Unido abandonase oficialmente a Unión Europea son as barreiras regulatorias, desafíos fiscais indirectos, barreiras aduaneiras e limitacións á libre circulación de persoas.

En xaneiro de 2021 xa se rexistrou en Galicia unha caída nas exportacións ao mercado británico de case un 40% e unha caída das importacións a Galicia de produtos de orixe británica de máis de 67%. Este descenso non pode atribuírse exclusivamente á saída do RU da Unión Europea, dado o contexto de pandemia no que nos atopamos na actualidade.

É evidente pois que o Brexit tivo un impacto negativo nas relacións comerciais co Reino Unido. Para reducir este impacto é importante que as empresas galegas teñan coñecemento dos aspectos máis críticos do novo contexto regulatorio, como son a aplicación do arancel cero para os produtos de orixe comunitaria, o cumprimento dos distintos trámites aduaneiros esixidos ou o cumprimento das obrigas formais en materia de IVE.

Por iso, a Xunta de Galicia previu un paquete de medidas co obxectivo de reforzar o apoio e o asesoramento ás empresas galegas que comercian co Reino Unido, establecendo cinco grandes liñas de axuda. Entre estas, figura a *Antena Brexit Londres,* que non é unha Antena para fomentar a implantación ou o crecemento ou a procura de posibles clientes/socios ou nichos de mercado no Reino Unido, senón que está máis orientada á análise que a problemática do Brexit lle supoña ás empresas galegas. Os seus obxectivos son:

- Axudar ás empresas galegas a que cumpran coas novas regras que rexen as relacións comerciais con R.U. Asesorar ás empresas galegas no cumprimento de todas as obrigas formais que se esixen actualmente, así como nas que se vaian aprobando a través das próximas modificacións lexislativas.

- Ofrecer ás empresas galegas as ferramentas para impedir que a rendibilidade do seu negocio se vexa afectada negativamente. As novas barreiras e regras comerciais poden

CSV: BOPARLDBOG-p0AWkJ7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

significar maiores custos que non poden mitigarse, debendo ser absorbidos ou repercutidos, de aí a importancia dunha adecuada previsión de custos e obrigas.

Doutra banda, a Antena elabora informes e notas temáticas sobre o Brexit co propósito de dar resposta aos aspectos que poidan afectar ás empresas galegas. Así mesmo, tamén vén actualizando o Directorio de "Preguntas Frecuentes" de diversas temáticas recorrentes que os exportadores regulares ao Reino Unido deben facer fronte á hora de operar neste mercado.

En 2020, o Comité Europeo das Rexións puxo en marcha un grupo de contacto coas autoridades locais e rexionais de Reino Unido para asegurar que o diálogo político continuase a este nivel tralo Brexit. Liderado polo Presidente da rexión francesa de Bretaña, o grupo está composto por 12 membros do CdR e por representantes das asociacións de municipios en Reino Unido e dos gobernos e asembleas parlamentarias de Escocia, Gales, Irlanda do Norte, así como do Concello de Londres e o Goberno de Xibraltar. Entre os seus obxectivos, este grupo trata de afianzar a cooperación a nivel subnacional entre a UE e Reino Unido para compensar os contactos perdidos polo Brexit. No mes de marzo de 2022 este grupo reuniuse en Cardiff e alí evidenciáronse algunhas das distorsións ocasionadas a nivel rexional tralo Brexit. O Acordo de Comercio e Cooperación non contempla, por exemplo, un mecanismo formal para que os entes subestatais participen no seguimento da súa execución malia seren os responsables, en moitos casos, de apoiar aos sectores económicos que sofren as consecuencias. Os representantes europeos e británicos abordaron a posibilidade de que o CdR se asocie dalgunha forma á recentemente creada Asemblea Parlamentaria UE-Reino Unido, composta por 70 deputados dos parlamentos británico e europeo co obxectivo de facer recomendacións ás decisións tomadas polo Consello de Asociación, o organismo que vela oficialmente pola execución do Acordo. A experiencia de cooperación que existe na área atlántica, especialmente en temas marítimos, e como a ambición de crear unha macro-rexión atlántica podería reforzar as relacións nesta área xeográfica. A Comisión do Arco Atlántico, na que Galicia lidera o seu grupo operativo Brexit, avalía agora a posibilidade de prestar apoio ao programa de mobilidade educativa "*Taith*", posto en marcha recentemente por Gales en substitución de Erasmus, no que Reino Unido xa non participa.

CSV: BOPRSDBOCnpWAKJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

8.3.B Restantes Estados europeos fóra da UE

Nos casos de Suíza e Noruega a nosa estratexia merece un especial tratamento pola súa relevancia para os nosos concidadáns neles asentados, ou pola reivindicación de dereitos pasivos dos que serían acredores ou merecedores, aínda que do mesmo xeito cómpre considerar o seu peso económico e interese comercial ao contrastar a súa escala neses ámbitos coa nosa.

Suíza acolle a máis de 41.000 galegos e galegas. En maio de 2021 rompéronse as negociacións coa UE para concluír un Acordo Marco Institucional, polo que as relacións entre a UE e Suíza seguen a rexerse polo marco de cinco acordos negociados hai máis de 20 anos. Por iso debemos requirir un reforzo do apoio consular para mellorar a asistencia á cidadanía galega.

No caso de Noruega, entendemos que debemos posicionarnos xunto con aqueles operadores que defenden que as vantaxes que Noruega obtén pola súa pertenza ao Espazo económico europeo e a súa adscrición ao paraugas defensivo da Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN-NATO) merecen ofertar unha mellor compensación niveladora dende Noruega, aínda que o Fondo Soberano noruegués sexa un dos maiores investidores institucionais públicos que conta con importantes investimentos en empresas galegas (sector téxtil, biotecnolóxico,...).

Para os intereses galegos, tanto dende a perspectiva pesqueira, naval (cotas de bacallau e xarda trala saída do Brexit) e de emprego coma de dereitos socio-laborais dos nosos concidadáns (demanda por parte dos pescadores galegos a través da asociación Long Hope, pois dos 12.000 mariñeiros españois afectados, 8.000 deles son galegos) ante as empresas desa nacionalidade, sen dúbida sería mellor que Noruega tivese a máis estreita relación coa UE en tanto non se adhire a ela, pero o historial de rexeitamentos a esta circunstancia nos referenda previos non o fai verosímil a medio prazo. Mentres tanto debemos contribuír nos foros europeos aos que temos acceso a xerar un estado de opinión máis esixente fronte aos sucesivos gobernos do devandito Reino.

CSV: BOPRSDBOCnbWAKJ7DCZX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

8.4 Iberoamérica: Brasil e Hispanoamérica.

8.4.A. Brasil

Brasil é o sétimo país máis poboado do mundo, con preto de 215 millóns de habitantes[21], tendo unicamente por diante á República Popular China, India, Estados Unidos de América, Indonesia, Paquistán e Nixeria. Por conseguinte, só Brasil aglutina a case 2/3 dos falantes do portugués[22]. Isto, unido á media de idade da súa poboación (33'2 anos) e a súa taxa de

---

21 214.420.862 IBGE
https://www.ibge.gov.br/apps/populacao/projecao/index.html?utm_source=portal&utm_medium=popclock&utm_campaign=novo_popclock

22 https://observalinguaportuguesa.org/portugues-e-espanhol-2/

CSV: BOPRSDBOCnbWAKBTWCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

fecundidade (1'76 fillos/muller), fan deste xigantesco país a mellor opción estratéxica para a acción exterior galega durante os vindeiros anos e a máis longo prazo, así como para ir sementando posicionamento, oferta e investimentos no seu mercado. A pesares da atipicidade do 2021 por mor do impacto da pandemia, no Brasil naceron algo máis de 2.600.000 crianzas nese ano, practicamente o volume total da poboación galega asentada en Galicia, onde os nacementos só roldaron os 15.000 e veñen baixando dende hai décadas, sen esquecer que a media de idade dos galegos xa supera os 47 anos.

Porén, unha cooperación máis estreita entre o sector audiovisual portugués e o galego, preferentemente liderado pola TVG e a RTP, pode ser unha panca indispensable para propoñer parcerías cos operadores brasileiros, cuxas dimensións son enormes comparadas coas nosas. Neste punto, considerando ademais que os galegos dominamos as dúas linguas oficiais e que Brasil ten máis estudantes de español -arredor de seis millóns de alumnos- que toda a UE xunta, consonte co Instituto Cervantes, entidade que posúe unha boa rede de centros nese país, as oportunidades que se abren para compensar dalgún xeito a contracción do pequeno mercado galego son inigualables noutros países.

CSV: BOPRSDBOG-pdWAKJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

XUNTA DE GALICIA

Instituto Cervantes do Brasil









A pesares dos tópicos, Brasil inviste máis que España en educación en termos de % PIB (por riba do 6% fronte a menos do 4'5% no caso español), aínda que só sexa polo volume da súa

CSV: BOPGIS0BOCnpWAKB7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

mocidade no conxunto do censo. Brasil ten preto de 200 universidades, tanto federais, coma estatais e municipais, a maioría públicas. Por iso, o Brasil representa unha gran oportunidade de futuro para o noso sector cultural e de servizos educativos, dado que a mocidade é a grande demandante deses produtos e servizos.

Ademais, a República Federativa do Brasil, con 8'5 millóns de Km2 é o quinto país máis extenso do planeta, só por detrás de Rusia, Canadá, os Estados Unidos e China, polo que as posibilidades de desenvolvemento das novas infraestruturas e de equipamentos industriais son moi considerables.

Asemade, o Brasil goza dunha notable seguridade xurídica en comparación con outros Estados da rexión e dunha inflación bastante comedida, que adoita non chegar aos dous díxitos, a diferencia do que acontece en países veciños como Arxentina ou Venezuela, caso extremo este nos anais económicos.

Por outra banda, nun contexto internacional de crise enerxética e alimentaria por mor da invasión de Ucraína e dos seus corolarios, cómpre salientar que a composición da xeración eléctrica no Brasil procede maiormente de fontes hidroeléctricas (63'5%) e de outras fontes renovables (18'7%)[23].

Dadas as enormes diferencias de escala socioeconómica e de recursos susceptibles para adicar á acción exterior, non cabe dúbida que o Brasil debe ser a primeira opción estratéxica de Galicia fóra do marco da UE.

Aínda así, pola súa envergadura socioeconómica, mesmo convén segmentar xeograficamente a aproximación a Brasil. A súa estrutura territorial vén composta por 26 Estados federados e un distrito federal:

23 ICEX, ficha-país 2021.

CSV: BOPARL-b0WAKJ7DCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

XUNTA DE GALICIA

Mapa do Brasil

Estados, capitais e siglas

Estados	Capitais	Siglas
Acre	Rio Branco	AC
Alagoas	Maceió	AL
Amapá	Macapá	AP
Amazonas	Manaus	AM
Bahia	Salvador	BA
Ceará	Fortaleza	CE
Distrito Federal	Brasília	DF
Espírito Santo	Vitória	ES
Goiás	Goiânia	GO
Maranhão	São Luís	MA
Mato Grosso	Cuiabá	MT
Mato Grosso do Sul	Campo Grande	MS
Minas Gerais	Belo Horizonte	MG
Pará	Belém	PA
Paraíba	João Pessoa	PB
Paraná	Curitiba	PR
Pernambuco	Recife	PE
Piauí	Teresina	PI
Rio de Janeiro	Rio de Janeiro	RJ
Rio Grande do Norte	Natal	RN
Rio Grande do Sul	Porto Alegre	RS
Rondônia	Porto Velho	RO
Roraima	Boa Vista	RR
Santa Catarina	Florianópolis	SC
São Paulo	São Paulo	SP
Sergipe	Aracaju	SE
Tocantins	Palmas	TO

CSV: BOPRSDBOG-h0AHkBTDCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Dada pois a dimensión territorial e demográfica do Brasil, o máis aconsellable será concentrar os esforzos na súa rexión sueste e, de xeito incidental, na rexión sur, por esta orde[24]:

Rexión *Sueste* do Brasil:

1. UF. São Paulo: 46.600.000 habitantes e 5.000.000 de escolares.
2. UF. Rio de Janeiro: 17.500.000 habitantes e 2.000.000 de escolares.
3. UF. Espírito Santo: 4.000.000 habitantes e 500.000 escolares.

Rexión *Sul* do Brasil:

4. UF. Paraná: 11.500.000 habitantes e 1.400.000 escolares.
5. UF. Santa Catarina: 7.400.000 habitantes e 900.000 escolares.
6. UF. Rio Grande do Sul: 11.500.000 habitantes e 1.300.000 escolares.

Atendendo ao traballo do IGADI "Bases para un Plan Brasil 2021-2030", nestas unidades federativas temos xa importantes continxentes de cidadáns galegos que poden ser cualificados introdutores e facilitadores dun mellor achegamento á realidade brasileira e de cada territorio:

24 Instituto Brasileiro de Geografia e Estatística (IBGE). Datos 2020 redondeados

CSV: BOPARLDIGITAL-2024-T-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

Presenza comunidade galega no Brasil, cabe resaltar sua concentración na faixa litoral.

Estrutura principal Brasil - España. Ainda que están presentes en gran parte do país, hai puntos de maior concentración que coinciden coa presenza da comunidade galega.

Cadrando co IGADI, pódense resumir dende Galicia as razóns da aposta estratéxica polo Brasil do seguinte xeito:

CSV: BOPRSDBOCnpWAKBTDCZX-7
Verificación: CVE-PREPAR: d66c1e10-00f2-b349-9c90-9493ebd30412
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13228
Data envio: 11/10/2024 16:21:16.043

XUNTA DE GALICIA

DAFO ECONÓMICO

FORTALEZAS

- Presenza de grandes marcas (Inditex, Estrella Galicia).
- Mercado de consumo de 220 millóns, receptivo a novidades.
- Tradición e coñecemento acumulado de éxitos e fracasos.
- Proximidade Cultural.
- Marco Europeo.

AMEAZAS

- Débil consenso político sobre acción exterior.
- Débil diálogo e coordinación entre as institucións públicas e privadas.
- Crise económica e falta de compromiso.
- Innstabilidade en España e Brasil.
- Lexislación e burocracia.
- Falta agregar valor ao idioma galego como facilitador en lugar de barreira.

DEBILIDADES

- Falta de coñecemento, compliance e tributación, así como características específicas dos estados que forman o Brasil.
- Ausencia de marca local.
- Baixa divulgación e promoción comercial.
- Accións localizadas destinadas só a público galego e limitado.
- Descentralización das actividades

OPORTUNIDADES

- Grande potencial por explorar, en relación con outras CCA ou rexións europeas.
- Venta transversal de produtos adaptados ao mercado brasileiro.
- PEMES galegas con coñecimento técnico axeitado.
- Triangulación Galicia-Portugal
- Asociacións de Empresarios Galegos no Brasil, Comunidades locais e líderes da diáspora galega.
- Participación de España e Galicia na CPLP.

DAFO SOCIOCULTURAL

FORTALEZAS

- Posicionamento xeográfico estratégico (España -Portugal-Europa)
- Novos crecentes de relacións en todos os ámbitos
- Proximidade histórica, cultural e lingüística
- Tupida rede de actores galegos e brasileiros conectados nos ámbitos sociocultural e artístico
- Coñecemento acumulado

AMEAZAS

- Competitividade de outras rexións europeas e españolas
- Actores descentralizados e non conectados
